CINEUROPA



40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR



CINEUROPA

40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CORENTA EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

Hai corenta anos, Cineuropa iniciou en Compostela unha viaxe que acabaría por se converter nunha das citas culturais máis queridas e recoñecibles do noso Concello. Catro décadas despois, o festival é moito máis que unha sucesión de películas: é unha maneira de entender a cultura, de compartir experiencias e de mirar o mundo desde a liberdade, a curiosidade e o pensamento crítico.

Celebrarmos o seu corenta aniversario é celebrar tamén a historia dun Concello que fixo do cinema un espazo de encontro. Xeracións de espectadoras e espectadores medramos nas salas de Cineuropa, descubrimos nelas outras cinematografías, outras linguaxes e outras formas de contar a realidade. Moitas conservamos na memoria unha película, unha conversa á saída dunha proxección ou aquela primeira experiencia diante dunha pantalla que nos mudou para sempre a maneira de mirar.

Esa é, probablemente, unha das maiores conquistas do festival: ter construído ao longo dos anos unha comunidade arredor do cinema. Un público fiel, esixente e diverso que fixo súa esta cita e que continúa a darlle sentido edición tras edición. Porque Cineuropa non se explica unicamente polos filmes que proxecta, senón tamén polas persoas que ocupan as butacas, polas reflexións que esperta e polos vínculos que crea.

Mirar nunca é un acto inocente. O noso modo de ver está condicionado polo que sabemos, polo que vivimos. O cinema ten a capacidade de cuestionar esa ollada, de facernos conscientes de que toda historia se conta desde unha perspectiva e de que existen outras realidades, outras voces e outras maneiras de representalas. Ao longo destes corenta anos, Cineuropa contribuíu a ampliar o noso campo de visión, facer aparecer historias que adoitan ficar fóra do foco e amosarnos que a diversidade de ollares é unha forma de liberdade.

Nun tempo marcado pola velocidade, pola saturación de imaxes e pola tendencia a consumir a cultura de maneira cada vez máis individual, o festival reivindica a ousadía e o valor de se deter a observar con atención e facer diso unha experiencia colectiva. Porque decidir que historias se contan, quen pode contalas e que realidades merecen ser vistas é unha cuestión democrática e política.

Desde o Concello de Santiago entendemos a cultura como un dereito da cidadanía e como un elemento fundamental para construírmos unha sociedade máis libre, crítica e participativa. Nesa concepción, Cineuropa ocupa un lugar especialmente significativo. Pola súa vocación pública, pola súa aposta pola diversidade e pola súa capacidade para achegar propostas cinematográficas que dificilmente atoparían espazo nos circuítos comerciais, o festival representa unha maneira de facer cultura aberta, plural e comprometida coa cidade.

Esa pluralidade volve manifestarse nunha programación que reúne algunhas das propostas máis destacadas do cinema internacional contemporáneo. Desde os novos traballos de cineastas de traxectoria consolidada como Mike Leigh, Nanni Moretti, Mariano Llinás, Paweł Pawlikowski ou Emmanuel Marre, pasando polos filmes de Christian Mungiu, Flávia Castro, Andreï Zviaguintsev, İlker Çatak, Meritxell Colell, Teresa Villaverde, Jane Schoenbrun ou Beth de Araújo e até as voces emerxentes da sección competitiva Cineastas do Presente, Cineuropa achéganos historias que exploran a memoria, a identidade e as contradicións do noso tempo. Descubertas como *Diario de un infiltrado*, de Saúl Valverde e Samuel León, lembran o poder do cinema como ferramenta de denuncia e resistencia. Esta miniserie documental recupera a historia dun cineasta que, durante a ditadura chilena, arriscou a súa vida para documentar a represión, denunciar os abusos contra os presos e presas políticas e salvar vidas a través das súas imaxes. Son un testemuño extraordinario da valentía e do compromiso fronte á barbarie.

O cinema galego participa plenamente desa diversidade de ollares e volve ocupar un lugar destacado neste Cineuropa que acompañou durante décadas a aparición e consolidación de novas voces que transformaron a nosa cinematografía. A proxección do filme *As augas*, primeira longametraxe como directora de Ledicia Sola, que clausurará o festival, convive cos novos traballos de Alberte Pagán, Eloy Domínguez Serén, Xiana do Teixeiro ou Eloy Enciso, entre outros moitos. Son expresións diversas dun audiovisual que explora a memoria, o territorio e as identidades desde unha voz de seu, e que dialoga de igual a igual co cinema doutras latitudes.

Corenta anos de historia son unha oportunidade para recoñecer o traballo de todas as persoas que fixeron posible este percorrido: quen impulsou o proxecto nos seus comezos, os equipos que o mantiveron vivo, as e os profesionais do sector audiovisual, institucións e entidades colaboradoras como o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña ou AGADIC e, moi especialmente, ese público que durante corenta anos converteu Cineuropa nunha parte inseparable da identidade cultural de Compostela.

Mais un aniversario coma este non debe ser só unha mirada ao pasado. Os corenta anos de Cineuropa son, sobre todo, unha invitación a imaxinar o seu futuro. A seguir descubrindo novas voces, a abrir espazos para outras narrativas, a fortalecer a relación co audiovisual galego e a incorporar novas xeracións de espectadoras e espectadores a esta experiencia compartida.

Do 6 ao 22 de novembro, Compostela volverá converterse nunha cidade de cinema. As pantallas iluminaranse de novo para nos ofrecer historias capaces de emocionar, sorprender, incomodar e facer pensar. E, con elas, volverá ese ritual tan noso de entrar nunha sala sen saber exactamente que imos achar e saír dela cunha mirada distinta.

Convídovos a vivir intensamente esta edición, a descubrir películas, a recuperar a emoción dos primeiros filmes e a seguir facendo de Cineuropa ese lugar de encontro que sentimos como propio.

Porque, corenta anos despois, Cineuropa continúa a ser unha maneira de mirar o mundo. E tamén unha maneira de facer Concello.

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela

CORENTA OUTONOS ENTRE A ADICCIÓN CULTURAL E O ARREBATO

No ano 1987 houbo en Compostela unha eclipse e mais un nacemento. En marzo pechou o local nocturno Número K, por orde do efémero alcalde de Alianza Popular, Ernesto Viéitez Cortizo, que accedera ao cargo uns meses antes logo dunha moción de censura moi controvertida. A razón aducida foi que alí se facía moito ruído. Aquel novembro naceu Cineuropa, un dos froitos da política cultural de quen acababa de recuperar a alcaldía, o socialista Xerardo Estévez, que volvía ocupar o cargo por maioría absoluta tras a súa nada popular destitución.

Sempre teimei en relacionar ambos os dous acontecementos. Dalgún xeito, un e outro marcaron o comezo e o remate dunha época cultural. Pero nunca se chegaron a solapar no tempo. Os andamios do Número K foron moito máis ca un pub. Con eles erixíronse os alicerces do templo da modernidade da Galicia urbana. Nin sequera o Kremlin de Vigo chegou a facerlle sombra. O Número K era a noite en seis pisos, ou en seis dimensións, a festa dos manequíns de German Coppini e de Golpes Bajos. O K foi un circo de seis pistas no que ver e ser visto se converteu nunha cerimonia ritual. O K era un antipanóptico libérrimo no que resultaba imposible agocharse das miradas. Porque o obxectivo de ir alí era a visualización colectiva.

Coido que o Número K sería o máis semellante a un cine cunha pantalla rachada, no que se rompese o efecto da ficción e todos acabasen por confundirse. Un cine no que os que estaban dentro tamén puidesen observar a quen os miraba desde as butacas. Aínda que no Número K nunca houbo cadeiras. Ata nisto era democrático.

Cineuropa naceu cando en Compostela a fame de ver cousas novas aínda era infinita. O espellismo da modernidade aínda non se esvaecera. Viviamos alucinados baixo a cultura do simulacro, concepto que Jean Baudrillard tomou prestado do imaxinario de Jorge Luis Borges para enmarcar a hiperrealidade e reafirmar que a ficción —a representación— podía situarse por riba do real. Do mesmo xeito que sucedía no Número K, que atraeu miles de curiosos de fóra de Galicia para contemplar aquel milagre laico, Cineuropa comezou a xerar unhas filas diante da billeteira que chegaban practicamente ata a praza do Toural.

Van corenta anos desde a desaparición do K, aquel universo da metaficción. Sobre as súas ruínas erixiuse Cineuropa, que bebía daquela mesma arela de ver e ser visto unha e outra vez. De mergullarse nos segredos alleos a través de mil pantallas. Porque velaí está a base do cinema. En 1987 había un forte degoiro por descubrir as imaxes dun cinema rupturista, os fotogramas da vangarda. Asinábanos tipos como Peter Greenaway, Wim Wenders, Alain Tanner ou Krzysztof Kieślowski. Pero na Compostela daquela só se podían ver *blockbusters* dobrados ao castelán.

Por iso penso que Cineuropa naceu dunha ruptura de raíz. Respondía á necesidade de esnaquizar un pasado no que ata Juliette Binoche falaba como un señor de Albacete. O festival veu ocupar un espazo que a cidade reclamaba. Foi algo así como aqueles cines Alphaville dos que falaba unha canción de Luis Eduardo Aute. De súpeto, Compostela pasou a ser o lugar de Galicia onde se podían ver *O ceo sobre Berlín, Tres cores: azul, O ventre dun arquitecto* ou *Unha chama no meu corazón*. E, ademais, coas súas voces orixinais. E ao ritmo *non-stop* de todo un mes natural. Para moitos, o outono en novembro pasou a identificarse coas butacas do Teatro Principal. A paciencia de botar horas na cola diante do teatro tiña unha razón de ser: o cinema que ías ver constituía unha oportunidade única. O tren non volvería pasar. Non existían nin a televisión de pagamento nin, abofé, as plataformas. Tampouco había salas comerciais nas que máis adiante puidese recalar parte daquel cinema. Nesa lóxica de vender material coa exclusividade dun *dealer*, Cineuropa vivíase entre a adicción cultural e o arrebato.

Os muros caeron, pero nos noventa persistían aqueles hábitos de consumo cinematográfico salvaxe. Comezábase a proxectar *A mirada de Ulises* ás 00.45 da madrugada. Como a película de Theo Angelopoulos duraba tres horas, ás dúas e cuarto tocaba cambio de rolo na cabina de Moisés. E, nunha sala ateigada, o descanso.

Co tempo, todos os festivais, tamén Cineuropa, foron acougando os ánimos. A noite xa está marchando, como di a fermosísima película de Ezequiel Salinas e Ramiro Sonzini. Como se o ritmo do *hard rock* e os espectadores máis novos lle fosen cedendo o paso á música de cámara e a unha cinefilia máis transversal en idade. Acabaron as sesións de madrugada con *sold out*, agás a maratón, naturalmente. A nosa maratón, que dura ata que se fai de día, segue a ser hoxe a primeira sesión en esgotar as localidades ao saíren á venda. A mocidade baila.

Desde a butaca, Cineuropa é agora máis confortable. A venda de entradas por internet aforra as colas. Pero na sala de máquinas dese organismo vivo que é o festival mantemos inalterable o mesmo desexo de hai 40 anos: que agarden por esas máis de 150 películas que se van proxectar nos vindeiros días coa cobiza de atopar ese cinema imprescindible.

Como xa nos coñecemos ben, neste lado da representación cremos saber o que vostedes desexan ver antes ca case ninguén. E hai algo máis, ben importante: queremos que compartan connosco as ganas de vivir esa cerimonia da emoción compartida, a carón de moitas outras persoas. Das películas máis novas que chegan de Cannes, Venecia, Berlín, Sundance, San Sebastián ou da produción galega, garantímoslles que a colleita do 2026 é soberbia. Moito cinema *bigger than life*, no que latexa con forza o momento que vivimos. Ou, a miúdo, o pasado co que rima o noso presente, como dicía Mark Twain.

Cremos que non van botar nada en falta. Niso estivo a traballar o equipo do festival. Todo, en dezasete días e noites. E, como ao comezo desta invitación fixen referencia a Borges e ao seu concepto do simulacro, a esa idea tan cinematográfica da representación como algo indistinguible da realidade, permítome volver sobre o escritor arxentino. No programa atoparán unha película de películas titulada *Biografía de Jorge Luis Borges*, do sobranceiro cineasta arxentino Mariano Llinás. É unha das dúas ou tres obras esenciais desta tempada. Dura cinco horas e pico. Non teman: poderase ver con cómodos descansos. E, ao remate da proxección, como sei que quen consiga unha entrada non se vai dar ceibado do seu magnetismo, haberá unha celebración especial da cultura. Como se Borges, con ganas de ser visto, xa que non podía ver, lles saíse ao paso, coma un daqueles viaxeiros da noite dos que te abordaban coas intencións máis amigables nos andamios do Número K.

Que cada quen goce das súas películas. Non van ser unha nin dúas. O material que lles ofrecemos é bo dabondo como para non escatimar desprazamentos. E Cineuropa, aínda cuadraxenario, segue a ser ese tren que cómpre coller unha e outra vez. Como se non houbese un mañá.

José Luis Losa
Director Cineuropa 40



PROGRAMA POR DÍAS
PÁX. 14-19

PREMIOS CINEUROPA 2026
PÁX. 22-30

SECCIÓNS OFICIAIS
LISTAXE DE PELÍCULAS
PÁX. 34-35

PROXECCIÓNS ESPECIAIS (INAUGURACIÓN E CLAUSURA)
PÁX. 38-39

SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO. CINEASTAS DO PRESENTE
PÁX. 42-47

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA
PÁX. 50-60

PANORAMA INTERNACIONAL
PÁX. 64-67

DOCS CINEUROPA
PÁX. 70-73

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO
PÁX. 76-84

XURADO OFICIAL
PÁX. 88-89

XURADO NOVO
PÁX. 90-91

SECCIÓNS PARALELAS
LISTAXE DE PELÍCULAS
PÁX. 94-95

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA
PÁX. 98-99

FANTASTIQUE COMPOSTELA
PÁX. 102-104

MARATÓN
PÁX. 108-111

40 ANOS CINEUROPA
PÁX. 114-143

AS INMORTAIS DE HITCHCOCK
PÁX. 148-157

CINEUROPA MIÚDA
PÁX. 160

ACTIVIDADES ESPECIAIS
PÁX. 164-183

PELÍCULAS ORDENADAS ALFABETICAMENTE
PÁX. 186-189

INFO PRÁCTICA
PÁX. 192-195

EQUIPO
PÁX. 196-197

CINEUROPA 40

PROGRAMA

VENRES 6 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

19.30 SESIÓN INAUGURAL: NINA ROZA

22.30 TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA

—NUMAX

16.00 AQUÍ

19.45 AS VITRINES

22.00 SPOORLOOS / THE VANISHING / DESAPARECIDA

SÁBADO 7 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

16.00 JOSEPHINE

18.30 SUCCEDERÀ QUESTA NOTTE / IT WILL HAPPEN TONIGHT / SUCEDERÁ ESTA NOITE

20.45 FATHERLAND

22.30 NAGI DAIARÎ / NAGI NOTES

—SALÓN TEATRO

15.30 HUO ZHE / TO LIVE / VIVIR!

18.00 SPLENDOR

20.30 RIBADAFONTE + PRESENTACIÓN

22.00 TO SLEEP WITH ANGER / NUNCA TE DEITES ENFADADO

—NUMAX

15.30 AN ANGEL AT MY TABLE / UN ANXO NA MIÑA MESA

18.30 DISTANT VOICES, STILL LIVES / VOCES DISTANTES

20.15 EL MILAGRO + PRESENTACIÓN

22.15 ORLANDO

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 IL DIVO

18.00 BATALLA EN EL CIELO

20.00 A HATFUL OF RAIN / UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA

—ZONA C

18.00 TEATRO: AQUÍ E ACOLÁ · ESPECTÁCULO MUSICAL

DOMINGO 8 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

16.00 HOPE AND GLORY / ESPERANZA E GLORIA

18.30 ROSE

20.30 UN BON PETIT SOLDAT / A GOOD LITTLE SOLDIER

22.30 FIUME O MORTE!

—SALÓN TEATRO

15.45 A WORLD APART / UN MUNDO Á PARTE

18.00 NINA ROZA

20.15 PARA VIVIR. EL IMPLACABLE TIEMPO DE PABLO MILANÉS + PRESENTACIÓN

22.30 HIDDEN AGENDA / AXENDA OCULTA

—NUMAX

16.00 THE BIRDS / OS PAXAROS

18.15 PACIFIC HEIGHTS / DE SÚPETO, UN ESTRAÑO

20.15 BOSQUE ARRIBA EN LA MONTAÑA + PRESENTACIÓN

22.30 THE WRONG MAN / FALSO CULPABLE

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

12.00 CONCERTO DA BMSC: MÚSICA DE CINE. O PODER DUNHA BANDA SONORA

16.00 HAWAII / HAWAI

19.00 JUVENTUDE EM MARCHA

—ZONA C

16.30 MESA REDONDA: MEMORIAS REVELADAS: OS ARQUIVOS FÍLMICOS E A CONSTRUCIÓN DA HISTORIA

LUNS 9 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.45 DIRTY PRETTY THINGS / NEGOCIOS OCULTOS

17.45 JOSEPHINE

20.15 TENDER LOVING CARE

22.30 THE COOK, THE THIEF, HIS WIFE & HER LOVER / O COCIÑEIRO, O LADRÓN, A SÚA MULLER E O SEU AMANTE

—SALÓN TEATRO

16.00 ONCE WERE WARRIORS / GUERREIROS DE ANTANO

18.30 PRISCILIANO E A GALLAECIA + PRESENTACIÓN

19.45 TODO PODE ESPERAR + PRESENTACIÓN

22.00 SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE

—NUMAX

15.30 PICNIC

17.45 THE CHILDREN'S HOUR / A CALUMNIA

20.00 BOLIVIA, EL TIEMPO DE LOS GENERALES + PRESENTACIÓN

21.30 MARNIE / MARNIE, A LADROA

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 RED ROAD

17.45 PHOENIX

19.30 THE BABY OF MÂCON / O NENO DE MÂCON

—ZONA C

11.00 OBRADOIRO DE INVESTIGACIÓN EN ARQUIVOS CINEMATOGRÁFICOS · CON KLÁRA TRSKOVÁ

MARTES 10 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.45 HADEWIJCH

18.00 NAGI DAIARÎ / NAGI NOTES

20.30 PREMIO CINEUROPA: LAIA MARULL + LA TERRA NEGRA / A TERRA NEGRA

23.00 TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA

—SALÓN TEATRO

15.30 LES VOLEURS / THIEVES / OS LADRÓNS

18.00 WHITE MATERIAL / UNHA MULLER EN ÁFRICA

20.15 IO E TE / ME AND YOU / TI E EU

22.30 DER HIMMEL ÜBER BERLIN / WINGS OF DESIRE / O CEO SOBRE BERLÍN

—NUMAX

15.30 UNDERGROUND

18.45 DIARIO DE UN INFILTRADO + PRESENTACIÓN

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 DANS MA PEAU / IN MY SKIN / NA MIÑA PEL

17.30 BABETTES GÆSTEBUD / BABETTE'S FEAST / O FESTÍN DE BABETTE

19.30 TRUE ROMANCE / AMOR A QUEIMARROUPA

—ZONA C

11.00 OBRADOIRO DE INVESTIGACIÓN EN ARQUIVOS CINEMATOGRÁFICOS · CON KLÁRA TRSKOVÁ

MÉRCORES 11 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.30 LE HUSSARD SUR LE TOIT / THE HORSEMAN ON THE ROOF / O HÚSAR NO TELLADO

18.15 AMEN. / AMÉN.

21.00 QUAN UN RIU ESDEVÉ EL MAR / CANDO UN RÍO SE CONVERTE EN MAR

—SALÓN TEATRO

15.30 AI NO MUKIDASHI / LOVE EXPOSURE / AMOR EXPOSTO

20.00 SANGUE DEL MIO SANGUE / BLOOD OF MY BLOOD / SANGUE DO MEU SANGUE

22.15 HAPPINESS

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 LA BELLE NOISEUSE / THE BEAUTIFUL TROUBLEMAKER / A FERMOSA MENTIREIRA

20.00 SID & NANCY / SID E NANCY

XOVES 12 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.30 THE STALKING MOON / A NOITE DOS XIGANTES

17.45 SEIS MESES EN EL EDIFICIO ROSA CON AZUL

20.00 MINOTAUR / MINOTAURO

22.45 ROSE

—SALÓN TEATRO

15.30 WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU

17.45 THE SWEET HEREAFTER / O DOCE PORVIR

20.15 CONVERSATION WITH THE DEAD + PRESENTACIÓN

22.00 THE BELLY OF AN ARCHITECT / O VENTRE DUN ARQUITECTO

—NUMAX

16.00 AUTUMN LEAVES / FOLLAS DE OUTONO

18.00 VERTIGO / VERTIXE

20.30 LODEIRO + PRESENTACIÓN

21.45 SOUS LE SABLE / UNDER THE SAND / BAIXO A AREA

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 NORTH BY NORTHWEST / COA MORTE NOS TALÓNS

VENRES 13 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.30 KISS ME, STUPID / BÍCAME, PARVO

18.00 THE LONELIEST MAN IN TOWN

20.00 COWARD

22.30 JUSTA + PRESENTACIÓN

—SALÓN TEATRO

16.00 TORN CURTAIN / CORTINA ESGAZADA

18.30 LEJOS DE LOS ÁRBOLES + PRESENTACIÓN

21.30 FIUME O MORTE!

—NUMAX

15.30 SANGUE DEL MIO SANGUE / BLOOD OF MY BLOOD / SANGUE DO MEU SANGUE

17.30 L'ENFER / HELL / O INFERNO

19.30 CRÍAS + PRESENTACIÓN

22.15 SID & NANCY / SID E NANCY

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 AQUELE QUERIDO MÊS DE AGOSTO

18.30 ENTER THE VOID / ENTRAR NO BALEIRO

SÁBADO 14 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.30 MELANCHOLIA / MELANCOLÍA

18.15 KVINDE UKENDT / WOMAN UNKNOWN

20.45 SUCCEDERÀ QUESTA NOTTE / IT WILL HAPPEN TONIGHT / SUCEDERÁ ESTA NOITE

22.45 BUTTERFLY JAM

—SALÓN TEATRO

15.30 MORRER COMO UN HOMEM

18.15 JUPITER

20.15 SEIS MESES EN EL EDIFICIO ROSA CON AZUL

22.30 EL FANTASMA

—NUMAX

15.45 HAPPINESS

18.15 CAMIONERO + PRESENTACIÓN

20.30 EL MUERTO Y SER FELIZ + PRESENTACIÓN

22.30 TIDELAND

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

11.30 AS NENAS ESCRIBIMOS DIARIOS · CLUB DE DIARISTAS CON XIANA DO TEIXEIRO

12.30 TEATRO: PALABRAS NOS PETOS · ESPECTÁCULO FAMILIAR CON TERESA LARRAGA

15.30 THE MAN WHO SHOT LIBERTY VALANCE / O HOME QUE MATOU A LIBERTY VALANCE

18.00 AI NO MUKIDASHI / LOVE EXPOSURE / AMOR EXPOSTO

DOMINGO 15 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

16.00 GIOIA MIA / SWEETHEART

18.00 FATHERLAND

19.45 KARMA

22.45 CHRONOVISOR

—SALÓN TEATRO

15.30 AS BOAS MANEIRAS

18.15 ADIÓS, RÍOS + PRESENTACIÓN

20.30 DIE GÄSTE / THE GUESTS / OS INVITADOS + PRESENTACIÓN

22.45 TRAS EL CRISTAL

—NUMAX

15.45 LE HUSSARD SUR LE TOIT / THE HORSEMAN ON THE ROOF / O HÚSAR NO TELLADO

18.15 FORQUÉ. EL OFICIO DE HACER CINE + PRESENTACIÓN

20.45 BOSQUE ARRIBA EN LA MONTAÑA

22.30 THE TROUBLE WITH HARRY / PERO… QUEN MATOU A HARRY?

LUNS 16 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

16.00 MORAGHEB / FALLING HOUSE

18.30 NOTRE SALUT / A MAN OF HIS TIME / UN HOME DO NOSO TEMPO

21.30 LEJOS DE LOS ÁRBOLES

—SALÓN TEATRO

15.30 ÔDISHON / AUDITION / AUDICIÓN

17.45 EL FANTASMA

19.45 KARMA

22.45 ORLANDO

—NUMAX

16.00 THE REFLECTING SKIN / A PEL QUE BRILLA

18.00 ALÉN DOS SILENCIOS + PRESENTACIÓN

20.00 CHRONOVISOR

22.00 STAATSSCHUTZ / PROSECUTION

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 BAD LIEUTENANT / TENENTE CORRUPTO

17.45 LA BELLE NOISEUSE / THE BEAUTIFUL TROUBLEMAKER / A FERMOSA MENTIREIRA

MARTES 17 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.30 KRÓTKI FILM O MIŁOŚCI / A SHORT FILM ABOUT LOVE / NON AMARÁS

17.30 BIAN JING / BORDER

19.15 FJORD

22.00 UN BON PETIT SOLDAT / A GOOD LITTLE SOLDIER

—NUMAX

15.45 NOSSO SEGREDO

17.45 TITANIC OCEAN

20.15 HOXE E O RESTO DO MUNDO + PRESENTACIÓN

22.30 LOS DÍAS LIBRES

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 DAS LEBEN DER ANDEREN / THE LIVES OF OTHERS / A VIDA DOS OUTROS

18.15 PSYCHO / PSICOSE

20.15 DROWNING BY NUMBERS / CONSPIRACIÓN DE MUJERES

—ZONA C

10.00 XORNADA FORMATIVA AGAPI: DA MARXE AO CENTRO: PODER E CREACIÓN EN FEMININO

MÉRCORES 18 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

17.00 L'ESTRANEA / THE SPIRAL

19.30 TRALOVENTO + PRESENTACIÓN

22.30 TENDER LOVING CARE

—SALÓN TEATRO

15.30 TITANIC OCEAN

18.00 AQUÍ

22.00 SARI ZARFLAR / YELLOW LETTERS / CARTAS DE ESTADO

—NUMAX

16.00 LOS DÍAS LIBRES

17.45 STAATSSCHUTZ / PROSECUTION

20.15 EDGAR NEVILLE. EL ESPAÑOL QUE VINO DE HOLLYWOOD + PRESENTACIÓN

22.30 NOSSO SEGREDO

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 UTOMLENNYE SOLNTSEM / BURNT BY THE SUN / QUEIMADO POLO SOL

18.45 BAR BOO + PRESENTACIÓN

20.00 LA CIÉNAGA

XOVES 19 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

17.15 BUTTERFLY JAM

19.15 SOUDAIN / ALL OF A SUDDEN / DE SÚPETO

23.00 PELÍCULA SORPRESA

—SALÓN TEATRO

15.30 BIAN JING / BORDER

17.30 A MARGEM DO RIO

20.00 TODO ES CÁRCEL + PRESENTACIÓN

22.30 JUPITER

—NUMAX

18.00 BIOGRAFIA DE JORGE LUIS BORGES

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.00 TROLÖSA / FAITHLESS / INFIEL

20.00 CONCERTO REAL FILHARMONÍA DE GALICIA · THE GENERAL / O MAQUINISTA DA XENERAL

—ZONA C

12.00 MESA REDONDA: 40 ANOS DE CINEUROPA: MEMORIA DUN FESTIVAL, HISTORIA DUN CINEMA

VENRES 20 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

16.00 SARI ZARFLAR / YELLOW LETTERS / CARTAS DE ESTADO

19.30 PREMIO CINEUROPA: ROBERT GUÉDIGUIAN + UNE FEMME D'AUJOURD'HUI

22.30 MARATÓN: FLUSH + L'ESTRANEA + THE CYCLE + AQUELLA CASA EN LAS AFUERAS + DOLLY + PELÍCULA SORPRESA + EL JUEGO DEL DIABLO

—SALÓN TEATRO

16.00 A MARGEM DO RIO

18.30 THE LONELIEST MAN IN TOWN

20.15 MONSTRO + PRESENTACIÓN

22.30 EVERYBODY DIGS BILL EVANS / TODO O MUNDO QUERE A BILL EVANS

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.00 LA REINE MARGOT / QUEEN MARGOT / A RAÍÑA MARGOT

20.00 CONCERTO REAL FILHARMONÍA DE GALICIA · THE GENERAL / O MAQUINISTA DA XENERAL

SÁBADO 21 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

16.00 MOULIN

20.30 CLAUSURA + PREMIO CINEUROPA FELIPE LAGE + AS AUGAS + PRESENTACIÓN

23.00 EVERYBODY DIGS BILL EVANS / TODO O MUNDO QUERE A BILL EVANS

—SALÓN TEATRO

17.00 MARKENS GRØDE / GROWTH OF THE SOIL / A BEIZÓN DA TERRA

20.00 MINOTAUR / MINOTAURO

22.45 MORAGHEB / FALLING HOUSE

—AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.30 IDI I SMOTRI / COME AND SEE / MASACRE (VÉN E MIRA)

18.00 VICTOR/VICTORIA / VÍCTOR OU VICTORIA?

20.30 SURVEILLANCE

DOMINGO 22 DE NOVEMBRO

—TEATRO PRINCIPAL

15.30 NOTRE SALUT / A MAN OF HIS TIME / UN HOME DO NOSO TEMPO

18.30 SOUDAIN / ALL OF A SUDDEN / DE SÚPETO

22.30 COWARD


—SALÓN TEATRO

15.30 O SONHO DA RAZOM + PRESENTACIÓN

17.00 KVINDE UKENDT / WOMAN UNKNOWN

19.30 MOULIN

22.15 MARKENS GRØDE / GROWTH OF THE SOIL / A BEIZÓN DA TERRA



CINEUROPA 40

PREMIOS CINEUROPA



Felipe Lage

CINEUROPA 40 · PREMIOS CINEUROPA

No poema que escribiu para ser himno, ese que comeza identificando o noso país a través da paisaxe das árbores, o mar e o firmamento nocturno, Eduardo Pondal presenta unha dicotomía entre "os bos e xenerosos", os que comprenden e comparten con ledicia a mensaxe de esperanza e liberación, de redención do pobo, fronte aos "ignorantes e férridos e duros", os imbéciles e escuros que non entenden porque non queren entender. Porque son caciques e bestas, porque non saben doutra forma de relación humana que non consista en poñer a bota sobre a cabeza de alguén, de maneira literal ou metafórica. A chamada pondaliana *á redenzón da boa / nazón de Breogán* mantense hoxe igual de vixente e viva que cando foi escrita, alá en 1890. Segue sendo preciso rachar moitas cadeas, algunhas herdadas daquela e outras moitas que foron aparecendo, incluídas esas virtuais que nos illan en burbullas que dan ao esquecemento o mundo real. Ou será que as cadeas son sempre as mesmas, reencarnadas en diferentes avatares? Talvez na raíz do mal estivo sempre unha mesma e única cousa, un cóctel de falta de empatía polas outras persoas adubado cunha presada de desprezo pola ciencia, a cultura e a arte, o orgullo ignaro e fatal do "que inventen outros". De aí veñen a cobiza, a crueldade, o odio, o gusto case luxurioso polo castigo, a incapacidade para o perdón.

Nun tempo no que o "prime time" premia os discursos banais golsados con odio é cada vez máis doado recoñecer quen son os bos e xenerosos e quen os imbéciles e escuros. A única verdadeira polarización consiste niso, en escoller entre a decencia e a barbarie, e digámolo claro, non é nada difícil. De cando en cando podémonos equivocar, mais as máis das veces os monstros vense vir dende lonxe porque van deixando ao seu paso o regueiro de sangue da motoserra. Porén, a xente digna fai pouco ruído, móvese con discreción e entrégase sen pedir aplausos. A este valoroso clan pertence o produtor Felipe Lage, bo e xeneroso. Fai o que cre e cre no que fai e con esa actitude como guía participou na maioría das cousas importantes que aconteceron aquí no cinema nos últimos dezasete anos, dende que no 2009 naceu Zeitun Films para apadriñar un milagre chamado *Todos vós sodes capitáns*. O "novo cinema galego" medrou con el atrás como motor e compás, como práctico que fai que as embarcacións cheguen a bo porto. Do seu peito colgan fabulosas medallas: *Arraianos, Costa da Morte, O quinto evanxeo de Gaspar Hauser, Mimosas, A estrela errante, Lúa vermella*, mais tamén *Tshweesh, Sen ti* ou *A guerra de Miguel*. Ou o que é o mesmo, Oliver Laxe, Eloy Enciso, Lois Patiño, Alberto Gracia, Feyrouz Serhal e Eliane Raheb, máis agora Adrián Canoura e Eloy Domínguez Serén e todas as e todos os cineastas que han de vir. O soño dun cinema de noso capaz de medirse en igualdade de condicións coa mellor creación de autor do planeta ten en Galiza un nome e apelido, Felipe Lage. Mais, para alén diso, Felipe foi e é o faro vixía que alumea os camiños de todos os demais, o amigo sempre disposto a regalar o seu tempo e o seu coñecemento para evitarlles a outros as liñas torcidas, o negociador paciente e rigoroso afeito a lidar coas bur(r)ocracias. Un activo militante do máis valioso patriotismo, un que non pode confinarse a unha pulseira: o mesmo patriotismo dos que, de Martín Sarmiento en adiante, pensaron e traballaron para espertarmos dun sono de séculos.

Martin Pawley



Laia Marull

CINEUROPA 40 · PREMIOS CINEUROPA

Laia Marull contou que Mafalda, o personaxe do xenial debuxante arxentino Quino, foi o motor de arranque da súa decisión de dedicarse á interpretación. Isto chámase autenticidade, ausencia de impostura. Outras persoas din que a súa inspiración para seren actores ou actrices foi Meyerhold e quedan tan anchas.

Seica unha tarde Laia andaba a conversar cunhas coñecidas que comezaron a falar de faceren teatro e interpretación. Ela botou a tremer. Aquela noite refuxiouse en *Todo Mafalda,* o libro que o seu pai lle regalara dicíndolle que era máxico e que, no caso de ter algunha pregunta, el lla respondería. Así que abriu o libro ao chou e deu cunha páxina que dicía: «De non o facerdes así, que Deus nos libre da que se vai armar». Quedou petrificada, non deu durmido e, ao día seguinte, foise apuntar a teatro.

O seu primeiro traballo de relevancia sobre as táboas non foi precisamente pracenteiro nin convidaba a durmir mellor. Nunha soberbia montaxe do Teatre Lliure, interpretou a Nena, a adolescente trémula que perdía a súa virxindade co criminal Roberto Zucco, o asasino en serie sobre o que Bernard-Marie Koltès escribiu a súa obra póstuma. Naquela función, que xa é lenda, compartiu cartel con Eduard Fernández, Anna Lizaran, Jordi Bosch e Emma Vilarasau.

Vinte anos despois, no 2013, Laia Marull volveu a *Roberto Zucco.* Desta volta encarnaba a Irmá, o personaxe que coida da Nena de maneira protectora, mais severa, dentro daquela estrutura familiar opresiva e violenta.

No entanto, converteuse nun rostro moi popular en Cataluña ao protagonizar durante catro anos en TV3 a serie *Estació d'enllaç.* Se cadra foi daquela cando sentiu por primeira vez que a popularidade non lle interesaba. E aprendeu as ferramentas para arredarse dela.

A súa traxectoria demostra que é posible ser unha das actrices máis premiadas do noso cine —gañou tres Goya, nas tres categorías de interpretación: mellor actriz revelación por *Fugitivas,* no 2000; mellor actriz protagonista por *Te doy mis ojos*, no 2004; e mellor actriz secundaria por *Pa negre,* no 2011— e, asemade, seguir baixando facer a compra no seu barrio da Barceloneta sen sufrir o peso da púrpura.

No cine, puidémola ver en *Mensaka,* cun cartel de actores e actrices que é todo un retrato dunha xeración de intérpretes incipientes do noso cine: Lola Dueñas, Tristán Ulloa, Gustavo Salmerón, Adrià Collado, María Esteve e Laia. Dirixíaos Salvador García Ruiz, que volvería reunir a Laia Marull e Tristán Ulloa na moi estimable *Las voces de la noche,* no 2003.

Ese mesmo ano, Laia protagonizou *Te doy mis ojos,* xunto a Luis Tosar, baixo a dirección de Icíar Bollaín, unha sorte de frontispicio da violencia machista estrutural. Co que ten case de pedra fundacional dun cine que denunciaba unha opresión milenaria, avellentou moi ben. Eu volvina ver antes de escribir estas liñas. Proben a facelo.

Seguramente, chegara ese momento na carreira dunha actriz de estar baixo o foco central, non sen razón, pero cos riscos da sobreexposición: tes 30 anos, gañaches dous Goya e quizais decides tomalo con calma. Non se trata de fuxir do *spotlight,* senón de aliviar a presión. Para poder seguir baixando facer a compra ou tomar un café.

E volver con forzas renovadas, como unha das columnas basais da telúrica e durísima *Pa negre,* do lembrado Agustí Villaronga. Do barro e do sangue daquel drama, unha das obras que mellor amosa o que foi a paz dos cemiterios da nosa posguerra, emerxe unha das películas que acadou o cumio dos Goya. Laia obtivo o seu terceiro e compartiu esa gloria cun elenco de actrices e actores da súa xeración, como Nora Navas, e doutra que estaba a irromper daquela, encarnada na ollada perdida de Francesc Colomer.

E, de novo, a sensación de liberdade e de que as rutas alternativas son decisións na traxectoria de Laia: unha incursión no *fantastique* e no universo de Lovecraft; varios traballos valiosos dirixidos por mulleres —Roser Aguilar, Lucía Alemany, Silvia Quer, para quen encarnou a unha fulgurante Margarita Xirgu—; e unha complicidade de longo percorrido, desde o 2011 ata o presente, cun dos autores do renovado cine español, Alberto Morais, con quen compartiu *Las olas, La madre* e *La terra negra*, que poderán ver na homenaxe a Laia do Premio Cineuropa.

Nos últimos tempos produciuse tamén unha reconciliación: a da actriz coa televisión. Ao comezo da súa carreira, aprendeu canto podía desgastala aquel medio; agora, en cambio, pode habitalo desde outro lugar, nunha etapa na que moitas series teñen unha estrutura e unha creatividade propias do mellor cine. Os Javis chamárona para lle ofrecer un papel breve, pero poderosísimo, na súa obra mestra *La Mesías.* E agora mesmo poden ver a Laia nas dúas principais plataformas con *El mapa de los anhelos* e, sobre todo, coa excelente *El castillo,* dirixida por Elena Martín Gimeno e Sandra Romero. Nesta última, Laia é unha muller policía que se interna no labirinto escuro da trata de mulleres xunto ao mozo Omar Ayuso e a outro actor proteico, Raúl Arévalo, na zona de sombra. Ao principio tiña as súas reservas, pero atopou no personaxe a humanidade e a loita por conseguir que as súas investigacións saísen á luz nun *mundo macho.*

Neste traballo en *El castillo* e nos moi recentes en *La terra negra* e *Quan un riu esdevé el mar* véntase unha actriz en estado de plenitude, que xa non teme unha popularidade excesiva e que sabe que a súa contención de intérprete sabia é capaz de sobrevivir ao foco de Netflix e ao que lle boten. Está probablemente nun momento de certezas, do que o noso cinema se vai enriquecer sen dúbida, co seu talento liberado do peso de *goyas* e ouropeles.

Polo de agora poden gozar del neste Cineuropa, na beleza telúrica do seu traballo en *La terra negra,* ese neorrealismo *aggiornato* por Alberto Morais, con esa sensibilidade roselliniana coa que Laia Marull e mais Sergi López son quen de lle dar cauce, desde a suprema contención, a esa balada de perdedores e de amor aos demais.

José Luis Losa





Robert Guédiguian

© Florence Behar Aboudaram

O francés Robert Guédiguian, fillo dun armenio e dunha alemá, chegou ao noso país relativamente tarde. Foi con *Marius e Jeanette,* en 1997, cando tiña 43 anos e cinco longametraxes ás súas costas. Aquel drama de compoñente social, articulado arredor dunha historia de amor entre unha caixeira e un garda de seguridade, foi tamén a súa carta de presentación en Cineuropa, hai agora tres décadas. A película define moi ben os elementos que configuran o universo sobre o que se asenta a maior parte da súa filmografía, composta xa por 25 longametraxes. Por unha banda, un territorio perfectamente definido: o barrio costeiro de L'Estaque, unha zona de clase obreira de Marsella na que o propio cineasta medrou. Por outra, un cadro de personaxes desta mesma extracción social, a dos desfavorecidos, con existencias expostas aos embates azarosos da vida e marcadas pola precariedade, que constitúen o epicentro dramático das historias. O terceiro elemento, de enorme importancia para explicar o seu cinema, é a fidelidade a un tridente de intérpretes cos que traballa desde os seus comezos como cineasta, en 1980: a súa muller na vida real, Ariane Ascaride, e os seus amigos Gérard Meylan e Jean-Pierre Darroussin. Esa complicidade, mantida ao longo de case medio século e dunha vintena de títulos, permite que os catro aborden cada novo proxecto á maneira dunha compañía teatral. Ao mesmo tempo, dota a súa filmografía dunha identidade entendida como *work in progress,* na que o paso do tempo se vai acompasando coa propia idade duns actores aos que fomos vendo madurar obra tras obra.

Sobre eses piares tan ben definidos, en Cineuropa puidemos asistir, en sucesivas edicións do festival, á exploración dese universo Guédiguian en *À la place du coeur (De todo corazón),* na que abordaba unha historia de amor interracial entre mozos e a inmigración asociada á xenofobia, outro *leitmotiv* da súa obra; ou en *La ville est tranquille (A cidade está tranquila),* onde altera o clima de certo optimismo e solidariedade de grupo das anteriores para marcar as tintas do drama descarnado no que irrompen a adicción ás drogas, a prostitución, a violencia —cun Meylan no rol de *killer*— e a explosión da extrema dereita.

En Cineuropa 2002 recuperamos en *Mary-Jo e os seus dous amores* a atmosfera do Guédiguian máis recoñecible, con Ascaride, Darroussin e Meylan formando un triángulo amoroso. E en *O meu pai é enxeñeiro* (2004), toda a acción se conxuraba para sacar a protagonista do estado de catatonia no que caera. Outras películas de Robert Guédiguian que enriqueceron a programación do noso festival son *Lady Jane* ou *As neves do Kilimanjaro,* coa que acadou no 2011 o segundo posto na votación do Premio do Público.

E, entre medias, dúas películas que se afastaban abertamente do molde marsellés e *working class.* En *O paseante do Champ de Mars* (2005), Guédiguian compón unha afinada elexía sobre o ocaso político e vital de François Mitterrand, encarnado de maneira formidable por Michel Blanc. En *Unha historia de tolos* (2015) aborda a loita armada armenia no contexto do xenocidio cometido polos turcos.

A isto súmanse dúas das súas primeiras películas recuperadas en edicións anteriores —*Ao ataque!* e *À la vie, à la mort*—, que converten a Robert Guédiguian nun dos autores con máis presenzas en Cineuropa, só superado polo tamén francés François Ozon e polo británico Ken Loach.

É precisamente co cinema de Loach co que se ten comparado en numerosas ocasións o de Guédiguian, pois ambos os dous militan na causa dunha esquerda obreirista e expoñen, a través dos seus dramas, o desamparo ou a supervivencia entre os cascallos dunha prosperidade pasada. E non dubidan en abordar as dinámicas implacables do capitalismo que oprime os seus personaxes e a crecente deshumanización que os rodea.

Sen deixar de ser certo todo isto, tamén o é que o ton do cinema social de Guédiguian ofrece, en liñas xerais, unha natureza de conto moral que ás veces redime os seus agonistas ou lles abre unha vía de esperanza. Loach, pola contra, é bastante máis implacable no camiño cara ao *fatum* que rodea —nunha perspectiva marxista— os seus personaxes.

Como poderán comprobar tras a cerimonia do Premio Cineuropa con *Une femme aujourd'hui,* a película de Guédiguian que estrearemos en España tras o seu paso hai dous meses pola Mostra de Venecia, onde obtivo o Premio Europa Cinemas Label das Giornate degli Autori, resulta moi interesante apreciar como, nese mesmo escenario marsellés de L'Estaque, o director vai matizando a natureza dos seus conflitos en consonancia coa evolución da propia situación sociopolítica en Francia, nun contexto no que non se pode descartar a chegada á presidencia da República da ultradereitista Marine Le Pen.

Porque, desde aquel contexto xa difícil de 1997 en *Marius e Jeanette,* a deriva que sofre o seu país abórdase, coa óptica dun antigo militante comunista como Guédiguian, ás veces desde unha épica da derrota. De que outro xeito se pode ler mellor *As neves do Kilimanjaro* ca como unha especie de *western* crepuscular do comunismo, con Ariane Ascaride, Jean-Pierre Darroussin e Gérard Meylan como heroes fatigados pola vida e polo paso do tempo?

Na capacidade de Guédiguian para ir incorporando capas a medida que a realidade se transforma, *Une femme aujourd'hui* é un proteico exercicio de cinema de tese sobre as contradicións entre o novo feminismo e as engrenaxes do turbocapitalismo no que se pretende integrar a muller.

E será unha honra gozar de novo do universo Guédiguian, que nunca cae no mineral e que habita a dialéctica e a súa dramática evolución, xunto a eses tres actores que, a canda el, son xa historia viva deste festival.

José Luis Losa

COMPOSTELA CULTURA

CON
POSTEL
A CULTU
IRA

CONCELLO DE SANTIAGO



CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

PROXECCIÓNS ESPECIAIS: INAUGURACIÓN E CLAUSURA

· NINA ROZA

· AS AUGAS

SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO. CINEASTAS DO PRESENTE

· A MARGEM DO RIO

· ADIÓS, RÍOS

· BIAN JING / BORDER

· BOSQUE ARRIBA EN LA MONTAÑA

· CHRONOVISOR

· EL FANTASMA

· JUPITER

· LOS DÍAS LIBRES

· NOSSO SEGREDO

· SEIS MESES EN EL EDIFICIO ROSA CON AZUL

· STAATSSCHUTZ / PROSECUTION

· TITANIC OCEAN

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

· AQUÍ

· BUTTERFLY JAM

· COWARD

· FATHERLAND

· FJORD

· JUSTA

· KARMA

· KVINDE UKENDT / WOMAN UNKNOWN

· L'ESTRANEA / THE SPIRAL

· LEJOS DE LOS ÁRBOLES

· MARKENS GRØDE / GROWTH OF THE SOIL / A BEIZÓN DA TERRA

· MINOTAUR / MINOTAURO

· MOULIN

· NOTRE SALUT / A MAN OF HIS TIME / UN HOME DO NOSO TEMPO

· QUAN UN RIU ESDEVÉ EL MAR / CANDO UN RÍO SE CONVERTE EN MAR

· ROSE

· SARI ZARFLAR / YELLOW LETTERS / CARTAS DE ESTADO

· SOUDAIN / ALL OF A SUDDEN / DE SÚPETO

· SUCCEDERÀ QUESTA NOTTE / IT WILL HAPPEN TONIGHT / SUCEDERÁ ESTA NOITE

· TENDER LOVING CARE

· THE LONELIEST MAN IN TOWN

· UN BON PETIT SOLDAT / A GOOD LITTLE SOLDIER

PANORAMA INTERNACIONAL

· AS VITRINES

· BIOGRAFÍA DE JORGE LUIS BORGES

· EVERYBODY DIGS BILL EVANS / TODO O MUNDO QUERE A BILL EVANS

· JOSEPHINE

· MORAGHEB / FALLING HOUSE

· NAGI DAIARĪ / NAGI NOTES

· NINA ROZA

· TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA

DOCS CINEUROPA

· CAMIONERO

· DIARIO DE UN INFILTRADO

· EDGAR NEVILLE. EL ESPAÑOL QUE VINO DE HOLLYWOOD

· FIUME O MORTE!

· FORQUÉ. EL OFICIO DE HACER CINE

· HOXE E O RESTO DO MUNDO

· PARA VIVIR. EL IMPLACABLE TIEMPO DE PABLO MILANÉS

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

· ADIÓS, RÍOS

· ALÉN DOS SILENCIOS

· AS AUGAS

· BAR BOO

· CONVERSATION WITH THE DEAD

· CRÍAS

· DIE GÄSTE / THE GUESTS / OS INVITADOS

· EL MILAGRO

· HOXE E O RESTO DO MUNDO

· LODEIRO

· MONSTRO

· O SONHO DA RAZOM

· PRISCILIANO E A GALLAECIA

· RIBADAFONTE

· TODO ES CÁRCEL

· TODO PODE ESPERAR

· TRALOVENTO

Máis información en cineuropa.gal

CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

PROXECCIÓNS ESPECIAIS

INAUGURACIÓN E CLAUSURA

INAUGURACIÓN

VENRES 6, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 8, 18.00 | SALÓN TEATRO

NINA ROZA (2026)



Geneviève Dulude-De Celles
Canadá, Bulgaria, Bélxica, Italia / 103 min / Francés, búlgaro, inglés

Ficha artística:
Galin Stoev, Sofia Stanina, Ekaterina Stanina, Michelle Tzontchev, Christian Bégin, Chiara Caselli, Nikolay Mutafchiev, Tsvetan Todorov, Elena Atanasova, Svetlana Yancheva

Ficha técnica:
- **Guión:** Geneviève Dulude-De Celles
- **Fotografía:** Alexandre Nour Desjardins
- **Edición:** Damien Keyeux
- **Produción:** Fanny Drew e Sarah Mannering

Sinopse:
Mihail, un marchante de arte búlgaro afincado en Montreal, regresa á súa terra natal case tres décadas despois para investigar o caso de Nina, unha nena de oito anos que se fixo viral polas súas pinturas. O seu cometido é determinar se está ante un auténtico talento artístico ou ante unha fraude promovida pola familia para introducirse no mercado occidental. Pero a investigación levarao tamén a reencontrarse co seu pasado e a afrontar as feridas do exilio, o seu impacto na propia identidade e as consecuencias do desarraigamento na súa vida familiar.

Geneviève Dulude-De Celles é unha cineasta, guionista e produtora quebequesa afincada en Montreal. Con *La coupe* (2014) gañou o Gran Premio do Xurado á mellor curtametraxe internacional no Festival de Sundance. En 2018 dirixiu *Une colonie*, a súa primeira longametraxe de ficción, que obtivo o Oso de Cristal á mellor película na sección Xeración da Berlinale. A súa filmografía inclúe tamén dúas longametraxes documentais: *Bienvenue à F.L.* (2015) e *Les jours* (2023).

OSO DE PRATA AO MELLOR GUIÓN NA BERLINALE 2026

CLAUSURA

SÁBADO 21, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

AS AUGAS (2026)



Ledicia Sola
España / 102 min / Galego

Ficha artística:
Melania Cruz, Marta Larralde, Toni Salgado, Ledicia Sola, Lidia Veiga

Ficha técnica:
- **Guión:** Ledicia Sola
- **Fotografía:** Alberte Branco
- **Edición:** Salwa Azzam
- **Produción:** Daniel Froiz e Alfonso Zarauza

Sinopse:
A vida de Nora dá un xiro inesperado aos 43 anos. Tras romper coa súa parella, regresa ao manancial da súa infancia coa esperanza de que as súas augas a axuden a curar todos os seus males. As súas amigas Antía e Marta non están dispostas a deixala soa e, xuntas, tomarán unha decisión que o cambiará todo: reinventar a súa idea de familia e construír un novo comezo baseado na amizade.

Ledicia Sola é actriz, guionista e directora. A súa traxectoria nace do encontro entre linguaxes, corpos e emocións, cunha voz propia forxada no teatro alternativo, en procesos colectivos e en propostas de carácter persoal. Como actriz de cine, gañou o premio Mestre Mateo pola súa interpretación en *Os fenómenos* (2014) e foi finalista de novo por *Malencolía* (2021). Traballou tamén en películas e series de televisión como *A esmorga*, *El patio de mi cárcel*, *Gran Reserva*, *Vivir sin permiso*, *Amar es para siempre*, *The Mallorca Files* e *Justicia artificial*, así como en *Dos días* (2026). Mantén o seu vínculo coa creación independente e explora novas formas de expresión. *As augas* (2026) é a súa primeira longametraxe como guionista e directora.

SECCIÓN PUNTO DE ENCONTRO DA SEMINCI 2026

CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

A CONCURSO

CINEASTAS DO PRESENTE

XOVES 19, 17.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 20, 16.00 | SALÓN TEATRO

A MARGEM DO RIO (2026)

Matheus Farias e Enock Carvalho
Brasil, Alemaña / 117 min / Portugués

Ficha artística:
Caique Copque, Ítalo Martins, Artia Lauandah, Renna Costa, Robério Diógenes, Ísis Broken

Ficha técnica:
- **Guión:** Matheus Farias e Enock Carvalho
- **Fotografía:** Luciana Baseggio
- **Edición:** Matheus Farias e Will Domingos
- **Produción:** Enock Carvalho, Matheus Farias e Maurício Macêdo

Sinopse:
Izaquiel traballa como limpador en Recife. Polas noites, aventúrase perigosamente nos mangleiros en busca de encontros secretos. O seu mundo dá un xiro cando coñece a Jeremias, un pescador enigmático e magnético. Cando a violencia e o fanatismo relixioso comezan a ameazar a súa contorna, Jeremias guía a Izaquiel nunha viaxe cara ás profundidades do bosque mangleiro.

Matheus Farias e **Enock Carvalho** son cineastas, guionistas e produtores brasileiros, fundadores da produtora independente Gatopardo Filmes. Codirixiron curtametraxes como *Quarto para alugar* (2016), *Caranguejo rei* (2019) e *Inabitável* (2020), unha curtametraxe de ciencia ficción *queer* recoñecida internacionalmente e proxectada no Festival de Sundance en 2021. *A margem do rio* é a súa primeira longametraxe conxunta.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE LOCARNO 2026



DOMINGO 15, 18.15 | SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

ADIÓS, RÍOS (2026)

Sebastián Uría
España / 80 min / Galego, castelán

Ficha artística:
Amador Arias, María de la Fe Pérez, María Felicitas Herbón, Jesús Fernández «Veiguiña», Ignacio González, Johannis Hogenkamp, José Luis López, Iván Arias

Ficha técnica:
- **Guión:** Santiago Uría
- **Fotografía:** Ion de Sosa
- **Edición:** Ana María S. M. Castro
- **Produción:** Gael Herrera, Lautaro Herrera e Sebastián Uría

Sinopse:
Os últimos habitantes dunha aldea dos Ancares resisten fronte á despoboación e ao illamento. Eladio, o garda forestal da comarca, busca unha osa que deambula polo val. Cando Xacobo, un ancián do lugar, se perde no monte, os acontecementos toman un rumbo inesperado mentres se entretecen historias de coidados, perda e resistencia.

Sebastián Uría é cineasta, guionista e produtor. Coa súa primeira curtametraxe de ficción, *Saudade* (2015), obtivo premios en festivais de Europa e África. Posteriormente dirixiu *Marseille en V.O. (2016)* para o Museo das Civilizacións de Europa e do Mediterráneo (MuCEM), e realizou as curtametraxes *O paxaro afundido* (2019), *O derradeiro tiro* (2023) e *Segador* (2024). O seu cinema explora a relación entre comunidade, paisaxe e memoria, con especial atención ao abandono rural e ás tensións entre o humano e o non humano. *Adiós, ríos* é a súa primeira longametraxe.

SECCIÓN ALQUIMIAS DA SEMINCI 2026



MARTES 17, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 19, 15.30 | SALÓN TEATRO

BIAN JING / BORDER (2026)

Ah Biao
Hong Kong, Estados Unidos, Corea do Sur / 78 min / Mandarín, mongol

Ficha artística:
Zheyan Li, Feng Qi, Sanming Han, Gang Zheng, Tao Guo

Ficha técnica:
- **Guión:** Ah Biao
- **Fotografía:** Ah Biao
- **Edición:** Ah Biao, Hao Zhou e Xiaokai Ding
- **Produción:** Jenny Man Wu, Tyler Hill, Hao Zhou, Jing Yang, Xue Ma e Yaohua Li

Sinopse:
Nunha explotación mineira do norte da China, preto da fronteira con Mongolia, un mineiro frustrado vive nunha contorna hostil, marcada polo illamento e a falta de perspectivas. A súa vida crúzase coa dunha misteriosa prostituta mongola, que se move entre as paisaxes grises cunha presenza que rompe a monotonía do lugar.

Ah Biao é un cineasta chinés afincado en Bangkok. Traballou durante unha década como director de fotografía antes de debutar na dirección de longametraxes con *Bian jing.* O seu cinema explora as emocións e as relacións humanas a través das imaxes, o espazo e o tempo, afastándose das estruturas narrativas convencionais.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



DOMINGO 8, 20.15 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN
DOMINGO 15, 20.45 | NUMAX

BOSQUE ARRIBA EN LA MONTAÑA (2026)

Sofía Bordenave
Arxentina / 91 min / Castelán

Ficha artística:
Lorena Cañuqueo, Mirta Ñancunao, Joaquín Rapoport

Ficha técnica:
- **Guión:** Sofía Bordenave e Pablo Weber
- **Fotografía:** Ezequiel Salinas
- **Edición:** Pablo Weber
- **Produción:** Sofía Bordenave, Clara Massot e Manuel Rapoport

Sinopse:
En 2017, Rafael Nahuel, un mozo mapuche, foi asasinado pola Prefectura Naval arxentina na Patagonia. A partir de documentos xudiciais e arquivos oficiais, Sofía Bordenave relaciona o crime coa historia de violencia estatal e desposuimento territorial do pobo mapuche, desde a chamada Conquista do Deserto, no século XIX. O bosque convértese así en testemuña da violencia e espazo de resistencia fronte aos relatos oficiais.

Sofía Bordenave é unha cineasta e avogada arxentina especializada en dereitos humanos. A súa filmografía inclúe o documental *La suave noche* (2018), codirixido, e *Estrella roja* (2022), recoñecido co Premio da Crítica Nova á Mellor Ópera Prima no Festival Internacional de Cine de Mar del Plata. Actualmente finaliza a súa primeira longametraxe de ficción *Todos los naufragios del mundo.*



DOMINGO 15, 22.45 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 16, 20.00 | NUMAX

CHRONOVISOR (2026)

Jack Auen e Kevin Walker
Estados Unidos / 99 min / Inglés, francés, alemán, italiano

Ficha artística:
Anne-Laure Sellier, Nicholas Tebben, Nicole Dimbrowski Risser, Alex Kolodkin, José Pacheco de Almeida

Ficha técnica:
- **Guión:** Jack Auen e Kevin Walker
- **Fotografía:** Leo Zhang
- **Edición:** Jack Auen e Kevin Walker
- **Produción:** Jason Zuriff

Sinopse:
Béatrice Courte, unha académica francesa que investiga as teorías históricas da memoria, descobre o caso dun monxe beneditino que afirmaba ter inventado un dispositivo capaz de reproducir imaxes de calquera momento do pasado, incluída a crucifixión de Cristo. Obsesionada co enigmático aparello, Béatrice emprende unha investigación a través de bibliotecas e arquivos de Nova York, nun percorrido no que os límites entre historia, ciencia e ocultismo se volven cada vez máis difusos.

Jack Auen e **Kevin Walker** son un dúo de cineastas orixinarios de Baltimore e afincados en Nova York. Son membros do colectivo cinematográfico e produtora Cosmic Salon. Codirixiron curtametraxes como *Marblehead* (2021), premiada no Short Waves Festival, e *Roundabout* (2024). *Chronovisor* é a súa primeira longametraxe conxunta.



SÁBADO 14, 22.30 | SALÓN TEATRO
LUNS 16, 17.45 | SALÓN TEATRO

EL FANTASMA (2026)

David Lamelas e Ignacio Masllorens
Arxentina / 96 min / Castelán

Ficha artística:
David Lamelas, Constanza Feldman, Victoria Baldomir, Carmen Iriondo, Manuel Attwell, María José Herrera, Nicolás Giménez

Ficha técnica:
- **Guión:** Agustín Mendilaharzu, Walter Jakob e Ignacio Masllorens
- **Fotografía:** Verónica Balduzzi
- **Edición:** Ignacio Masllorens e Sofía Di Paola
- **Produción:** Laura Citarella, Tomás Guiñazú e Florencia Villegas

Sinopse:
Dúas novas produtoras reciben o encargo de realizar un documental sobre unha figura esquiva e enigmática da vangarda arxentina dos anos sesenta. O proxecto require tamén a participación de David Lamelas, unha figura destacada da arte conceptual e antigo colaborador do artista. O que comeza como un traballo ben definido, centrado en entrevistas e arquivos, convértese pouco a pouco nunha pregunta inquietante: como facer visible a alguén que escolleu desaparecer?

David Lamelas é cineasta e artista. A súa obra, que abrangue o cinema, a escultura, a *performance* e a instalación, recibiu recoñecementos como a bolsa Guggenheim e o DAAD Stipendium. Entre os seus traballos cinematográficos figuran *The invention of Dr. Morel* (2000) e *In our time* (2018). *El fantasma* é a súa primeira longametraxe.

Ignacio Masllorens é cineasta e artista. As súas películas e vídeos exhibíronse en festivais e espazos como Anthology Film Archives, a Cinemateca Francesa e a feira ARCOmadrid. Dirixiu curtametraxes como *Japonesita* (2014) e *Trainspotter* (2019), e longametraxes como *Atlas* (2021), codirixida con Guadalupe Gaona, e *Fanny camina* (2021), codirixida con Alfredo Arias.

GIORNATE DEGLI AUTORI-MOSTRA VENECIA 2026
SECCIÓN ZABALTEGI-TABAKALERA DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



SÁBADO 14, 18.15 | SALÓN TEATRO
XOVES 19, 22.30 | SALÓN TEATRO

JUPITER (2026)

Alexandre Smia
Francia / 87 min / Francés, inglés, ruso

Ficha artística:
Denis Ménochet, André Dussollier, Reda Kateb, Dominique Blanc, Ella Rumpf, Frédéric Pierrot, Céline Sallette, Cédric Kahn, Jérémy Lopez

Ficha técnica:
- **Guión:** Alexandre Smia e Thomas Finkielkraut
- **Fotografía:** Nicolas Loir
- **Edición:** Pierre Deschamps
- **Produción:** Nicolas Dumont e Hugo Sélignac

Sinopse:
O recentemente elixido presidente francés, Paul Archambault, é convocado ao búnker antinuclear Jupiter, situado baixo o palacio do Elíseo, para afrontar unha crise internacional. Tras un intento de asasinato contra o presidente ruso, Moscova culpa a Ucraína e prepárase para responder. A tensión aumenta e a ameaza dunha guerra nuclear faise inminente. Archambault e os seus asesores políticos e militares deben tomar unha decisión da que depende o destino da humanidade.

Alexandre Smia é un guionista e director francés. Desenvolveu boa parte da súa carreira no eido televisivo, con traballos en series como *Le bureau des légendes* e *Une affaire française*, da que foi creador e guionista. Tamén participou na escritura de *Si tu vois ma mère e 13 jours, 13 nuits* (2025), de Martin Bourboulon. Como cineasta, dirixiu as curtametraxes *Jeu d'esprit e La dernière nuit* (2018). *Jupiter* é a súa primeira longametraxe.

ESTREA NA SECCIÓN VENICE OPEN DO FESTIVAL DE VENECIA 2026



MARTES 17, 22.30 | NUMAX
MÉRCORES 18, 16.00 | NUMAX

LOS DÍAS LIBRES (2026)

Lucila Mariani
Arxentina, Brasil, México, Francia / 84 min / Castelán, portugués

Ficha artística:
Antonia Robolini, Luiza Quinteiro, Laura Paredes, Guillermo Berthol

Ficha técnica:
- **Guión:** Lucila Mariani
- **Fotografía:** Victoria Pereda
- **Edición:** Maximiliano Passarelli
- **Produción:** Paula Zyngierman, Tathuani Sacilotto e Jessica Luz

Sinopse:
Nun futuro próximo, durante unhas vacacións de verán interminables e ante a inminente chegada dunha eclipse solar, Bego, de 12 anos, loita por atopar o seu lugar na familia e entre as rapazas da súa idade. Mentres a lúa «eclipsa» os animais e as persoas que a rodean, Bego coñece a REN_, unha amiga virtual que a introduce no *shifting*, unha práctica coa que as adolescentes cren que poden acceder a outras realidades a través dos soños lúcidos.

Lucila Mariani é unha cineasta arxentina. Dirixiu numerosas curtametraxes seleccionadas en festivais como Locarno, Rotterdam (IFFR), New Directors/New Films, o Festival Internacional de Cinema de Mar del Plata e IndieLisboa. *Los días libres* é a súa primeira longametraxe e foi seleccionada para A Fábrica do Cinema do Festival de Cannes en 2023. Actualmente traballa no guión da súa segunda longametraxe, *Laguna Pepsi*, e no desenvolvemento da curtametraxe *Cowboy-girl*.

MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO NA SECCIÓN CINEASTAS DO PRESENTE NO FESTIVAL DE LOCARNO 2026



MARTES 17, 15.45 | NUMAX
MÉRCORES 18, 22.30 | NUMAX

NOSSO SEGREDO (2026)

Grace Passô
Brasil, Portugal / 107 min / Portugués

Ficha artística:
Efraim Santos, Flip, Jéssica Gaspar, Ju Colombo, Marisa Revert, Robert Frank, Juan Queiroz, Gláucia Vandeveld, Mateus Aleluia, Tássia Reis

Ficha técnica:
- **Guión:** Grace Passô
- **Fotografía:** Wilssa Esser
- **Edición:** Gabriel Martins e Eva Randolph
- **Produción:** Ricardo Alves Jr., Rachel Daisy Ellis, Julia Alves e Catarina Sousa

Sinopse:
Unha familia negra brasileira da cidade de Belo Horizonte tenta reconstruír o seu fogar tras unha perda recente. Incapaces de expresar o que senten, a nai e os seus fillos refúxianse nas súas rutinas individuais para fuxir do dó. Só o máis pequeno, Tutu, coñece o segredo que agocha a casa e que intenta revelar aos demais, pero ninguén o escoita. Cando finalmente se enfrontan á verdade, deberán afondar nas raíces da súa dor e unirse para atravesar este momento con amor e valentía.

Grace Passô é unha actriz, dramaturga, guionista e directora brasileira. Cunha ampla traxectoria no teatro contemporáneo, recibiu numerosos premios pola súa obra escénica e pola súa interpretación cinematográfica. Codirixiu con Ricardo Alves Jr. a mediometraxe *Vaga carne* (2019) e dirixiu a curtametraxe *República* (2020). *Nosso segredo* é a súa primeira longametraxe.

SECCIÓN PERSPECTIVAS DA BERLINALE 2026
SECCIÓN PUNTO DE ENCONTRO DA SEMINCI 2026



XOVES 12, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 14, 20.15 | SALÓN TEATRO

SEIS MESES EN EL EDIFICIO ROSA CON AZUL (2026)

Bruno Santamaría Razo
México, Brasil, Dinamarca / 105 min / Castelán

Ficha artística:
Jade Reyes, Sofía Espinosa, Lázaro Gabino, Eduardo Gómez, Valeria Vanegas, Anuar Vera, Teresa Sánchez, Valentina Cohen, Nara Carreira, Demick Lopes

Ficha técnica:
- **Guión:** Bruno Santamaría Razo
- **Fotografía:** Fernando Hernández García
- **Edición:** Andrea Rabasa Jofre, Bruno Santamaría Razo e Marília Moraes
- **Produción:** Bruna Haddad, Carlos Quiñónez e Bruno Santamaría Razo

Sinopse:
Cidade de México, comezos dos anos 90. O día que Bruno fai 11 anos namórase do seu mellor amigo, Vladimir. Esa noite, o seu pai recibe un diagnóstico de VIH positivo que transforma a vida familiar. Como nas cancións de salsa, a súa familia tenta cantar e bailar para espantar a dor. Trinta anos despois, Bruno filma e reimaxina a memoria daqueles acontecementos que, cando era neno, non chegou a comprender de todo.

Bruno Santamaría é un cineasta mexicano que no seu traballo explora a memoria, os segredos e a infancia. Traballou como director de fotografía e realizador de documentais. Con *Cosas que no hacemos* (2020) recibiu diversos recoñecementos internacionais, entre eles o premio Hugo de Ouro no Festival de Cinema de Chicago e o Gran Premio no BAFICI. *Seis meses en el edificio rosa con azul* é a súa primeira longametraxe de ficción.

SEMANA DA CRÍTICA DO FESTIVAL DE CANNES 2026
PREMIO SEBASTIANE LATINO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



LUNS 16, 22.00 | NUMAX
MÉRCORES 18, 17.45 | NUMAX

STAATSSCHUTZ / PROSECUTION (2026)

Faraz Shariat
Alemaña / 113 min / Alemán, coreano

Ficha artística:
Chen Emilie Yan, Julia Jentsch, Alev Irmak, Kotbong Yang, Arnd Klawitter, Sebastian Urzendowsky, Petra Hartung, Kathrin Angerer, Mercy Dorcas Otieno, Benjamin Radjaipour

Ficha técnica:
- **Guión:** Claudia Schaefer, Jee-Un Kim e Sun-Ju Choi
- **Fotografía:** Lotta Kilian
- **Edición:** Friederike Hohmuth
- **Produción:** Paulina Lorenz, Jorgo Narjes e Faraz Shariat

Sinopse:
A fiscal Seyo Kim decide combater a violencia da extrema dereita no leste de Alemaña. Cando ela mesma sofre un ataque racista do que consegue sobrevivir, comeza a investigar pola súa conta, desobedecendo as ordes dos seus superiores e poñendo en risco a súa vida. Ao levar un dos agresores ante a xustiza, trata de demostrar que forma parte dunha rede máis ampla de extrema dereita. A súa investigación lévaa a revisar arquivos e reabrir casos pechados, ata descubrir os vínculos entre varias testemuñas, a rede extremista e o ataque que sufriu.

Faraz Shariat é un director, guionista e produtor alemán de orixe iraniana. Cofundou en 2015 o colectivo e produtora Jünglinge Film, centrado en historias feministas, antirracistas e *queer.* A súa primeira longametraxe, *No hard feelings* (2020), recibiu, entre outros galardóns, o premio Teddy á mellor película *queer* na Berlinale. Traballou tamén na dirección de series de televisión e na produción de proxectos como *Schwarze früchte* (2024). *Prosecution* é a súa segunda longametraxe.

PREMIO DO PÚBLICO E PREMIO CICAE DA SECCIÓN PANORAMA NA BERLINALE 2026



MARTES 17, 17.45 | NUMAX
MÉRCORES 18, 15.30 | SALÓN TEATRO

TITANIC OCEAN (2026)

Konstantina Kotzamani
Grecia, Alemaña, Romanía, Francia, España / 130 min / Xaponés

Ficha artística:
Arisa Sasaki, Melina Mardini, Haruna Matsui, Masahiro Higashide, Sei Matobu, Kotone Hanase, Hanna Muro, Riku Nakamura, Aki Kigoshi

Ficha técnica:
- **Guión:** Konstantina Kotzamani
- **Fotografía:** Raphaël Vandenbussche
- **Edición:** Livia Neroutsopoulou, Vincent Tricon e Julie Wuillai
- **Produción:** Maria Drandaki, Nina Frese, Keisuke Konishi, Hiroto Ogi, Luisa Romeo e Radu Stancu

Sinopse:
Nun universo vibrante e impregnado de cultura pop, un internado xaponés forma adolescentes para converterse en sereas profesionais. Akame, de 17 anos, aprende a conter a respiración, actuar ante multitudes entregadas e nadar entre quenllas. Baixo a súa cola de serea de silicona, descubrirá a súa voz, vivirá o primeiro amor e experimentará unha metamorfose.

Konstantina Kotzamani é unha directora e guionista grega cunha filmografía que destaca pola exploración de universos oníricos, simbólicos e surrealistas. Obras como *Washingtonia* (2014) e *Limbo* (2016) recibiron premios da Academia Helénica de Cinema e foron nomeadas aos Premios do Cinema Europeo. O seu filme *Electric swan* (2019) foi recoñecido pola Asociación Francesa da Crítica como a mellor curtametraxe do ano. En 2024 presentou *What Mary didn't know.*

MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 2026
SECCIÓN UNHA CERTA OLLADA DO FESTIVAL DE CANNES 2026



CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

VENRES 6, 16.00 | NUMAX
MÉRCORES 18, 18.00 | SALÓN TEATRO

AQUÍ (2026)

Tiago Guedes
Portugal, Francia / 204 min / Castelán

Ficha artística:
Manolo Solo, Patricia López Arnaiz, Álex Peláez, Hugo Encuentra, Daniel Elías, Lambert Wilson, Sergi López, Ángela Molina

Ficha técnica:
- **Guión:** Tiago Guedes e Luís Araújo. Baseado na *Triloxía de Xesús* de J. M. Coetzee
- **Fotografía:** Daniela Cajías
- **Edición:** Jackie Bastide e Tiago Augusto
- **Produción:** Paulo Branco

Sinopse:
Nun lugar onde todos comezan de novo, sen pasado, Simón faise cargo de David, un neno que coñece durante a travesía cara a unha nova vida. Movido por unha convicción inexplicable, busca a nai do rapaz e recoñece en Inés a muller axeitada para asumir ese papel. Ela acepta e entre os tres xorde un vínculo afectivo singular, no que a idea de familia se reinventa a cada paso. Pero, nunha sociedade que impón normas e percibe a diferenza como unha ameaza, David resístese a encaixar e reivindica a imaxinación e a liberdade. A crianza convértese así nunha viaxe incerta, unha busca sen respostas na que amar tamén significa aceptar que non sempre podemos comprender o outro.

Tiago Guedes é un cineasta, guionista e director teatral portugués. Codirixiu con Frederico Serra curtametraxes e longametraxes como *Coisa ruim* (2005) e *Entre os dedos* (2008). Xa en solitario, dirixiu *A herdade* (2019), seleccionada para representar a Portugal nos Óscar, e a serie *Glória* (2021), a primeira produción portuguesa orixinal de Netflix. En 2022 presentou en Cannes *Restos do vento*.

SECCIÓN CANNES PREMIÈRE DO FESTIVAL DE CANNES 2026
SECCIÓN OFICIAL DA SEMINCI 2026



SÁBADO 14, 22.45 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 19, 17.15 | TEATRO PRINCIPAL

BUTTERFLY JAM (2026)

Kantemir Balagov
Francia, Estados Unidos / 102 min / Inglés, circasiano

Ficha artística:
Barry Keoghan, Talha Akdogan, Riley Keough, Harry Melling, Jaliyah Richards

Ficha técnica:
- **Guión:** Kantemir Balagov e Marina Stepnova
- **Fotografía:** Jomo Fray
- **Edición:** Kantemir Balagov, Mathilde Chazaud e Juliette Welfling
- **Produción:** Pascal Caucheteux, Pauline Lamy, Marco Perego e Alexander Rodnyansky

Sinopse:
Un adolescente circasiano-estadounidense de Nova Jersey compaxina o traballo no restaurante familiar, que atravesa dificultades, coas súas aspiracións na loita libre. Un día, unha decisión impulsiva do seu pai, un home afeito a buscarse a vida como pode, cambiará o rumbo da súa existencia e obrigarao a afrontar cuestións relacionadas co orgullo, o legado familiar e a masculinidade.

Kantemir Balagov é un realizador, guionista e director de fotografía ruso. Debutou na longametraxe con *Closeness* (2017), estreada na sección Unha Certa Ollada do Festival de Cannes, onde recibiu o premio FIPRESCI. A súa segunda película, *Beanpole* (2019), ambientada en Leningrado tras a Segunda Guerra Mundial, foi recoñecida co galardón á mellor dirección na mesma sección de Cannes e co premio FIPRESCI.

SECCIÓN QUINCENA DE CINEASTAS DO FESTIVAL DE CANNES 2026



VENRES 13, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 22, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

COWARD (2026)

Lukas Dhont
Bélxica, Francia, Países Baixos / 120 min / Francés, neerlandés

Ficha artística:
Emmanuel Macchia, Valentin Campagne, Willem De Schryver

Ficha técnica:
- **Guión:** Lukas Dhont e Angelo Tijssens
- **Fotografía:** Frank Van den Eeden
- **Edición:** Alain Dessauvage
- **Produción:** Michiel Dhont e Juliette Schrameck

Sinopse:
A Primeira Guerra Mundial prolóngase e Pierre, un soldado que acaba de chegar á fronte, está impaciente por amosar o seu valor. Na retagarda coñece a Francis, que decide levantar o ánimo dos seus compañeiros organizando unha representación teatral. Mentres a violencia continúa, ambos buscan o xeito de escapar da brutalidade da guerra, aínda que só sexa por un instante.

Lukas Dhont é un director e guionista belga. As súas curtametraxes *Corps perdu* e *L'Infini* recibiron diversos premios. A súa primeira longametraxe, *Girl* (2018), obtivo a Cámara de Ouro no Festival de Cannes e o premio FIPRESCI na sección Unha Certa Ollada. A súa segunda película, *Close* (2022), gañou o Gran Premio do Xurado de Cannes e foi candidata ao Óscar á mellor película internacional.

MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA (EMMANUEL MACCHIA E VALENTIN CAMPAGNE) NO FESTIVAL DE CANNES 2026



SÁBADO 7, 20.45 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 15, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL

FATHERLAND (2026)

Paweł Pawlikowski
Polonia, Alemaña, Italia, Francia / 82 min / Alemán, inglés, francés, ruso

Ficha artística:
Sandra Hüller, Hanns Zischler, August Diehl, Devid Striesow, Anna Madeley, Theo Trebs, Joanna Kulig

Ficha técnica:
- **Guión:** Paweł Pawlikowski e Henk Handloegten
- **Fotografía:** Łukasz Żal
- **Edición:** Paweł Pawlikowski e Piotr Wójcik
- **Produción:** Lorenzo Gangarossa, Dimitri Rassam, Edward Berger, Jeanne Tremsal, Ewa Puszczyńska, Mario Gianani e Lorenzo Mieli

Sinopse:
No verán de 1949, o escritor Thomas Mann, premio Nobel de Literatura, regresa a Alemaña por primeira vez desde o final da Segunda Guerra Mundial, acompañado da súa filla Erika, actriz, escritora e piloto de carreiras. A bordo dun Buick negro, emprenden unha viaxe pola Alemaña en ruínas, desde Frankfurt, baixo control estadounidense, ata Weimar, na zona soviética. Durante o percorrido, pai e filla enfróntanse ás divisións dun país marcado pola Guerra Fría e ás fracturas da súa propia familia.

Paweł Pawlikowski iniciou a súa carreira realizando documentais para televisión. En 1998 dirixiu a súa primeira longametraxe para o cinema, *The stringer*, á que seguiron *Last resort* (2000), pola que recibiu o BAFTA á mellor dirección novel, *O meu verán de amor* (2004), presentada na sección 14Plus da Berlinale, e *A muller do quinto* (2011). A consagración internacional chegou con *Ida* (2013), gañadora do Óscar á mellor película internacional e do BAFTA á mellor película de fala non inglesa. En 2018, *Cold war*, recibiu tres nominacións aos Óscar e o premio á mellor dirección no Festival de Cannes.

MELLOR DIRECCIÓN NO FESTIVAL DE CANNES 2026



MARTES 17, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL

FJORD (2026)

Cristian Mungiu
Romanía, Francia, Noruega, Suecia, Dinamarca / 146 min / Inglés, romanés, noruegués

Ficha artística:
Sebastian Stan, Renate Reinsve, Lisa Carlehed, Ellen Dorrit Petersen, Lisa Loven Kongsli, Henrikke Lund-Olsen, Vanessa Ceban

Ficha técnica:
- **Guión:** Cristian Mungiu
- **Fotografía:** Tudor Vladimir Panduru
- **Edición:** Mircea Olteanu
- **Produción:** Kristina Börjeson, Pascal Caucheteux, Adela Vrinceanu Celebidachi, Dyveke Bjørkly Graver, Emilia Haukka, Mikkel Jersin, Vincent Maraval, Cristian Mungiu, Andrea Berentsen Ottmar, Marco Perego, Katrin Pors, Jussi Rantamäki, Grégoire Sorlat, Mimmi Spång e Sean Wheelan

Sinopse:
Os Gheorghiu, unha parella romanesa-norueguesa profundamente relixiosa, instálanse nunha remota aldea dun fiorde e establecen unha estreita relación cos seus veciños, os Halberg. Os fillos de ambas as familias fanse amigos, pero a aparición de mazaduras no corpo da adolescente Elia Gheorghiu leva a comunidade a cuestionar a educación tradicional que recibe dos seus pais.

Cristian Mungiu é un director, guionista e produtor cinematográfico romanés. Debutou na longametraxe con *Occident* (2002) e consagrouse internacionalmente con *4 meses, 3 semanas e 2 días* (2007), gañadora da Palma de Ouro no Festival de Cannes. Outras obras salientables son *Máis alá dos outeiros* (2012), *Graduación* (2016) e *R.M.N.* (2022).

PALMA DE OURO E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CANNES 2026



VENRES 13, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
CON PRESENTACIÓN

JUSTA (2025)

Teresa Villaverde
Portugal, Francia / 108 min / Portugués

Ficha artística:
Betty Faria, Madalena Cunha, Filomena Cautela, Ricardo Vidal, Alexandre Batista, Robinson Stévenin, Francisco Nascimento, Anabela Moreira, João Pedro Vaz

Ficha técnica:
- **Guión:** Teresa Villaverde
- **Fotografía:** Acácio de Almeida
- **Edición:** Clara Jost e Teresa Villaverde
- **Produción:** Teresa Villaverde, Daniel Chabannes de Sars e Corentin Dong-Jin Sénéchal

Sinopse:
En 2017, unha rexión de Portugal foi devastada por grandes lumes que arrasaron bosques enteiros e acabaron con vidas humanas. Tempo despois, un pequeno grupo de superviventes intenta reconstruír a súa vida. Cada un debe afrontar os seus traumas, os seus silencios e as súas pantasmas. Pero hai experiencias que resultan imposibles de compartir para quen non as viviu.

Teresa Villaverde é guionista, directora e produtora portuguesa. Comezou a súa carreira como actriz e pasou axiña á dirección, cunha mirada marcada pola preocupación social. A súa primeira longametraxe, *A idade maior* (1991), foi presentada na Berlinale. *Três irmãos* (1994) obtivo o premio á mellor actriz no Festival de Venecia para Maria de Medeiros, e *Os mutantes* (1998), seleccionada na sección Unha Certa Ollada en Cannes, consolidou o seu recoñecemento internacional. Entre os seus filmes posteriores destacan *Transe* (2006), *Cisne* (2011) e *Colo* (2017), presentado na Berlinale. A súa obra explora a vulnerabilidade, a exclusión social e as consecuencias da violencia nas vidas cotiás.

MELLOR CONTRIBUCIÓN ARTÍSTICA E MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (MADALENA CUNHA) NO FESTIVAL DE CINEMA DE PEQUÍN 2026



DOMINGO 15, 19.45 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 16, 19.45 | SALÓN TEATRO

KARMA (2026)

Guillaume Canet
Francia / 149 min / Francés, castelán

Ficha artística:
Marion Cotillard, Denis Ménochet, Leonardo Sbaraglia, Luis Zahera, Dominique Frot, Ferran Font

Ficha técnica:
- **Guión:** Guillaume Canet e Simon Jacquet
- **Fotografía:** Benoît Debie
- **Edición:** Laure Gardette
- **Produción:** Simon Jacquet, Gregory Jankilevitsch, Ardavan Safaee, Klaudia Smieja e Geneviève Lemal

Sinopse:
Nunha aldea do norte de España, Jeanne intenta reconstruír a súa vida con Daniel, que descoñece o seu pasado turbulento. Cando Mateo, o seu afillado de seis anos, desaparece misteriosamente, a policía sospeita axiña dela. Jeanne foxe entón a Francia e refúxiase na comunidade na que medrou, dirixida por Marc. Daniel, convencido de que a muller que ama é inocente, emprende unha carreira contra o tempo para atopala antes que a policía.

Guillaume Canet é un actor, director e guionista francés. Como director, debutou coa longametraxe *Mon idole* (2002) e acadou o recoñecemento internacional con *Non Ilo digas a ninguén* (2006), pola que gañou o César á mellor dirección. Tamén dirixiu *Pequenas mentiras sen importancia* (2010), *Lazos de sangue* (2013) e *Cousas da idade* (2017). Ao longo da súa traxectoria, alternou a interpretación coa dirección e a escrita de guións, traballando en producións francesas e internacionais.

FÓRA DE COMPETICIÓN NO FESTIVAL DE CANNES 2026



SÁBADO 14, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 22, 17.00 | SALÓN TEATRO

KVINDE UKENDT / WOMAN UNKNOWN (2026)

May el-Toukhy
Dinamarca, Letonia, Suecia / 124 min / Danés

Ficha artística:
Mathilde Arcel, Carsten Bjørnlund, Thorbjørn Hedegaard, Marina Bouras, Mia Plantin, Sofia Nolsøe, Flora Yde Sander, Mikael Birkkjær, Joen Højerslev

Ficha técnica:
- **Guión:** May el-Toukhy e Maren Louise Käehne
- **Fotografía:** Jasper Spanning
- **Edición:** Rasmus Stensgaard Madsen, Anna Wistreich
- **Produción:** Mikael Rieks, Rebecka Beckman, Johanna Bergenstråhle, Kristina Börjeson, Madara Kalnina, Esko Rips e Lukas Trimonis

Sinopse:
Dinamarca, 1945. Marie, unha empregada doméstica, está a piques de casar con Christian, o rico viúvo para quen traballa. Pero agocha un segredo: durante a ocupación mantivo unha relación íntima cun soldado alemán. Cando o pasado ameaza con saír á luz, Marie fará todo o posible por preservar a súa nova posición social e construír unha vida diferente, nunha sociedade que castiga publicamente as mulleres acusadas de colaborar co inimigo.

May el-Toukhy debutou na longametraxe coa comedia romántica *Long story short* (2015), que gañou varios premios daneses. O seu segundo filme, *Raíña de corazóns* (2019), acadou o premio do público en Sundance, ademais do principal galardón de Gotemburgo á mellor película nórdica e os premios á mellor actriz e do público.

LEÓN DE OURO E COPA VOLPI Á MELLOR ACTRIZ (MATHILDE ARCEL) NO FESTIVAL DE VENECIA 2026



MÉRCORES 18, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 20, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL | MARATÓN

L'ESTRANEA / THE SPIRAL (2026)

Paolo Strippoli
Italia, Francia, Bélxica / 115 min / Italiano

Ficha artística:
Jasmine Trinca, Romana Maggiora Vergano, Adriano Giannini, Valeria Bruni Tedeschi, Gabriella Telegrafo, Mariandrea Cesari

Ficha técnica:
- **Guión:** Paolo Strippoli e Salvatore De Chirico
- **Fotografía:** Cristiano Di Nicola
- **Edición:** Federico Palmerini
- **Produción:** Ivan D'Ambrosio, Marina Marzotto, Mattia Oddone, Eva Curia, Fabio Lombardelli, Jean-Christophe Reymond e Joseph Rouschop

Sinopse:
Unha muller aparece inesperadamente na casa da súa filla para contarlle a verdade sobre a súa familia, marcada por un pacto que estableceu moitos anos atrás cunha descoñecida. O pasado irrompe no presente e altera a relación entre ambas, nunha historia na que cada decisión parece conducir de novo ao punto de partida.

Paolo Strippoli debutou na longametraxe con *A clásica historia de terror* (2021), codirixida con Roberto De Feo. Posteriormente dirixiu *Piove* (2022), un filme de terror que explora os vínculos familiares e o trauma. O seu cinema combina elementos do xénero fantástico e do terror psicolóxico cunha reflexión sobre as relacións familiares e as emocións humanas.

MELLOR ACTRIZ (JASMINE TRINCA) E MÉLIÈS DE PRATA Á MELLOR PELÍCULA EUROPEA DE XÉNERO FANTÁSTICO NO FESTIVAL DE SITGES 2026

PREMIO ARCA CINEMAGIOVANI Á MELLOR PELÍCULA ITALIANA E PREMIO GOTA VERDE NO FESTIVAL DE VENECIA 2026



VENRES 13, 18.30 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN
LUNS 16, 21.30 | TEATRO PRINCIPAL

LEJOS DE LOS ÁRBOLES (2026)

Meritxell Colell
España, Italia, Perú / 117 min / Castelán, catalán, quechua

Ficha artística:
Angélica Castelló, Ainet Jounou, José Luis López

Ficha técnica:
- **Guión:** Meritxell Colell
- **Fotografía:** Julián Elizalde
- **Edición:** Meritxell Colell e Ana Pfaff
- **Produción:** Mayca Sanz, Iris Martín-Peralta e Carolina Denegri

Sinopse:
Adela, unha artista sonora mexicana, percorre o Perú desde a selva ata os Andes xunto a Lucho, guía e tradutor. Seguindo o legado do seu avó —un republicano exiliado en México—, tece un mapa sonoro de linguas en perigo de extinción. Cando recibe noticias sobre o deterioro da saúde da súa avoa, a realidade comeza a fragmentarse. A viaxe transfórmase nun tránsito íntimo que a enfronta á memoria, ao dó, ao desarraigamento e á identidade.

Meritxell Colell é directora e montadora. A súa primeira longametraxe, *Con el viento* (2018), estreouse na Berlinale e obtivo o premio á mellor película no Festival de Málaga. En 2020 codirixiu con Lucía Vassallo *Transoceánicas* e en 2022 presentou *Dúo*, pola que recibiu o premio á mellor dirección en Málaga. Ese mesmo ano participou no proxecto Sinfonías de ciudad do CCCB con *La ciutat a la vora*.

PREMIO FIPRESCI E PREMIO XERRA DE OURO Á MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE LOCARNO 2026



SÁBADO 21, 17.00 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 22, 22.15 | SALÓN TEATRO

MARKENS GRØDE / GROWTH OF THE SOIL / A BEIZÓN DA TERRA (2026)

Hans Petter Moland
Noruega, Dinamarca, Alemaña / 155 min / Noruegués, sueco

Ficha artística:
Herbert Nordrum, Asta Kamma August, Gard B. Eidsvold, Anders Baasmo Christiansen, Bjørn Sundquist, Oddgeir Thune, Sjur Vatne Brean

Ficha técnica:
- **Guión:** Hans Petter Moland e Gard B. Eidsvold. Baseado na novela homónima de Knut Hamsun
- **Fotografía:** Oskar Dahlsbakken
- **Edición:** Linda Man
- **Produción:** Håkon Øverås, Chris Sanger e Birgitte Skov

Sinopse:
Isak, un home sen pasado, atopa nas montañas un terreo baldío, tan hostil como prometedor, onde decide asentarse. Alí coñece a Inger, unha muller solitaria e resiliente. Xuntos desafían as inclemencias da natureza, levantan unha granxa e forman unha familia ao ritmo das estacións. Pero, co paso dos anos, as adversidades, o desexo e os cambios do mundo poñen a proba a súa relación e o amor que os une.

Hans Petter Moland é un director e guionista noruegués. Debutou na longametraxe con *The last lieutenant* (1993) e consolidouse con títulos como *Zero Kelvin* (1995) e *Aberdeen* (2000). As súas películas destacan pola exploración das relacións humanas e a combinación de drama, humor negro e thriller. Entre os seus traballos máis recoñecidos figuran *A somewhat gentle man* (2010), *Un tras outro* (2014) e *Out stealing horses* (2019). Tamén dirixiu *Vinganza baixo cero* (2019), protagonizada por Liam Neeson, e recibiu o premio honorífico Amanda do cine noruegués en 2025.

CUNCHA DE PRATA Á MELLOR INTERPRETACIÓN PROTAGONISTA (ASTA KAMMA AUGUST) E PREMIO Á MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



XOVES 12, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 21, 20.00 | SALÓN TEATRO

MINOTAUR / MINOTAURO (2026)

Andreï Zviaguintsev
Francia, Alemaña, Letonia / 140 min / Ruso

Ficha artística:
Dmitriy Mazurov, Iris Lebedeva, Boris Kudrin

Ficha técnica:
- **Guión:** Andreï Zviaguintsev e Simon Lyashenko. Baseado no filme *A muller infiel* de Claude Chabrol
- **Fotografía:** Mikhail Krichman
- **Edición:** Andreï Zviaguintsev
- **Produción:** Charles Gillibert, Elisha Karmitz, Nathanaël Karmitz, Gerhard Meixner, Roman Paul, Marco Perego, Christiane Sommer e Andreï Zviaguintsev

Sinopse:
Rusia, 2022. Gleb, director e propietario dunha empresa de éxito, debe facer fronte á crecente presión corporativa e a un mundo cada vez máis inestable. O derrubamento da súa vida, coidadosamente ordenada, precipítao cara á violencia.

Andreï Zviaguintsev é un director e guionista ruso. Tras formarse en interpretación, iniciou a súa carreira como realizador de longametraxes con *O regreso* (2003), que gañou o León de Ouro no Festival de Venecia. Entre os seus filmes máis destacados figuran *Elena* (2011), *Leviatán* (2014), premiada ao mellor guión en Cannes, e *Sen amor* (2017), galardoada co Premio do Xurado no mesmo festival. A súa obra aborda as relacións familiares, os conflitos morais e as contradicións da sociedade rusa.

GRAN PREMIO NO FESTIVAL DE CANNES 2026



SÁBADO 21, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 22, 19.30 | SALÓN TEATRO

MOULIN (2026)

László Nemes
Francia / 130 min / Francés, alemán

Ficha artística:
Gilles Lellouche, Lars Eidinger, Louise Bourgoin, Marcin Czarnik, Max Warburton, Félix Lefebvre, Hortense Quentin de Gromard, Théo Costa-Marini, Izabella Caussanel

Ficha técnica:
- **Guión:** Olivier Demangel
- **Fotografía:** Mátyás Erdély
- **Edición:** Péter Politzer
- **Produción:** Alain Goldman

Sinopse:
En xuño de 1943, Jean Moulin, unha das principais figuras da Resistencia francesa, é detido mentres tenta unificar as forzas do Exército Secreto. Interrogado por Klaus Barbie, xefe da Gestapo en Lyon, vese arrastrado a un enfrontamento implacable marcado pola manipulación e a brutalidade. Comeza así a súa última batalla, da que depende o destino da Francia Libre.

László Nemes é un director e guionista húngaro. Debutou na longametraxe con *O fillo de Saúl* (2015), que gañou o Gran Premio do Xurado no Festival de Cannes e o Óscar á mellor película internacional. Posteriormente dirixiu *Atardecer* (2018) e *Orphan* (2025), obras coas que continuou explorando a memoria histórica e os conflitos da Europa do século XX.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 2026



LUNS 16, 18.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 22, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

NOTRE SALUT / A MAN OF HIS TIME / UN HOME DO NOSO TEMPO (2026)

Emmanuel Marre
Bélxica, Francia / 155 min / Francés

Ficha artística:
Swann Arlaud, Sandrine Blancke, Mathieu Perotto, Harpo Guit, Mathilde Abd El Kader, Florian Surrier

Ficha técnica:
- **Guión:** Emmanuel Marre
- **Fotografía:** Olivier Boonjing
- **Edición:** Nicolas Rumpl
- **Produción:** Sébastien Andres, François-Pierre Clavel, Jules Grange, Alice Lemaire, Alexandre Perrier, Bastien Ehouzan, Xavier Gens, Gregoire Gensollen, Marie-Ange Luciani e Philippe Martin

Sinopse:
En setembro de 1940, na Francia ocupada, instáurase o réxime de Pétain, o goberno colaboracionista coa Alemaña nazi. Henri Marre, de 49 anos, chega a Vichy sen cartos nin contactos e afastado da súa muller e dos seus fillos. Ve na nova administración a oportunidade de atopar, por fin, o lugar que merece. Na súa maleta leva o seu tratado político autopublicado, *Notre salut (A nosa salvación)*, no que defende as súas conviccións patrióticas e os seus métodos como enxeñeiro. O seu credo: «acadar a eficiencia» para sacar Francia do desastre. Pero quizais Henri busca, ante todo, escapar da súa propia derrota...

Emmanuel Marre comezou a súa carreira con curtas como *Le film de l'été* (2017), que gañou o Gran Premio do Festival de Curtametraxes de Clermont-Ferrand, e *D'un château l'autre* (2018), distinguida en Locarno. En 2021 codirixiu con Julie Lecoustre a súa primeira longametraxe, *Xeneración low cost*, presentada na Semana da Crítica de Cannes. O seu cinema combina ficción e observación documental para explorar os comportamentos individuais e os mecanismos sociais.

PREMIO AO MELLOR GUIÓN E PREMIO CST AO ARTISTA-TÉCNICO (NICOLAS RUMPL) NO FESTIVAL DE CANNES 2026



MÉRCORES 11, 21.00 | TEATRO PRINCIPAL

QUAN UN RIU ESDEVÉ EL MAR / CANDO UN RÍO SE CONVERTE EN MAR (2025)

Pere Vilà i Barceló
España / 183 min / Catalán, castelán

Ficha artística:
Claud Hernández, Àlex Brendemühl, Laia Marull, Bruna Cusí

Ficha técnica:
- **Guión:** Pere Vilà i Barceló e Laura Merino
- **Fotografía:** Ciril Barba
- **Edición:** Pere Vilà i Barceló
- **Produción:** Paula Comas e Xavier Pérez

Sinopse:
Gaia ve como a súa vida cambia tras sufrir unha agresión sexual. A experiencia aféctalle á relación co seu pai, coas amigas e consigo mesma. A súa profesora de arqueoloxía, que tamén sufriu violencia machista no pasado, ofrécelle un espazo de comprensión mutua. Como nunha escavación, Gaia terá que explorar o seu propio pasado e desenterrar capas de recordos, medos e silencios para comprender o que lle aconteceu e atopar un camiño para seguir adiante.

Pere Vilà i Barceló dirixiu curtametraxes destacadas, como *Sabi* (2005), *Desde el balcón* (2005) e *Els peixos del riu Leteo* (2005). En 2007, a súa primeira longametraxe, *Paso a nivel*, foi seleccionada en festivais como os de Rotterdam e San Sebastián. A súa segunda longametraxe de ficción, *A lapidación de Saint Étienne* (2012), obtivo o premio FIPRESCI na SEMINCI de Valladolid. En 2014 estreou *A fosa*, seleccionada nos festivais de Sevilla, Las Palmas e D'A, e en 2015 regresou á competición da SEMINCI con *A arteria invisible*, tamén seleccionada en Tallin e Montreal. En 2018 dirixiu *O vento é isto.*

VIOLETA DE OURO Á MELLOR PELÍCULA, MELLOR GUIÓN E MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA (ÀLEX BRENDEMÜHL) NO FESTIVAL CINESPAÑA DE TOULOUSE 2025

MELLOR ACTOR (ÀLEX BRENDEMÜHL) NO FESTIVAL DE KARLOVY VARY 2025



DOMINGO 8, 18.30 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 12, 22.45 | TEATRO PRINCIPAL

ROSE (2026)

Markus Schleinzer
Austria, Alemaña, Francia / 94 min / Alemán

Ficha artística:
Sandra Hüller, Caro Braun, Godehard Giese, Augustino Renken, Robert Gwisdek, Maria Dragus, Annalisa Hohl, Maurice Leonhard

Ficha técnica:
- **Guión:** Markus Schleinzer e Alexander Brom
- **Fotografía:** Gerald Kerkletz
- **Edición:** Hansjörg Weißbrich
- **Produción:** Johannes Schubert, Philipp Worm, Tobias Walker e Karsten Stöter

Sinopse:
En plena guerra dos Trinta Anos, un misterioso soldado chega a unha remota aldea protestante e afirma ser o herdeiro dunha granxa abandonada. A súa valentía e determinación permiten que se vaia integrando na comunidade, pero agocha un segredo: Rose é unha muller que leva anos vivindo baixo unha identidade masculina. Para conseguir o recoñecemento e a liberdade que desexa, terá que afrontar as convencións dunha sociedade que non acepta facilmente quen transgrede as súas normas.

Markus Schleinzer é un director, guionista e actor austríaco. Traballou durante 17 anos como director de casting, colaborando con cineastas como Michael Haneke e Ulrich Seidl. Debutou na longametraxe con *Michael* (2011), estreada na sección Unha Certa Ollada de Cannes, e posteriormente realizou *Angelo* (2018), tamén presentada en festivais internacionais. O seu cinema explora as relacións de poder, a violencia e os mecanismos de exclusión social.

OSO DE PRATA Á MELLOR INTERPRETACIÓN PROTAGONISTA (SANDRA HÜLLER) NA BERLINALE 2026

SECCIÓN OFICIAL DA SEMINCI 2026



MÉRCORES 18, 22.00 | SALÓN TEATRO
VENRES 20, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

SARI ZARFLAR / YELLOW LETTERS / CARTAS DE ESTADO (2026)

İlker Çatak
Alemaña, Francia, Turquía / 128 min / Turco

Ficha artística:
Özgü Namal, Tansu Biçer, Leyla Smyrna Cabas, İpek Bilgin, Aydın Işık, Aziz Çapkurt, Yusuf Akgün, Uygar Tamer, Jale Arıkan, Seda Türkmen

Ficha técnica:
- **Guión:** İlker Çatak, Ayda Meryem Çatak e Enis Köstepe
- **Fotografía:** Judith Kaufmann
- **Edición:** Gesa Jäger
- **Produción:** Ingo Fliess, Eliott Khayat, Enis Köstepen, Nadir Öperli, Caroline Benjo e Carole Scotta

Sinopse:
Derya e Aziz son unha recoñecida parella de artistas teatrais que vive en Ankara coa súa filla adolescente. Tras un incidente durante a estrea da súa última obra, ambos convértense en obxectivos das autoridades e perden o traballo. Obrigados a trasladarse a Istambul, á casa da nai de Aziz, deben afrontar a precariedade económica e as consecuencias da persecución política. Mentres intentan manter os seus principios nunha situación cada vez máis difícil, a presión pon a proba o seu matrimonio e a relación coa súa filla.

İlker Çatak é un director e guionista alemán de orixe turca. É coñecido polo seu traballo no cinema contemporáneo, cun enfoque en temas sociais e humanos de gran calado e profundidade. Na súa filmografía figuran longametraxes coma *Once upon a time… indianerland* (2017), *I was, I am, I will be* (2019) e *A sala de profesores* (2023), que acadou un amplo recoñecemento internacional e foi candidata ao Óscar á mellor película internacional.

OSO DE OURO E PREMIO GILDE NA BERLINALE 2026



XOVES 19, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 22, 18.30 | TEATRO PRINCIPAL

SOUDAIN / ALL OF A SUDDEN / DE SÚPETO (2026)

Ryūsuke Hamaguchi
Francia, Xapón, Alemaña, Bélxica / 196 min / Francés, xaponés

Ficha artística:
Virginie Efira, Tao Okamoto, Kyôzô Nagatsuka, Kodai Kurosaki, Jean-Charles Clichet, Marie Bunel

Ficha técnica:
- **Guión:** Ryūsuke Hamaguchi e Léa Le Dimna
- **Fotografía:** Alan Guichaoua
- **Edición:** Azusa Yamazaki
- **Produción:** Renan Artukmaç, Bettina Brokemper, Charlotte Dauphin, Julien Deris, David Gauquié, Hiroko Matsuda, Jean-Luc Ormières, Kôsuke Oshida, Joseph Rouschop e Yûji Sadai

Sinopse:
Marie-Lou, directora dunha residencia de maiores, tenta implantar un modelo de atención baseado na escoita e no respecto á dignidade, malia as resistencias do seu equipo. O encontro con Mari, unha directora teatral que loita contra o cancro, dará lugar a unha profunda amizade que as levará a afrontar xuntas o imposible.

Ryūsuke Hamaguchi acadou recoñecemento internacional con *Happy hour* (2015) e *Asako I & II* (2018). En 2021, *A ruleta da fortuna e da fantasía* gañou o Gran Premio do Xurado na Berlinale, e *Drive my car* obtivo o premio ao mellor guión en Cannes e o Óscar á mellor película internacional. Con *O mal non existe* (2023), recibiu o Gran Premio do Xurado en Venecia. A súa filmografía explora as relacións humanas e a complexidade dos sentimentos.

MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA (VIRGINIE EFIRA E TAO OKAMOTO) NO FESTIVAL DE CANNES 2026

PREMIO RTVE-OUTRA OLLADA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



SÁBADO 7, 18.30 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 14, 20.45 | TEATRO PRINCIPAL

SUCCEDERÀ QUESTA NOTTE / IT WILL HAPPEN TONIGHT / SUCEDERÁ ESTA NOITE (2026)

Nanni Moretti
Italia, Francia, España / 103 min / Italiano, inglés, francés

Ficha artística:
Louis Garrel, Jasmine Trinca, Angela Finocchiaro, Elena Lietti, Antonio De Matteo, Andrea Lattanzi, Hippolyte Girardot, Pietro Ragusa, Paolo Sassanelli

Ficha técnica:
- **Guión:** Federica Pontremoli, Valia Santella e Nanni Moretti. Inspirado libremente en relatos da colección *Hungry heart* de Eshkol Nevo
- **Fotografía:** Francesco Di Giacomo
- **Edición:** Clelio Benevento
- **Produción:** Nanni Moretti e Domenico Procacci

Sinopse:
Mentres Matteo xoga ao tenis, Greta, vestida de noiva, irrompe na pista e desafíao a un partido. Durante sete anos, el non deixará de pensar nela, pero o destino parece empeñado en impedir que os seus camiños volvan cruzarse. Ata que, quizais, chega o momento de reencontrarse. Sucederá esta noite?

Nanni Moretti é unha das figuras máis destacadas do cinema italiano contemporáneo. Entre os seus filmes máis recoñecidos figuran *Ecce bombo* (1978), *Bianca* (1984), *A misa terminou* (1985), *Caro diario* (1993), *Aprile* (1998), *A habitación do fillo* (2001), *Habemus Papam* (2011), *Mia madre* (2015) e *O sol do futuro* (2023). Recibiu o premio á mellor dirección no Festival de Cannes por *Caro diario* e a Palma de Ouro por *A habitación do fillo.*

PREMIO PELÍCULA DE OURO AO MELLOR OPERADOR DE CÁMARA (LUIGI ANDREI) NA MOSTRA DE VENECIA 2026



LUNS 9, 20.15 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 18, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

TENDER LOVING CARE (2026)

Mike Leigh
Reino Unido / 107 min / Inglés

Ficha artística:
Kate O'Flynn, Alice Bailey Johnson, Marion Bailey, Paul Jesson, Tilly Vosburgh, Alan Williams

Ficha técnica:
- **Guión:** Mike Leigh
- **Fotografía:** Lucy Bristow
- **Edición:** Tania Reddin
- **Produción:** Georgina Lowe e Sally Lynn

Sinopse:
Tras o fracaso da súa última relación amorosa, Amy volve vivir coa súa mellor amiga, Rosie, unha muller alegre que traballa nos servizos sociais. Mentres acompañan persoas en situación de vulnerabilidade, Amy tamén debe afrontar a fraxilidade dos seus pais, xa maiores. Unha película luminosa e tenra sobre a importancia dos coidados, a amizade e a solidariedade.

Mike Leigh é unha das figuras máis destacadas do realismo social no cinema europeo. A súa filmografía retrata a vida cotiá, as relacións humanas e as desigualdades sociais, cun método de traballo baseado na improvisación coas intérpretes e os intérpretes. Entre os seus filmes máis recoñecidos figuran *Segredos e mentiras* (1996), gañadora da Palma de Ouro en Cannes, *O segredo de Vera Drake* (2004), que obtivo o León de Ouro en Venecia, *Another year* (2010) e *A miña única familia* (2024).

CUNCHA DE OURO Á MELLOR PELÍCULA, PREMIO DO XURADO AO MELLOR GUIÓN E CUNCHA DE PRATA Á MELLOR INTERPRETACIÓN PROTAGONISTA (KATE O'FLYNN) NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



VENRES 13, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 20, 18.30 | SALÓN TEATRO

THE LONELIEST MAN IN TOWN (2026)

Tizza Covi e Rainer Frimmel
Austria / 86 min / Alemán

Ficha artística:
Alois Koch, Brigitte Meduna, Alfred Blechinger, Flurina Schneider

Ficha técnica:
- **Guión:** Tizza Covi
- **Fotografía:** Rainer Frimmel
- **Edición:** Tizza Covi e Emily Artmann
- **Produción:** Tizza Covi e Rainer Frimmel

Sinopse:
Al Cook vive rodeado de recordos. O seu apartamento está ateigado de libros, cintas de vídeo e discos de vinilo: vestixios dunha vida que viviu plenamente. Aquí, o tempo parece deterse mentres, máis alá destas catro paredes, o mundo segue adiante. Cando unha inmobiliaria sen escrúpulos decide derrubar a súa casa, arrebátalle o seu refuxio. Mentres Al debe desprenderse dos seus tesouros un a un, formúlase unha pregunta dolorosa: como seguir adiante cando os recordos son o único que queda? Ante a perda total, elixe comezar de novo de maneira radical.

Tizza Covi e **Rainer Frimmel** son unha parella de cineastas que traballan conxuntamente desde finais dos anos noventa. Debutaron na longametraxe con *Little girl (*2009), que recibiu o premio Label Europa Cinemas na Quincena de Cineastas de Cannes. En 2012 dirixiron *The shine of day*, pola que Walter Saabel obtivo o premio ao mellor actor no Festival de Locarno. *Mister Universo* (2016) recibiu o premio FIPRESCI en Locarno. Posteriormente realizaron *Notes from the underworld* (2020), seleccionada en Panorama Documental da Berlinale, onde obtivo unha mención especial. En 2022 presentaron *Vera* na sección Horizontes de Venecia, onde recibiron os premios á mellor dirección e á mellor actriz.

SECCIÓN OFICIAL NA BERLINALE 2026
SECCIÓN ZABALTEGI-TABAKALERA DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



DOMINGO 8, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 17, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL

UN BON PETIT SOLDAT / A GOOD LITTLE SOLDIER (2026)

Stéphane Brizé
Francia / 102 min / Francés

Ficha artística:
Alba Rohrwacher, Vincent Lindon, David Talbot, Adrien Bobinet, Sharif Andoura

Ficha técnica:
- **Guión:** Stéphane Brizé, Coralie Amédéo e Olivier Gorce
- **Fotografía:** Antoine Héberlé
- **Edición:** Géraldine Mangenot
- **Produción:** Sidonie Dumas

Sinopse:
Carla acaba de incorporarse ao departamento de recursos humanos dunha gran compañía de seguros coa misión de recuperar a confianza do persoal. Porén, as esixencias do seu xefe e da empresa axiña entran en conflito con ese obxectivo e obrígana a tomar decisións cada vez máis difíciles. Ata onde estará disposta a chegar para conservar o seu posto de traballo?

Stéphane Brizé iniciou a súa carreira cinematográfica coas curtametraxes *Bleu dommage* (1993) e *L'oeil qui traîne* (1996), antes de debutar na longametraxe con *O azul das cidades* (1999). A súa filmografía aborda con frecuencia os conflitos sociais e laborais, así como os dilemas morais e persoais dos seus protagonistas. Entre os seus títulos máis destacados figuran *Mademoiselle Chambon* (2009), *Algunhas horas de primavera* (2012), *A lei do mercado* (2015), *En guerra* (2018) e *Un novo mundo* (2021).

MELLOR GUIÓN E PREMIO INTERFILM AO DIÁLOGO INTERRELIXIOSO NO FESTIVAL DE VENECIA 2026



A CULTURA É UN DEREITO
DACORUNA.GAL
Deputación DA CORUÑA

CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

PANORAMA INTERNACIONAL

VENRES 6, 19.45 | NUMAX

AS VITRINES (2025)

Flávia Castro
Brasil / 110 min / Portugués, castelán

Ficha artística:
Gael Nórdio, Helena O'Donnell, Ema Castro Pérez, Letícia Colin, Roberto Birindelli, Gabriel Godoy, Marina Provenzzano, Marcos de Andrade, Eduardo Paxeco

Ficha técnica:
- **Guión:** Flávia Castro
- **Fotografía:** Heloísa Passos
- **Edición:** Marilia Moraes
- **Produción:** Flávia Castro, Marcello Ludwig Maia e Ilda Santiago

Sinopse:
Chile, 1973. Pouco despois do golpe militar de Pinochet, centos de militantes de esquerda latinoamericanos refúxianse na embaixada arxentina á espera dun visado para abandonar o país. Para Pedro e Ana, de 12 e 11 anos, respectivamente, este confinamento forzoso convértese nun paréntese temporal. Xuntos experimentan unha liberdade inesperada, mentres intentan afrontar as rupturas que o golpe provocou nas súas vidas.

Flávia Castro, cineasta brasileira criada no exilio, traballa entre o documental e a ficción. Debutou na longametraxe con *Diário de uma busca* (2011), documental premiado en numerosos festivais internacionais. A súa primeira ficción, *Deslembro* (2018), estreouse na sección Horizontes do Festival de Venecia. Con *As vitrines*, continúa a exploración da memoria, o exilio e as consecuencias das ditaduras latinoamericanas.



XOVES 19, 18.00 | NUMAX

BIOGRAFÍA DE JORGE LUIS BORGES (2026)

Mariano Llinás
Arxentina / 330 min / Castelán

Ficha artística:
Mariano Llinás, Ernesto Montequín, Laura Paredes, Nicolás Helft, Pablo Dacal, Milva Leonardi

Ficha técnica:
- **Guión:** Mariano Llinás
- **Fotografía:** Agustín Mendilaharzu
- **Edición:** Ignacio Codino
- **Produción:** Laura Citarella, Mariano Llinás, Agustín Mendilaharzu, Alejo Moguillansky e Ezequiel Pierri

Sinopse:
A partir dunha revisión exhaustiva dos documentos que deixou Jorge Luis Borges, dos libros que leu e dos lugares que percorreu, Mariano Llinás emprende unha investigación para descifrar a vida do escritor arxentino. A través de manuscritos, poemas, fotografías e obxectos, o cineasta constrúe un retrato que explora a relación entre a literatura, a memoria e a experiencia vital, nunha viaxe que percorre diferentes lugares do mundo e se perde polos labirintos da obra borgeana.

Mariano Llinás é un dos cineastas destacados do Novo Cinema Arxentino. A súa filmografía, de carácter experimental e literario, inclúe títulos como *Historias extraordinarias* (2008), *La flor* (2018) e *Clorindo Testa* (2022). Xunto a Laura Citarella, Alejo Moguillansky e Agustín Mendilaharzu, forma parte da produtora independente El Pampero Cine. En 2011 obtivo o Premio Konex como un dos cinco mellores directores de cine da década na Arxentina.

FÓRA DE COMPETICIÓN NO FESTIVAL DE VENECIA 2026
SECCIÓN TEMPO DE HISTORIA DA SEMINCI 2026



VENRES 20, 22.30 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 21, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL

EVERYBODY DIGS BILL EVANS / TODO O MUNDO QUERE A BILL EVANS (2026)

Grant Gee
Irlanda, Reino Unido / 102 min / Inglés

Ficha artística:
Anders Danielsen Lie, Bill Pullman, Laurie Metcalf, Barry Ward, Valene Kane, Katie McGrath

Ficha técnica:
- **Guión:** Mark O'Halloran
- **Fotografía:** Piers McGrail
- **Edición:** Adam Biskupski
- **Produción:** Janine Marmot e Alan Maher

Sinopse:
Nova York, xuño de 1961. O pianista de jazz Bill Evans forma o trío perfecto co batería Paul Motian e o contrabaixista Scott LaFaro, a súa alma xemelga musical. Durante unha serie de concertos no Village Vanguard, gravan dous discos fundamentais na historia do jazz. Dez días despois, LaFaro morre nun accidente de tráfico. Afundido pola dor, Evans deixa de tocar o piano. A película retrata o período de dó e illamento que segue á perda, así como o difícil camiño de regreso á música.

Grant Gee é un director británico especializado en documentais. A súa triloxía sobre literatura e memoria inclúe *Patience (After Sebald)* (2012), Innocence of memories (2015) e *The gold machine* (2022). Tamén dirixiu os documentais musicais *Meeting people is easy* (1998), sobre Radiohead, e *Joy Division* (2007). Colabora habitualmente coa directora teatral Katie Mitchell en proxectos teatrais e operísticos. *Todo o mundo quere a Bill Evans* (2026) é a súa primeira longametraxe de ficción.

OSO DE PRATA Á MELLOR DIRECCIÓN NA BERLINALE 2026



SÁBADO 7, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 9, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL

JOSEPHINE (2026)

Beth de Araújo
Estados Unidos / 121 min / Inglés

Ficha artística:
Mason Reeves, Channing Tatum, Gemma Chan, Philip Ettinger, Syra McCarthy, Eleanore Pienta

Ficha técnica:
- **Guión:** Beth de Araújo
- **Fotografía:** Greta Zozula
- **Edición:** Anisha Acharya, Nico Leunen e Kyle Reiter
- **Produción:** Joshua Beirne-Golden, Gemma Chan, Beth de Araújo, David Kaplan, Emanuel Nunez, Josh Peters, Jordan Rapaport, Mark H. Rapaport, Marina Stabile, Channing Tatum e Crystine Zhang

Sinopse:
Josephine, unha nena de oito anos, presencia accidentalmente unha violación nun parque de San Francisco. Incapaz de comprender o sucedido e de recuperar a sensación de seguridade, comeza a manifestar comportamentos violentos e paranoicos. Mentres o trauma altera a súa vida e a da súa familia, os seus pais tentan axudala a afrontar o ocorrido e atopar unha maneira de recuperar a confianza nun mundo que xa non percibe como seguro.

Beth de Araújo é unha cineasta e guionista estadounidense de orixe brasileira e chinesa. Foi incluída na lista de *Filmmaker Magazine* das 25 novas voces do cinema independente. A súa primeira longametraxe, *O club do odio* (2022), estreouse no festival SXSW e valeulle unha candidatura ao premio Gotham á dirección revelación.

GRAN PREMIO DO XURADO E O PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE SUNDANCE 2026
PREMIO DE CINEMA E INFANCIA RTVE & UNICEF ESPAÑA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



LUNS 16, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 21, 22.45 | SALÓN TEATRO

MORAGHEB / FALLING HOUSE (2026)

Mohsen Gharaei
Irán, Estados Unidos, Alemaña / 124 min / Persa

Ficha artística:
Farhad Aslani, Laleh Marzban, Rima Raminfar, Elena Khakbazan

Ficha técnica:
- **Guión:** Amir Mohammad Abdi e Mohsen Gharaie
- **Fotografía:** Farshad Mohammadi
- **Edición:** Emad Khodabakhsh e Evelyn Rack
- **Produción:** Daya Fernandez, Milad Khosravi, Amaury Nolasco, Odessa Rae e Alois Rubenbauer

Sinopse:
Unha familia humilde dos arredores de Teherán enfróntase á inminente demolición da súa casa, afectada por un proxecto de renovación urbanística. Mentres, o pai, Rashid, funcionario de prisións, é acusado de corrupción e descobre que a súa filla maior, Ensi, planea en secreto abandonar Irán para traballar como modelo. A medida que as escavadoras se achegan, a tensión no fogar vai en aumento.

Mohsen Gharaie debutou na longametraxe como codirector de *Don't be tired!* (2013), con Afshin Hashemi, e asinou o seu primeiro filme en solitario con *Blockage* (2017), gañador do premio á mellor película na sección Novas Correntes do Festival de Busan. En 2019, coescribiu *Castle of dreams*, premiada polo seu guión no Festival de Fajr. Posteriormente, dirixiu *Majority* (2021), recoñecida con varios galardóns no mesmo certame.

PREMIO HORIZONTES Á MELLOR ACTRIZ (LALEH MARZBAN) NO FESTIVAL DE VENECIA 2026



SÁBADO 7, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 10, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL

NAGI DAIARĪ / NAGI NOTES (2026)

Kōji Fukada
Xapón, Francia, Singapur, Filipinas / 110 min / Xaponés

Ficha artística:
Takako Matsu, Shizuka Ishibashi, Ken'ichi Matsuyama, Waku Kawaguchi, Kiyora Fujiwara

Ficha técnica:
- **Guión:** Kōji Fukada. Inspirado na obra teatral *Tokyo notes* de Oriza Hirata
- **Fotografía:** Hidetoshi Shinomiya
- **Edición:** Sylvie Lager
- **Produción:** Atsuko Ohno, Ryo Nagai e Michiaki Tsunoda

Sinopse:
Yoriko, unha escultora que vive na vila rural de Nagi, recibe a visita da súa amiga Yuri, unha arquitecta de Toquio recentemente divorciada e antiga cuñada súa. Durante a súa estadía, Yuri posa para unha obra de Yoriko e ambas comparten conversas sobre as súas vidas, as relacións pasadas e as incertezas do futuro.

Kōji Fukada iniciou a súa formación cinematográfica en 1999. A súa filmografía inclúe *Au revoir l'été* (2013) e *Harmonium* (2016), que gañou o Premio do Xurado da sección Unha Certa Ollada de Cannes, *A girl missing* (2019), *Love life* (2022) e *Love on trial* (2025). En recoñecemento á súa traxectoria, Francia nomeouno Cabaleiro da Orde das Artes e das Letras.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 2026



VENRES 6, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 8, 18.00 | SALÓN TEATRO

NINA ROZA (2026)

Geneviève Dulude-De Celles
Canadá, Bulgaria, Bélxica, Italia / 103 min / Francés, búlgaro, inglés

Ficha artística:
Galin Stoev, Sofia Stanina, Ekaterina Stanina, Michelle Tzontchev, Christian Bégin, Chiara Caselli, Nikolay Mutafchiev, Tsvetan Todorov, Elena Atanasova, Svetlana Yancheva

Ficha técnica:
- **Guión:** Geneviève Dulude-De Celles
- **Fotografía:** Alexandre Nour Desjardins
- **Edición:** Damien Keyeux
- **Produción:** Fanny Drew e Sarah Mannering

Sinopse:
Mihail, un marchante de arte búlgaro afincado en Montreal, regresa á súa terra natal case tres décadas despois para investigar o caso de Nina, unha nena de oito anos que se fixo viral polas súas pinturas. O seu cometido é determinar se está ante un auténtico talento artístico ou ante unha fraude promovida pola familia para introducirse no mercado occidental. Pero a investigación levarao tamén a reencontrarse co seu pasado e a afrontar as feridas do exilio, o seu impacto na propia identidade e as consecuencias do desarraigamento na súa vida familiar.

Geneviève Dulude-De Celles é unha cineasta, guionista e produtora quebequesa afincada en Montreal. Con *La coupe* (2014) gañou o Gran Premio do Xurado á mellor curtametraxe internacional no Festival de Sundance. En 2018 dirixiu *Une colonie*, a súa primeira longametraxe de ficción, que obtivo o Oso de Cristal á mellor película na sección Xeración da Berlinale. A súa filmografía inclúe tamén dúas longametraxes documentais: *Bienvenue à F.L.* (2015) e *Les jours* (2023).

OSO DE PRATA AO MELLOR GUIÓN NA BERLINALE 2026



VENRES 6, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 10, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL

TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA (2026)

Jane Schoenbrun
Estados Unidos, Canadá / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Hannah Einbinder, Gillian Anderson, Amanda Fix, Arthur Conti, Eva Victor, Zach Cherry, Sarah Sherman, Patrick Fischler, Dylan Baker, Jasmin Savoy Brown, Quintessa Swindell, Kevin McDonald, Jack Haven

Ficha técnica:
- **Guión:** Jane Schoenbrun
- **Fotografía:** Eric K. Yue
- **Edición:** Graham Mason
- **Produción:** Dede Gardner e Jeremy Kleiner

Sinopse:
Tras anos de secuelas mediocres e cunha comunidade de seguidores cada vez máis reducida, a franquía de terror Campamento Miasma queda en mans dunha nova directora decidida a revitalizala. Cando visita a actriz que protagonizou a película orixinal, agora afastada da vida pública e envolta nunha aura de misterio, ambas mergúllanse nun universo de desexo, medo e delirio bañado en sangue.

Jane Schoenbrun desenvolve unha obra marcada pola identidade *queer*, a cultura popular e a relación entre a adolescencia e os medios audiovisuais. A súa primeira longametraxe de ficción, *We're all going to the world's fair* (2021), estreouse no Festival de Sundance. Con *O brillo da televisión* (2024), acadou recoñecemento internacional.

PALMA QUEER NO FESTIVAL DE CANNES 2026
PREMIO ZABALTEGI-TABAKALERA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

DOCS CINEUROPA

SÁBADO 14, 18.15 | NUMAX
CON PRESENTACIÓN

CAMIONERO (2026)

Francisco Marise
España, Arxentina / 85 min / Castelán

Participan:
Gabriel Bueno, Walter Alberto Romairone, Alejandro Rinaldi, Hugo Américo Bullón, Leandro Menéndez

Ficha técnica:
- **Guión:** Javier Rebollo e Francisco Marise
- **Fotografía:** Jorge Rojas
- **Edición:** Mayra Morán e Francisco Marise
- **Produción:** Olmo Figueredo González-Quevedo, Ezequiel Seguí, Carlos Rosado Sibón, David Pérez Sañudo e Francisco Marise

Sinopse:
Cando apagan os motores, os camioneiros e as camioneiras pescan, conversan, fan o amor, buscan, bailan, rezan… Pero, sobre todo, agardan, detidos á beira das estradas arxentinas, suspendidos nunha estraña dimensión do tempo mentres todo ao redor segue en movemento. Conversas fugaces, interferencias radiofónicas, paisaxes desencaixadas, gasolineiras, áreas de servizo, talleres de pneumáticos e moteles acumúlanse como nun soño crepuscular. *Camionero* é unha viaxe melancólica por un mundo a piques de desaparecer.

Francisco Marise é un cineasta arxentino afincado no País Vasco. Estudou Deseño de Imaxe e Son na Universidade de Bos Aires e cinema documental na Escola Internacional de Cinema e Televisión de San Antonio de los Baños, en Cuba. A súa primeira longametraxe, *Para la guerra* (2018), estreouse na sección Novos Directores do Festival de San Sebastián. *Camionero* é a súa segunda longametraxe.

SECCIÓN TEMPO DE HISTORIA DA SEMINCI 2026



PASE ESPECIAL
MARTES 10, 18.45 | NUMAX
CON PRESENTACIÓN

DIARIO DE UN INFILTRADO (2026)

Samuel León e Saúl Valverde
Chile, España, Italia / Miniserie de 4 capítulos / 268 min / Castelán

Participan:
Jean Noel Darde, Renzo Rossellini, Perrine Val, Guillermo Torres, Nadia García, Armando Uribe, Ana Marambio, Freddy Alonso

Ficha técnica:
- **Guión:** Samuel León e Saúl Valverde
- **Fotografía:** Andrés Lizina, Samuel León e Saúl Valverde
- **Edición:** Calef Inostroza e Juan Pablo Venegas
- **Produción:** Alberto Rull

Sinopse:
Entre 1972 e 1974, o cineasta español Miguel Herberg infiltrouse nos círculos da extrema dereita chilena por iniciativa dos seus amigos Renzo e Roberto Rossellini e do uruguaio Danilo Trelles. Reuniu centos de documentos, películas e fotografías que revelaban os preparativos do golpe de Estado en Chile, a implicación do Goberno estadounidense e a posterior represión da ditadura de Pinochet. Herberg conseguiu filmar imaxes únicas dos campos de concentración de Chacabuco e Pisagua, que contribuíron a denunciar internacionalmente as violacións dos dereitos humanos.

Samuel León leva máis de 27 anos dedicado profesionalmente a labores creativas, principalmente vinculadas á industria cinematográfica. Como produtor e director, participou en proxectos de gran complexidade, con especial atención á investigación histórica, entre eles *Riquelme* (2010), *Linha de passe* (2008) e *Diarios de motocicleta* (2003).

Saúl Valverde comezou a súa carreira dirixindo documentais e creando instalacións audiovisuais para museos e proxectos transmedia. Posteriormente especializouse na dirección creativa e na produción publicitaria, con especial atención á narración audiovisual.



MÉRCORES 18, 20.15 | NUMAX
CON PRESENTACIÓN

EDGAR NEVILLE. EL ESPAÑOL QUE VINO DE HOLLYWOOD (2026)

José del Río
España, Arxentina / 90 min / Castelán

Participan:
Mario Zorrilla, Ruth Díaz, Enric Benavent, Maya Reyes

Ficha técnica:
- **Guión:** Julia Royo e Lara Vicente
- **Fotografía:** Isabel Ruiz Ruiz
- **Edición:** Adoración G. Elipe
- **Produción:** Pedro Palacios, Ricard Sales, Luis Reneo, María José Revaldería, José del Río e Marta Lacima

Sinopse:
Autor dunha obra insólita e profundamente persoal, Edgar Neville caeu parcialmente no esquecemento tras a súa morte. Co paso do tempo, a súa figura e a súa filmografía foron recuperadas e recoñecidas, ata converterse nunha referencia fundamental do cinema español do século XX. Este documental percorre a vida, a obra e o pensamento dun dos creadores máis singulares da cultura española da época.

José del Río é un documentalista con máis de vinte anos de experiencia en proxectos audiovisuais para o sector privado e para organismos públicos e culturais. Ao longo da súa carreira colaborou con cineastas como Santiago San Miguel e Miloš Forman. Entre os seus traballos figuran *Ruta para un pentagrama* (2023), *Bach en Madrid* (2014) e *Escultura de cartón* (2010).

SECCIÓN PROXECCIÓNS ESPECIAIS DO FESTIVAL DE SEVILLA 2026



DOMINGO 8, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 13, 21.30 | SALÓN TEATRO

FIUME O MORTE! (2025)

Igor Bezinović
Croacia, Italia, Eslovenia / 112 min / Croata, italiano, fiumano

Participan:
Izet Medošević, Ćenan Beljulji, Albano Vučetić, Tihomir Buterin, Andrea Marsanich, Massimo Ronzani e Milovan Večerina Cico

Ficha técnica:
- **Guión:** Igor Bezinović
- **Fotografía:** Gregor Božič
- **Edición:** Hrvoslava Brkušić
- **Produción:** Vanja Jambrović e Tibor Keser

Sinopse:
En 1919, uns trescentos soldados liderados polo poeta italiano Gabriele D'Annunzio, afervoado partidario da guerra, entraron na cidade portuaria de Fiume —hoxe Rijeka, en Croacia— coa intención de anexionala a Italia. Durante os dezaseis meses seguintes, nun dos episodios de ocupación militar máis insólitos da historia, o equipo oficial de fotografía de D'Annunzio captou máis de 10.000 imaxes. Un século despois, o cineasta Igor Bezinović, natural de Rijeka, reúne uns trescentos habitantes da cidade para reconstruír aqueles feitos e explorar as súas implicacións actuais. Entre a historia e a lenda, esta experiencia colectiva cuestiona os relatos nacionalistas e os mecanismos de manipulación e propaganda política.

Igor Bezinović é un cineasta croata. Entre os seus filmes destacan *The blockade* (2012), premiado co galardón Oktavijan ao mellor documental croata; e *A brief excursion* (2017), gañadora da Gran Area de Ouro á mellor longametraxe croata. A súa obra presentouse en festivais internacionais como Rotterdam, DOK Leipzig, Ji.hlava e CPH:DOX, entre outros.

PREMIO TIGRE E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE ROTTERDAM 2025

MELLOR DOCUMENTAL EUROPEO NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 2026



DOMINGO 15, 18.15 | NUMAX
CON PRESENTACIÓN

FORQUÉ. EL OFICIO DE HACER CINE (2026)

Gaizka Urresti e Rafael Maluenda
España / 103 min / Castelán

Participan:
José María Forqué, Rafael Maza, Enrique Cerezo, Pedro Marí Sánchez, Nacho G. Velilla, Alberto Jiménez, Ana Asión, Agustín Sánchez Vidal, Luis Alegre, Julio Peña, Julia Gutiérrez Caba, Luisa Gavasa, Emilio Gutiérrez Caba, Carlos Areces, Juanjo Puigcorbé, Santiago Aguilar, Antón Castro, Vicky Calavia, Jorge Asín, Fernando Menéndez Leite, Bernardo Sánchez

Ficha técnica:
- **Guión:** Rafael Maluenda
- **Fotografía:** Pepe Añón
- **Edición:** Alejandro Miranda e Gaizka Urresti
- **Produción:** Elisa Múgica, Luis Ángel Ramírez e Gaizka Urresti

Sinopse:
Este documental recupera o legado de José María Forqué a través da súa propia voz e dos testemuños de actores e cineastas que o coñeceron. Un percorrido polo cinema popular español, desde os éxitos dos anos cincuenta e o recoñecemento internacional acadado co Oso de Prata en Berlín ata a súa consagración como mestre da comedia e da televisión.

Gaizka Urresti é director, produtor e guionista de cinema. Na súa filmografía figuran *Autorretrato* (2019), *Terapia de parejas* (2024) e Eloy de la Iglesia. *Adicto al cine* (2025), por citar algúns títulos. As súas obras recibiron numerosos premios, entre eles o Goya á mellor curtametraxe por *Abstenerse agencias* (2014) e o Goya ao mellor documental por *Labordeta, un hombre sin más* (2022).

Rafael Maluenda é cineasta e xestor cultural. Iniciou a súa carreira profesional nos equipos de dirección de Luis García Berlanga, con quen traballou en *Todos a la cárcel* (1993), *Blasco Ibáñez* (1999) e *París-Tombuctú* (1999). Dirixiu e escribiu o documental *Berlanga!!* (2023).



MARTES 17, 20.15 | NUMAX
CON PRESENTACIÓN

HOXE E O RESTO DO MUNDO (2026)

Cecilia Díaz Betz
España / 93 min / Galego

Participan:
Isaac Díaz Pardo, Mimina Arias de Castro

Ficha técnica:
- **Guión:** Cecilia Díaz Betz
- **Fotografía:** Alicia Francés
- **Edición:** Diana Toucedo
- **Produción:** Daniel Froiz

Sinopse:
A través dun amplo arquivo familiar, con imaxes domésticas e materiais inéditos, Cecilia Díaz Betz reconstrúe a traxectoria vital e artística dos seus avós, Isaac Díaz Pardo e Mimina Arias de Castro, figuras fundamentais da cultura galega contemporánea e impulsores do Laboratorio de Formas e de Sargadelos. O documental percorre a súa historia entre Galicia e o exilio arxentino, e explora a súa contribución á arte, o deseño, a arquitectura e o pensamento de vangarda. Desde unha perspectiva íntima e familiar, a película recupera tamén a memoria dunha época marcada pola Guerra Civil, o exilio e a reconstrución cultural de Galicia.

Cecilia Díaz Betz é fotógrafa e realizadora. A súa traxectoria está marcada pola transversalidade entre fotografía, audiovisual e arquivo. En 2020 realizou *As miradas de Isaac*, unha videoinstalación específica para a Cidade da Cultura que serviu de punto de partida para a súa primeira longametraxe documental, *Hoxe e o resto do mundo*.

SECCIÓN ESBILLA DO FESTIVAL DE XIXÓN 2026



DOMINGO 8, 20.15 | SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

PARA VIVIR. EL IMPLACABLE TIEMPO DE PABLO MILANÉS (2025)

Fabien Pisani
México, España, Cuba, Estados Unidos / 106 min / Castelán, inglés, portugués

Participan:
Pablo Milanés, Harry Belafonte, Chico Buarque, Omara Portuondo, Silvio Rodríguez, Chucho Valdés, Fito Páez, Joaquín Sabina, Joan Manuel Serrat, Ana Belén, Pedro Juan Gutiérrez, Rosa Marquetti


Ficha técnica:
- **Guión:** Fabien Pisani
- **Fotografía:** Ernesto Pardo e Fabien Pisani
- **Edición:** Armando Croda e Clementina Mantellini
- **Produción:** Laura Imperiale, Carlos Sosa e Fabien Pisani

Sinopse:
A través dun diálogo íntimo co seu pai, gravemente enfermo, o cineasta Fabien Pisani reconstrúe a vida de Pablo Milanés, unha das voces fundamentais da música cubana e latinoamericana. As súas cancións acompañaron as esperanzas e as loitas dunha xeración, pero tamén os cambios políticos e sociais da Cuba contemporánea. A partir de conversas, lembranzas e testemuños de figuras destacadas da cultura, o documental percorre a traxectoria dun artista que mantivo unha relación complexa co seu país e coa súa historia.

Fabien Pisani é un cineasta, produtor e promotor cultural cubano. Desde hai case vinte anos desenvolve proxectos nos ámbitos da música, o cinema e a televisión. Como produtor participou en *7 días en La Habana*, estreada en Cannes en 2012, e dirixiu o documental *En la caliente: Tales of a reggaeton warrior* (2024), presentado no Festival de Miami. É fundador do festival Musicabana.

ESTREA NO SHEFFIELD DOCFEST 2025





CINEUROPA 40

SECCIÓNS OFICIAIS

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

DOMINGO 15, 18.15 | SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

ADIÓS, RÍOS (2026)

Sebastián Uría
España / 80 min / Galego, castelán

Ficha artística:
Amador Arias, María de la Fe Pérez, María Felicitas Herbón, Jesús Fernández «Veiguiña», Ignacio González, Johannis Hogenkamp, José Luis López, Iván Arias

Ficha técnica:
- **Guión:** Santiago Uría
- **Fotografía:** Ion de Sosa
- **Edición:** Ana María S. M. Castro
- **Produción:** Gael Herrera, Lautaro Herrera e Sebastián Uría

Sinopse:
Os últimos habitantes dunha aldea dos Ancares resisten fronte á despoboación e ao illamento. Eladio, o garda forestal da comarca, busca unha osa que deambula polo val. Cando Xacobo, un ancián do lugar, se perde no monte, os acontecementos toman un rumbo inesperado mentres se entretecen historias de coidados, perda e resistencia.

Sebastián Uría é cineasta, guionista e produtor. Coa súa primeira curtametraxe de ficción, *Saudade* (2015), obtivo premios en festivais de Europa e África. Posteriormente dirixiu *Marseille en V.O. (2016)* para o Museo das Civilizacións de Europa e do Mediterráneo (MuCEM), e realizou as curtametraxes *O paxaro afundido* (2019), *O derradeiro tiro* (2023) e *Segador* (2024). O seu cinema explora a relación entre comunidade, paisaxe e memoria, con especial atención ao abandono rural e ás tensións entre o humano e o non humano. *Adiós, ríos* é a súa primeira longametraxe.

SECCIÓN ALQUIMIAS DA SEMINCI 2026



LUNS 16, 18.00 | NUMAX

ALÉN DOS SILENCIOS (2025)

Carmen P. G. Granxeiro
España / 86 min / Galego, castelán

Participan:
Ana Real Castelo, Chus Navarro Otero, Charo López, Dolores Vieiro Núñez, Marieta Pérez Sanz, María Jesús Souto, Nuria López

Ficha técnica:
- **Guión, fotografía, edición e produción:** Carmen P. G. Granxeiro

Sinopse:
O que comeza como un caderno de recordos familiares convértese nunha investigación sobre a memoria histórica. Cando a cineasta lle propón á súa avoa escribir as súas lembranzas, descobre que esta fora encarcerada cando era un bebé, xunto cos seus pais, no Vello Cárcere de Lugo durante a Guerra Civil. Tras comprobar o feito nos arquivos, a directora entrevista outras mulleres vinculadas á mesma cadea e descobre un fío común nos seus relatos: o silencio, transmitido de xeración en xeración, sobre as experiencias vividas durante a represión franquista. A película recupera estas historias persoais para iluminar unha memoria colectiva que permaneceu durante décadas sen contar.

Carmen P. G. Granxeiro é unha cineasta e creadora multidisciplinar. Traballa tanto na ficción como no documental, cunha perspectiva social e activista, e transforma a falta de recursos en decisións éticas e estéticas. Con *Benvidas ao club* (2019) obtivo o Premio Especial Biznaga de Prata «Afirmando os Dereitos das Mulleres» do Festival de Málaga. Entre os seus traballos figuran tamén *Nun tempo de horta* (2022), *Alex and Munchie: contra o cisheteropatriarcado* (2023) e *Escenas dun consenso* (2024), polo que recibiu o Premio Xohana Torres de Audiovisual en 2025. A súa actividade esténdese á videocreación e á literatura: publicou a novela *Estranxeiras* (Xerais, 2022), galardoada co II Premio Literario Pinto e Maragota.



SÁBADO 21, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

AS AUGAS (2026)

PELÍCULA CLAUSURA CINEUROPA 40

Ledicia Sola
España / 102 min / Galego

Ficha artística:
Melania Cruz, Marta Larralde, Toni Salgado, Ledicia Sola, Lidia Veiga

Ficha técnica:
- **Guión:** Ledicia Sola
- **Fotografía:** Alberte Branco
- **Edición:** Salwa Azzam
- **Produción:** Daniel Froiz e Alfonso Zarauza

Sinopse:
A vida de Nora dá un xiro inesperado aos 43 anos. Tras romper coa súa parella, regresa ao manancial da súa infancia coa esperanza de que as súas augas a axuden a curar todos os seus males. As súas amigas Antía e Marta non están dispostas a deixala soa e, xuntas, tomarán unha decisión que o cambiará todo: reinventar a súa idea de familia e construír un novo comezo baseado na amizade.

Ledicia Sola é actriz, guionista e directora. A súa traxectoria nace do encontro entre linguaxes, corpos e emocións, cunha voz propia forxada no teatro alternativo, en procesos colectivos e en propostas de carácter persoal. Como actriz de cine, gañou o premio Mestre Mateo pola súa interpretación en *Os fenómenos* (2014) e foi finalista de novo por *Malencolía* (2021). Traballou tamén en películas e series de televisión como *A esmorga*, *El patio de mi cárcel*, *Gran Reserva*, *Vivir sin permiso*, *Amar es para siempre*, *The Mallorca Files* e *Justicia artificial*, así como en *Dos días* (2026). Mantén o seu vínculo coa creación independente e explora novas formas de expresión. *As augas* (2026) é a súa primeira longametraxe como guionista e directora.

SECCIÓN PUNTO DE ENCONTRO DA SEMINCI 2026



MÉRCORES 18, 18.45 | AUDITORIO DE GALICIA
CON PRESENTACIÓN

BAR BOO (2026)

Josiño Araújo
España / 40 min / Galego, castelán

Participan:
Gustavo Salmerón, Enrique Lavigne, Antonio Mayans, Víctor Matellano, Marta Medina, Guillermo de Oliveira, Paco Fox, Daniel Lorenzo

Ficha técnica:
- **Guión:** Josiño Araújo
- **Fotografía:** Rubén Di Groovie
- **Edición:** Denim Candenza
- **Produción:** Josiño Araújo e Miriam P. Álvarez

Sinopse:
Luis Bar Boo (1927-2001) foi un actor e especialista vigués que participou en numerosas producións cinematográficas nacionais e internacionais, compartindo pantalla con figuras como Clint Eastwood, Arnold Schwarzenegger, Kirk Douglas, Sean Connery e Christopher Lee. Malia participar en películas tan emblemáticas como *Por un puñado de dólares* e *Conan o bárbaro*, a súa figura permaneceu esquecida para boa parte do público. A través de testemuños de actores, familiares e especialistas no xénero, este documental percorre a súa traxectoria e reivindica o legado dun profesional que dedicou a vida ao espectáculo e ao cinema.

Josiño Araújo é un cineasta, escritor e avogado vigués que compaxina a súa actividade profesional coa creación audiovisual e literaria. Dirixiu varias curtametraxes e videoclips, explorando diferentes formatos e linguaxes narrativas. En *Bar Boo* recupera a figura do actor e especialista Luis Bar Boo, reivindicando a súa contribución ao cinema.

SESIÓN ESPECIAL SITGES DOCUMENTA DO FESTIVAL DE SITGES 2026



XOVES 12, 20.15 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

CONVERSATIONS WITH THE DEAD (2026)

Fernando Cortizo
España / 78 min / Inglés

Participan:
Anabela Cardoso, Bernard Carr, Arno Kersten

Ficha técnica:
- **Guión:** Fernando Cortizo. Baseado no libro *Conversacións de Friedel cos mortos* de Anabela Cardoso e Anders Leopold
- **Fotografía:** Fernando Cortizo
- **Edición:** Fernando Cortizo
- **Produción:** Isabel Rey, Anabela Cardoso e Jonathan Beecher

Sinopse:
Friedrich Jürgenson foi un pintor e cantante de ópera sueco, pioneiro na investigación das chamadas voces psicofónicas, coñecidas internacionalmente polas siglas inglesas EVP *(electronic voice phenomena).* Este fenómeno, obxecto das súas investigacións, baséase na hipótese de que as persoas falecidas poderían comunicarse co mundo físico a través de dispositivos electrónicos como gravadoras, radios, ordenadores e televisores. O documental percorre a vida e o traballo de Jürgenson, desde as primeiras gravacións ata os resultados que espertaron a atención dos medios de comunicación internacionais. A través do seu legado e de entrevistas con especialistas, a película achégase a unha das investigacións máis singulares do século XX.

Fernando Cortizo leva tres décadas dedicado á produción audiovisual. En 2007 fundou a súa propia produtora, coa que realizou *O Apóstolo* (2012), a primeira longametraxe europea de animación estereoscópica en *stop motion*, recoñecida con numerosos premios internacionais. Na súa filmografía documental figuran *O camiño de Terry (2016)* e *Buscando a Santa Compaña* (2024). Durante a investigación para o proxecto *Memento Mori*, coñeceu a Anabela Cardoso e o seu libro sobre Jürgenson, un encontro que deu orixe a *Conversations with the dead.*



VENRES 13, 19.30 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

CRÍAS (2026)


Xiana do Teixeiro
España / 122 min / Galego, castelán

Participan:
Begoña Méndez, Gelen Jeleton, Marta Nieto, Tania Berta Judith, Xiana do Teixeiro

Ficha técnica:
- **Guión:** Xiana do Teixeiro
- **Fotografía:** Alicia Francés, Lucía C. Pan e Xiana do Teixeiro
- **Edición:** Xiana do Teixeiro
- **Produción:** Xiana do Teixeiro

Sinopse:
Durante anos, Xiana do Teixeiro reuniu diarios de adolescencia de centos de mulleres, configurando un arquivo que reivindica unha escrita historicamente marxinada. Os relatos que se percibían como únicos revelan, ao poñerse en común, estruturas afectivas e narrativas construídas socialmente. Da súa lectura colectiva xorde unha contradición reveladora: a vergoña que atravesaba aquelas escritas transfórmase en coidado cando as mulleres recoñecen esas mesmas experiencias noutras. A película presta atención tanto ao escrito como ao que falta —borróns, páxinas arrincadas—, mostrando que os rastros da autocensura feminina aparecen mesmo no ámbito máis privado, alí onde escribir parecía ser, precisamente, un refuxio.

Xiana do Teixeiro é cineasta, produtora e investigadora galega e traballa desde unha perspectiva ecofeminista. A súa primeira longametraxe, *Tódalas mulleres que coñezo* (2018), é unha película multipremiada que conectou o activismo feminista, a educación e a creación, ademais de se converter nun dos documentais máis vistos en aulas e espazos sociais. Foi coguionista e produtora do ensaio ecoloxista *Salvaxe, salvaxe,* premiado como mellor documental no Festival de Málaga en 2024. É cofundadora dos estudos Animalia e Walkie Talkie Films.



DOMINGO 15, 20.30 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

DIE GÄSTE / THE GUESTS / OS INVITADOS (2026)

Stefan Butzmühlen e Cristina Diz
Alemaña, España / 95 min / Alemán, castelán, galego

Ficha artística:
Greta Fernández, Jan Bülow, Mercedes Castro, Darío Loureiro, Santi Prego

Ficha técnica:
- **Guión:** Stefan Butzmühlen e Cristina Diz
- **Fotografía:** Rui Poças
- **Edición:** Christoph Cepok e Rainer Nigrelli
- **Produción:** Begüm Bakirci, Viola Fügen, Cécile Tollu-Polonowski, Michael Weber e Luisa Romero

Sinopse:
Alemaña Occidental, 1973. Iria e Hajo están namorados. Cando a nai de Iria sofre un grave accidente na fábrica de automóbiles onde traballa, Iria decide levala de volta á aldea galega que ambas abandonaron hai moitos anos. Hajo, desexoso de demostrar a súa solidariedade, ofrécese a conducilas. Unha viaxe por estrada que comeza como un acto de esperanza pronto deixa ao descuberto as fendas da parella. Un filme sobre as relacións de poder que conectan os vivos cos mortos, as mulleres coas meigas e o pasado co presente.

Cristina Diz é cineasta e investigadora. Tras graduarse en Comunicación Audiovisual na Universidade Pompeu Fabra, completou o programa Taller Ludwigsburg-París e actualmente realiza un doutoramento na Universidade Goethe de Frankfurt.

Stefan Butzmühlen é cineasta e cofundador da produtora e distribuidora Grandfilm. Formouse como actor en Viena e como director na HFF de Potsdam, e compaxina o cine co teatro e a creación radiofónica. En 2012, ambos codirixiron a curtametraxe *Reconstruction* e a súa primeira longametraxe, *Sleepless knights*, estreada na sección Forum do Festival de Berlín. *Os invitados* é a súa segunda longametraxe conxunta.

SECCIÓN MADE IN SPAIN DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026
SECCIÓN CINECOPRO DO FESTIVAL DE MÚNIC



SÁBADO 7, 20.15 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

EL MILAGRO (2026)

David Varela
España / 80 min / Castelán, inglés

Ficha artística:
Lola Martínez Rojo, Lucía Varela Martínez, Enrique Varela Enríquez

Ficha técnica:
- **Guión:** Lola Martínez e David Varela
- **Fotografía:** David Varela
- **Edición:** Sergi Dies e David Varela
- **Produción:** David Varela

Sinopse:
Lola e David casaron hai doce anos. A súa viaxe de lúa de mel foi, en parte, unha escusa para emprender un novo proxecto cinematográfico: unha película inviable que vai apoderándose de David a medida que percorren Oriente Medio e a India. Lola non comprende nin acepta o comportamento obsesivo de David, mergullada como está na necesidade de ser nai. A viaxe énchese entón de pantasmas, personaxes desdobrados e aparicións do futuro. Un melodrama relativamente autobiográfico, en formato documental e baseado en feitos soñados.

David Varela é cineasta, editor, docente e programador autodidacta. Desde 2010 dirixe, produce e edita longametraxes documentais, como *Banaras me* (2010) e *Un cielo imposible* (2021), estreada no Festival de Xixón. A súa filmografía inclúe tamén curtametraxes e mediometraxes como *Último retrato* (2011) e *Freedom to kill the other's children* (2016), recoñecida con premios nos festivais Alcances e La Cabina. Desde 2012 desenvolve labores de programación e dirección artística na Asociación de Cinema Documental DOCMA, e foi codirector artístico de Documenta Madrid entre 2017 e 2019. Ademais, imparte formación audiovisual en escolas e centros educativos.

COMPETICIÓN NACIONAL DE DOCUMENTA MADRID 2026



MARTES 17, 20.15 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

HOXE E O RESTO DO MUNDO (2026)

Cecilia Díaz Betz
España / 93 min / Galego

Participan:
Isaac Díaz Pardo, Mimina Arias de Castro

Ficha técnica:
- **Guión:** Cecilia Díaz Betz
- **Fotografía:** Alicia Francés
- **Edición:** Diana Toucedo
- **Produción:** Daniel Froiz

Sinopse:
A través dun amplo arquivo familiar, con imaxes domésticas e materiais inéditos, Cecilia Díaz Betz reconstrúe a traxectoria vital e artística dos seus avós, Isaac Díaz Pardo e Mimina Arias de Castro, figuras fundamentais da cultura galega contemporánea e impulsores do Laboratorio de Formas e de Sargadelos. O documental percorre a súa historia entre Galicia e o exilio arxentino, e explora a súa contribución á arte, o deseño, a arquitectura e o pensamento de vangarda. Desde unha perspectiva íntima e familiar, a película recupera tamén a memoria dunha época marcada pola Guerra Civil, o exilio e a reconstrución cultural de Galicia.

Cecilia Díaz Betz é fotógrafa e realizadora. A súa traxectoria está marcada pola transversalidade entre fotografía, audiovisual e arquivo. En 2020 realizou *As miradas de Isaac*, unha videoinstalación específica para a Cidade da Cultura que serviu de punto de partida para a súa primeira longametraxe documental, *Hoxe e o resto do mundo*.

XOVES 12, 20.30 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

LODEIRO (2026)

Alex Penabade e David Hernández
España / 46 min / Galego

Participan:
Correa Corredoira, Ánxeles Penas, Ánxel Huete, Román Pereiro, Miguel Anxo Rodríguez, Carlos Bernárdez, Victoria Rodríguez, Ruth Lodeiro, Carlos Vilas

Ficha técnica:
- **Guión:** Alex Penabade e David Hernández
- **Fotografía:** David Hernández
- **Edición:** Alex Penabade
- **Produción:** Xosé Telmo Lodeiro

Sinopse:
Trinta anos despois da súa morte, o documental recupera a figura de Xosé Lodeiro, un dos pintores máis singulares da arte galega contemporánea. A través de testemuños da súa familia, de artistas, críticos, comisarios e coleccionistas, o filme percorre as distintas etapas da súa obra e a súa evolución creativa, ao tempo que se achega á personalidade do artista. Con fotografías familiares, materiais de exposicións e lembranzas de quen o coñeceu, constrúe un retrato coral que vai máis alá da súa pintura para descubrir a persoa que había detrás dela.

Alex Penabade e **David Hernández** son fundadores de Adarme Visual, produtora especializada na creación e produción de contidos audiovisuais. Alex Penabade traballa como realizadora, montadora e operadora de cámara, con experiencia en documentais, proxectos culturais, publicidade e fashion films. David Hernández é realizador, director de fotografía e guionista, cunha ampla traxectoria en cinema, televisión e publicidade, que compaxinou coa docencia. En 2018 dirixiu a súa primeira longametraxe de ficción, *La felicidad de los perros,* estreada no Festival de Xixón, onde recibiu o Premio DCP DeLuxe do Xurado Español.

SECCIÓN ESBILLA DO FESTIVAL DE XIXÓN 2026





VENRES 20, 20.15 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

MONSTRO (2026)

Andrés Goteira
España / 75 min / Galego

Ficha artística:
Antonio Durán «Morris», Iván Marcos

Ficha técnica:
- **Guión:** Andrés Goteira e Alicia Albares
- **Fotografía:** Lucía C. Pan
- **Edición:** Marta Valverde
- **Produción:** Laura Doval, Suso López, Andrés Goteira, Alberto Díaz e Sara Horta

Sinopse:
Un home chega a unha casa illada en plena natureza e decide instalarse nela. Séntese cómodo na soidade deste estraño fogar. Nas proximidades hai unha misteriosa fraga habitada por unha criatura ancestral. A curiosidade de ambos lévaos a un encontro que desencadea un enfrontamento inevitable.

Andrés Goteira debutou na longametraxe con *Dhogs* (2017), un filme que acadou unha ampla repercusión no circuíto internacional de festivais e obtivo numerosos premios, entre eles trece Mestre Mateo. En 2021 estreou *Welcome to ma maison*, un falso documental premiado no Festival de Xixón.

DOMINGO 22, 15.30 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

O SONHO DA RAZOM (2026)

Alberte Pagán
España / 70 min / Galego, hebreu, castelán, inglés, francés

Participan:
Manu López, Thiago Ávila, Flotilha Sumud Global, Bezalel Smotrich, Moshe Feiglin, Benjamin Netanyahu

Ficha técnica:
- **Guión, fotografía e edición:** Alberte Pagán
- **Produción:** Flotilha Sumud Global e Cris Lores

Sinopse:
O *sonho da razom* naceu como unha investigación formal minimalista a partir dunha fotografía tomada no mar de Galilea en 1886. Durante a montaxe, a película foi incorporando novos materiais ata converterse, a partir das imaxes das cámaras de seguridade da Flotilla Sumud Global de 2025, nun complexo ensaio sobre os monstros da razón sionista. O filme é tamén unha indagación sobre a materialidade dos soportes audiovisuais e, polo tanto, sobre a nosa maneira de mirar, interpretar a información visual e sonora e aprehender a historia. Porque a política é a historia en estado presente.

Alberte Pagán é escritor e cineasta e unha das figuras de referencia do cinema experimental galego. A súa filmografía inclúe Bs. As., galardoada co Premio de Cinema-Ensaio Román Gubern en 2007 e considerada unha das obras fundacionais do Novo Cinema Galego; *Tanyaradzwa* (2009), premio ao mellor documental galego no festival Play-Doc; e *A pedra do lobo* (2010), *A fundamental error* (2016), *Uluru* e *Elefante*, recoñecidas en diferentes festivais. En 2016 recibiu o Premio da Crítica de Galicia pola súa traxectoria cinematográfica; en 2021, o Premio Cineuropa, e en 2025, o Premio Bernardino de Lamas.

SECCIÓN EMBRUXO DO FESTIVAL DE SEVILLA 2026





LUNS 9, 18.30 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

PRISCILIANO E A GALLAECIA (2025)

Aser Álvarez
España / 26 min / Galego

Participan:
Diego Piay Augusto, Margarita Baronha Simões, Francisco Fabián, Enrique J. Montenegro Rúa, Hernán Giudice, Victorino Pérez, María José Bravo Bosch, María Victoria Escribano Paño, Klaus Martin Girardet, Alberto Ferreiro, María Veronese, Sylvain J. G. Sánchez, Juan Carlos Martínez Llamazares, Tono Correa Corredoira

Ficha técnica:
- **Guión:** Aser Álvarez
- **Fotografía:** Aldán Delgado
- **Edición:** Aldán Delgado
- **Produción:** Arraianos Produciónss

Sinopse:
O documental percorre os lugares vinculados á vida e á morte de Prisciliano, o bispo da Gallaecia condenado a morte no século IV. A través de fontes históricas, investigacións de especialistas e visitas a diferentes xacementos arqueolóxicos, o filme afonda na súa figura, no seu pensamento e no contexto histórico no que viviu, cuestionando a visión tradicional que o presentou como herexe e achegando ao público un episodio fundamental da historia antiga de Galicia.

Aser Álvarez é cineasta, xornalista, guionista e produtor, socio fundador de Arraianos Produciónss e director do Foro Internacional de Cultura Rural. Ao longo da súa traxectoria traballou en prensa, radio e televisión e desenvolveu proxectos documentais, editoriais, expositivos e multimedia. Con *100 % CEF* (2012) recibiu o Premio Mestre Mateo ao mellor documental en 2013. A súa filmografía inclúe títulos como *Looking for Bill Viola* (2016), *Sísifo confuso. Traballos e días de Francisco Leiro* (2016), *Xosé Velo. O libertador ibérico* (2022), *O camiño de Prisciliano. Tralas pegadas de Ramón Chao* (2023) e *Julio Camba. O home que non quería ser nada* (2025). O seu traballo céntrase especialmente na recuperación da memoria cultural e na divulgación de figuras relevantes da historia galega.



SÁBADO 7, 20.30 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

RIBADAFONTE (2026)

Alberto Sacido
España / 26 min / Galego

Participan:
Mónica Sacido, Patricia Rojas, Martín Tanzi Sacido, Alberto Sacido, Chefa Lorenzo, Aurora Mayán, Jorge Sacido, Laura Lojo, Marco Sacido Lechap, Cloe Sacido Lechap, Jorge Sacido Lojo, Laura Sacido Lojo, Virginia Sacido, Pepe Miró, Santiago Miró Sacido, Valentino Bullían, Paula Morais, Lorena Lores

Ficha técnica:
- **Guión:** Alberto Sacido
- **Fotografía:** Alberto Sacido
- **Edición:** Rubén M. Castellano e Alberto Sacido
- **Produción:** Rubén M. Castellano, Alberto Sacido e Jéssica H. Kalwill

Sinopse:
Durante a comida do día de San Xulián de 2025, a familia Sacido xúntase para rememorar os 400 anos que levan vivindo na casa de Ribadafonte. A conversa céntrase especialmente na historia de dous irmáns, Joaquín e Pepe, que romperon coa tradición dos vinculeiros e buscaron novos horizontes en Portugal e na Arxentina durante os convulsos comezos do século XX.

Alberto Sacido é profesor no IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Iniciou a súa traxectoria cinematográfica con *Unitarias* (2014), un documental sobre a vida e o traballo do seu pai como mestre rural, finalista nos Premios Mestre Mateo e seleccionado en Cineuropa. Posteriormente, escribiu, dirixiu e montou *Suso. Fóra de lugar* (2024), un documental sobre o escritor Suso de Toro.



XOVES 19, 20.00 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

TODO ES CÁRCEL (2026)

Eloy Enciso
España / 109 min / Castelán, galego, valenciano

Ficha artística:
Elsa Pereira, Pilar Castañal Castiñeira, Jesús López Paz, Rafael de la Fuente Morado, Neves Seara Palacio, Jorge Moreno

Ficha técnica:
- **Guión:** Eloy Enciso
- **Fotografía:** Jimmy Gimferrer
- **Edición:** Lisa María Velázquez Serrano
- **Produción:** Marina Perales Marhuenda, Xavier Rocher, Fran Ruvira, Beli Martínez e Roi Carballido

Sinopse:
As cartas de Carmen e Ángel, dous amantes que tentan reencontrarse nos últimos días da Guerra Civil, son investigadas na actualidade por Elsa, unha fotógrafa que percorre o país rexistrando espazos vinculados á represión franquista. A morte dun familiar obrígaa a interromper o traballo, retomar o contacto coa familia e facerse cargo dunha herdanza pendente.

Eloy Enciso dirixiu os documentais *Pic-nic* (2007) e *Arraianos* (2012), estreado en Locarno e premiado como mellor película nos festivais BAFICI, Transcinema (Perú) e Sevilla. A súa primeira longametraxe de ficción, *Longa noite* (2019), foi seleccionada en festivais como Locarno, Toronto, Nova York, Viennale, Róterdam e Jeonju, e recibiu premios en Suíza, Arxentina, Perú, Rusia, Francia, Portugal e España. Ademais, foi candidata a mellor película europea nos Premios Gaudí. En *Todo es cárcel*, continúa a explorar algunhas das súas principais liñas creativas: o traballo con intérpretes non profesionais, a inspiración literaria e o entrelazamento poético de realidade, ficción e historia, en diálogo coa obra de cineastas como Straub-Huillet, Pedro Costa e Eugène Green.

GRAN PREMIO DA COMPETICIÓN INTERNACIONAL NO FIDMARSEILLE 2026
SECCIÓN TEMPO DE HISTORIA DA SEMINCI 2026



LUNS 9, 19.45 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

TODO PODE ESPERAR (2026)

Borja Casal
España / 87 min / Galego

Participan:
César Morán, Manuel Rivas, Quico Cadaval, Claudio Rodríguez Fer, Xurxo Souto, Carolina Rubirosa

Ficha técnica:
- **Guión:** Borja Casal e Diego Guerrero
- **Fotografía:** Marcos Estebo
- **Edición:** Adolfo Fernández Piñeiro
- **Produción:** Laura Pazienza, Borja Casal, Adolfo Fernández Piñeiro e Marcos Estebo

Sinopse:
César Morán é profesor de Lingua xubilado, músico e cantautor. Aínda que hai décadas tivo que deixar atrás o soño de vivir da música, nunca renunciou a ela. Agora, aos 72 anos, prepárase para gravar un novo disco con composicións propias. A través das súas cancións, dos recordos e das persoas que o acompañaron ao longo da vida, o documental retrata unha paixón que atravesa xeracións e reivindica a importancia de non renunciar aos propios soños.

Borja Casal é xornalista, guionista e cineasta. Traballou en medios como *La Voz de Galicia, Luzes* e Radio Coruña-Cadena SER, e en produtoras audiovisuais en tarefas de produción, desenvolvemento, guión e dirección. Tamén participou en programas como *Cos pés na terra* e *Historias de aquí,* e codirixiu *Recollendo músicas,* recoñecido como mellor programa nos Premios Mestre Mateo de 2025. Por *Todo pode esperar* recibiu o I Premio José Gil de audiovisual da Deputación da Coruña na categoría de guión de longametraxe documental.



MÉRCORES 18, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL
CON PRESENTACIÓN

TRALOVENTO (2026)

Eloy Domínguez Serén
España, Grecia, Portugal / 105 min / Galego

Ficha artística:
Melania Cruz, Xosé Barato, Gonzalo Uriarte, Mónica García

Ficha técnica:
- **Guión:** Eloy Domínguez Serén e Meritxell Colell
- **Fotografía:** Sara Gallego
- **Edición:** Raúl Barreras
- **Produción:** Felipe Lage Coro, Vicky Miha, Luís Costa e André Guiomar

Sinopse:
Tras a morte do seu pai nun incendio que destrúe a casa familiar, Ana regresa á súa aldea natal coa intención de volver a Vigo despois do funeral. Porén, decide quedar e implicarse no conflito que divide a veciñanza ante o proxecto dunha empresa eléctrica para instalar un parque eólico que afectaría as terras da súa familia. Ao asumir o control do taller mecánico familiar e reconstruír a casa, Ana enfróntase a un pasado doloroso e cuestiona o seu sentido de pertenza, mentres descobre unha capacidade de loita e un espírito colectivo que descoñecía.

Eloy Domínguez Serén comezou a súa carreira como crítico de cinema e cofundou e codirixiu a revista *A Cuarta Parede*. Trasladouse a Estocolmo en 2011, onde realizou varias curtametraxes antes de dirixir *No cow on the ice* (2015), estreada en Visions du Réel. A súa seguinte longametraxe, *Hamada* (2018), estreouse no IDFA e recibiu premios en festivais como Cinéma du Réel, o Festival de Xixón e Porto/Post/Doc. Máis recentemente, dirixiu as curtametraxes *Os corpos* (2020), estreada no IDFA, e *Rompente* (2022), premiada como mellor curtametraxe de ficción no Festival de Málaga e no Festival de Cans.

ESTREA NO FESTIVAL DE MORELIA (MÉXICO) 2026
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN DO FESTIVAL DE SEVILLA 2026





Justino, un asesino de la tercera edad
Santiago Aguilar e Luis Guridi

PREMIO CINEUROPA 1994



Land and Freedom
Ken Loach

PREMIO CINEUROPA 1995



Sostiene Pereira
Roberto Faenza

PREMIO CINEUROPA 1996

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CINEUROPA 40

XURADOS



Àngel Quintana

Torroella de Montgrí, 1960

É Catedrático de Historia e Teoría do Cinema na Universidade de Girona, onde foi decano da Facultade de Letras e actualmente exerce como delegado do reitor para Cultura e Lingua. Foi profesor convidado nas universidades de Lausana, Sorbona e Sorbona Nova de París, na FLACSO de Bos Aires e na Iranian Film School de Teherán.

Publicou numerosas monografías sobre directores como Roberto Rossellini, Jean Renoir, Federico Fellini, Olivier Assayas e Peter Watkins. Entre os seus ensaios destacan *El cine italiano 1942-1963* (Paidós, 1997), *Fábulas de lo visible* (Acantilado, 2003), *Virtuel?* (Cahiers du cinéma, 2007), *Después del cine* (Acantilado, 2011), *Lorca et le cinéma* (Jean Michel Place, 2017) e *Dylan et le cinéma* (Jean Michel Place, 2022).

Colabora como crítico de cinema en *El Punt Avui, Caimán Cuadernos de Cine, L'Avenç* e *Diari di Cine-Club* (Roma). É tamén codirector do *Seminario sobre as orixes e antecedentes do cinema*, un encontro internacional que este 2026 celebra a súa 15ª edición.

XURADO OFICIAL



© Laura C. Vela

Lucía Solla Sobral

Marín, 1989

Escritora galega formada en Filosofía, comezou a cultivar a poesía e o relato breve durante a súa etapa universitaria. Actualmente reside en Oviedo, onde creou e coordinou o Club das Letras Salvaxes. Colabora co suplemento cultural *Abril* de *El Periódico* e escribiu para revistas como *TintaLibre*, *Luzes* e *Magazine* de *La Vanguardia.*

En 2023 foi seleccionada para a Residencia Literaria da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, dirixida polo escritor Javier Peña, onde comezou desenvolver a que sería a súa primeira novela: *Comerás flores* (Libros del Asteroide, 2025). A obra converteuse nun éxito de vendas en España e recibiu o Premio Ojo Crítico de Narrativa e o Premio Cálamo ao Libro do Ano, ambos en 2025. Actualmente está en vías de tradución a máis de 20 linguas.



Frédéric Maire

Neuchâtel, 1961

Director, xornalista e programador cinematográfico, Frédéric Maire desenvolveu unha traxectoria ligada á creación, á difusión e á conservación do cinema. Realizou curtametraxes e longametraxes de ficción, así como reportaxes para a televisión da Suíza francófona, e exerceu como crítico en xornais e emisoras de radio. Tamén colaborou co Festival de Locarno en tarefas editoriais, de comunicación e programación, antes de asumir a súa dirección artística entre 2005 e 2009.

Comprometido coa formación de novos públicos, foi cofundador de Passion Cinéma, iniciativa dedicada á programación cinematográfica, e da Lanterna Máxica, un cineclub infantil que hoxe está presente en case noventa localidades de Suíza e tamén noutros países.

En 2009 asumiu a dirección da Cinemateca Suíza, á fronte da cal permaneceu ata finais de 2025. Durante o seu mandato, a institución impulsou a dixitalización, a conservación e a difusión do patrimonio cinematográfico, coa apertura dun novo centro de investigación e arquivo en Penthaz e a renovación do histórico cinema Capitole de Lausana. Presidiu a Federación Internacional de Arquivos Fílmicos (FIAF) entre 2017 e 2023. Desde xaneiro de 2026 é vicepresidente da Fundación Jean-Luc Godard.

ESTE É O XURADO NOVO DE CINEUROPA 40!

TEÑEN NAS SÚAS MANS A COMPOSICIÓN DO SEU PROPIO PALMARÉS COAS SEGUINTES CATEGORÍAS:

- MELLOR PELÍCULA
- MELLOR DIRECCIÓN
- MELLOR GUIÓN
- MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA
- MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA



Andrea Villar Veiga



Iago Lorenzo Rivas



Inés Costado Afonso




Jesús Graña Malvido



Martina Lois Cuns

OS PREMIOS DO XURADO NOVO SERÁN DE CARÁCTER HONORÍFICO E DARANSE A COÑECER NA GALA DE CLAUSURA DO FESTIVAL



CINEUROPA 40

SECCIÓNS PARALELAS

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

· LA TERRA NEGRA / A TERRA NEGRA
· UNE FEMME AUJOURD'HUI / A WOMAN TODAY

FANTASTIQUE COMPOSTELA

· CONVERSATION WITH THE DEAD
· FLUSH
· MONSTRO
· TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA
· THE CYCLE

MARATÓN

· FLUSH
· L'ESTRANEA / THE SPIRAL
· THE CYCLE
· AQUELLA CASA EN LAS AFUERAS
· DOLLY
· EL JUEGO DEL DIABLO

CINEUROPA 40 ANOS

· A WORLD APART / UN MUNDO Á PARTE
· AI NO MUKIDASHI / LOVE EXPOSURE / AMOR EXPOSTO
· AMEN. / AMÉN.
· AN ANGEL AT MY TABLE / UN ANXO NA MIÑA MESA
· AQUELE QUERIDO MÊS DE AGOSTO
· AS BOAS MANEIRAS
· BABETTES GÆSTEBUD / BABETTE'S FEAST / O FESTÍN DE BABETTE
· BAD LIEUTENANT / TENENTE CORRUPTO
· BATALLA EN EL CIELO
· DANS MA PEAU / IN MY SKIN / NA MIÑA PEL
· DAS LEBEN DER ANDEREN / THE LIVES OF OTHERS / A VIDA DOS OUTROS
· DER HIMMEL ÜBER BERLIN / WINGS OF DESIRE / O CEO SOBRE BERLÍN
· DIRTY PRETTY THINGS / NEGOCIOS OCULTOS
· DISTANT VOICES, STILL LIVES / VOCES DISTANTES
· DROWNING BY NUMBERS / CONSPIRACIÓN DE MUJERES
· EL MUERTO Y SER FELIZ
· ENTER THE VOID / ENTRAR NO BALEIRO
· HADEWIJCH
· HAPPINESS
· HIDDEN AGENDA / AXENDA OCULTA
· HOPE AND GLORY / ESPERANZA E GLORIA
· HUO ZHE / TO LIVE / VIVIR!
· IDI I SMOTRI / COME AND SEE / MASACRE (VÉN E MIRA)
· IL DIVO
· IO E TE / ME AND YOU / TI E EU
· JUVENTUDE EM MARCHA
· KRÓTKI FILM O MIŁOŚCI / A SHORT FILM ABOUT LOVE / NON AMARÁS
· L'ENFER / HELL / O INFERNO
· LA BELLE NOISEUSE / THE BEAUTIFUL TROUBLEMAKER / A FERMOSA MENTIREIRA
· LA CIÉNAGA
· LA REINE MARGOT / QUEEN MARGOT / A RAÍÑA MARGOT
· LE HUSSARD SUR LE TOIT / THE HORSEMAN ON THE ROOF / O HÚSAR NO TELLADO
· LES VOLEURS / THIEVES / OS LADRÓNS
· MELANCHOLIA / MELANCOLÍA
· MORRER COMO UN HOMEM
· ÔDISHON / AUDITION / AUDICIÓN
· ONCE WERE WARRIORS / GUERREIROS DE ANTANO
· ORLANDO
· PHOENIX
· RED ROAD
· SANGUE DEL MIO SANGUE / BLOOD OF MY BLOOD / SANGUE DO MEU SANGUE
· SID & NANCY / SID E NANCY
· SOUS LE SABLE / UNDER THE SAND / BAIXO A AREA
· SPLENDOR
· SPOORLOOS / THE VANISHING / DESAPARECIDA
· SURVEILLANCE
· THE BABY OF MÂCON / O NENO DE MÂCON
· THE BELLY OF AN ARCHITECT / O VENTRE DUN ARQUITECTO
· THE COOK, THE THIEF, HIS WIFE & HER LOVER / O COCIÑEIRO, O LADRÓN, A SÚA MULLER E O SEU AMANTE
· THE REFLECTING SKIN / A PEL QUE BRILLA
· THE SWEET HEREAFTER / O DOCE PORVIR
· TIDELAND
· TO SLEEP WITH ANGER / NUNCA TE DEITES ENFADADO
· TRAS EL CRISTAL
· TROLÖSA / FAITHLESS / INFIEL
· TRUE ROMANCE / AMOR A QUEIMARROUPA
· UNDERGROUND
· UTOMLENNYE SOLNTSEM / BURNT BY THE SUN / QUEIMADO POLO SOL
· WHITE MATERIAL / UNHA MULLER EN ÁFRICA
· WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU

AS INMORTAIS DE HITCHCOCK

EVA MARIE SAINT
· NORTH BY NORTHWEST / COA MORTE NOS TALÓNS
· A HATFUL OF RAIN / UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA
· THE STALKING MOON / A NOITE DOS XIGANTES
JULIE ANDREWS
· TORN CURTAIN / CORTINA ESGAZADA
· HAWAII / HAWAI
· VICTOR/VICTORIA / VÍCTOR OU VICTORIA?
KIM NOVAK
· VERTIGO / VERTIXE
· KISS ME, STUPID / BÍCAME, PARVO
· PICNIC
SHIRLEY MACLAINE
· THE TROUBLE WITH HARRY / PERO… QUEN MATOU A HARRY?
· SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE
· THE CHILDREN'S HOUR / A CALUMNIA
TIPPI HEDREN
· MARNIE / MARNIE, A LADROA
· THE BIRDS / OS PAXAROS
· PACIFIC HEIGHTS / DE SÚPETO, UN ESTRAÑO
VERA MILES
· PSYCHO / PSICOSE
· THE WRONG MAN / FALSO CULPABLE
· AUTUMN LEAVES / FOLLAS DE OUTONO
· THE MAN WHO SHOT LIBERTY VALANCE / O HOME QUE MATOU A LIBERTY VALANCE

CINEUROPA MIÚDA

· GIOIA MIA / SWEETHEART

Máis información en cineuropa.gal


CINEUROPA 40

SECCIÓNS PARALELAS

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

MARTES 10, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

LA TERRA NEGRA / A TERRA NEGRA (2025)



Alberto Morais
España, Panamá / 98 min / Catalán

Ficha artística:
Laia Marull, Sergi López, Andrés Gertrúdix, Abdelatif Hwidar, Rosana Pastor, Álvaro Báguena, Toni Misó, Bruno Tamarit, María Albiñana, Anaika Patiño, Benjamín Ávila


Ficha técnica:
- **Guión:** Alberto Morais e Samuel del Amor
- **Fotografía:** Roberto San Eugenio
- **Edición:** Julia Juániz
- **Produción:** Alberto Morais e Roberto Butragueño

Sinopse:
María regresa ao muíño industrial da súa vila, un negocio familiar no que traballa co seu irmán Ángel, despois de pasar anos afastada do lugar. Distanciada de todo, traballa metodicamente para saír adiante, mentres os amigos de Ángel observan con satisfacción o seu regreso, convencidos do seu fracaso vital. Ángel contrata a Miquel e entre el e María xorde unha admiración mutua. Porén, a presenza do forasteiro esperta temor na comunidade: estivo no cárcere e hai nel algo místico, unha capacidade para influír nos demais.

Alberto Morais debutou na longametraxe con *Un lugar en el cine* (2007), estreada en Rotterdam e seleccionada en festivais como os de Málaga, Valladolid e BAFICI, ademais de ser proxectada en San Sebastián. Despois chegaron *Las olas* (2011), que obtivo tres premios no Festival de Moscova; *Los chicos del puerto* (2013), que tamén pasou polo certame moscovita e se exhibiu no Festival de Toronto; e *La madre* (2016), seleccionada para o Atelier da Cinéfondation de Cannes e estreada no Festival de Montreal.

VENRES 20, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL

UNE FEMME AUJOURD'HUI / A WOMAN TODAY (2026)



PREMIO SELO EUROPA CINEMAS DAS XORNADAS DOS AUTORES NO FESTIVAL DE VENECIA 2026

Robert Guédiguian
Francia, Italia / 123 min / Francés

Ficha artística:
Marilou Aussilloux, Ariane Ascaride, Jean-Pierre Darroussin, Grégoire Leprince-Ringuet, Gérard Meylan, Lola Naymark

Ficha técnica:
- **Guión:** Robert Guédiguian, Laurette Polmanss e Serge Valletti
- **Fotografía:** Pierre Milon
- **Edición:** Bernard Sasia
- **Produción:** Marc Bordure e Robert Guédiguian

Sinopse:
Juliette, de 30 anos, parece telo todo: un posto destacado no sector financeiro, unha fermosa casa e unha vida chea de viaxes e relacións fugaces. Pero, cando sofre unha agresión por parte dun compañeiro de traballo, o seu mundo derrúbase. A partir de entón, emprende un novo camiño na procura dun sentido para a súa vida.

Robert Guédiguian debutou na longametraxe con *Último verán* (1981), codirixida con Frank Le Wita, e acadou un amplo recoñecemento con ***Marius e Jeannette*** (1997), galardoada co premio Louis-Delluc. A súa filmografía está profundamente ligada a Marsella, a súa cidade natal, e aborda cuestións sociais e políticas a través de historias sobre as clases populares, a solidariedade e os vínculos humanos. Entre os seus filmes máis recoñecidos figuran *As neves do Kilimanjaro* (2011), *A casa á beira do mar* (2017), *Gloria mundi* (2019) e *Que a festa continúe* (2023).

CINEUROPA 40

SECCIÓNS PARALELAS

FANTASTIQUE COMPOSTELA

XOVES 12, 20.15 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

CONVERSATIONS WITH THE DEAD (2026)

Fernando Cortizo
España / 78 min / Inglés

Participan:
Anabela Cardoso, Bernard Carr, Arno Kersten

Ficha técnica:
- **Guión:** Fernando Cortizo. Baseado no libro *Conversacións de Friedel cos mortos* de Anabela Cardoso e Anders Leopold
- **Fotografía:** Fernando Cortizo
- **Edición:** Fernando Cortizo
- **Produción:** Isabel Rey, Anabela Cardoso e Jonathan Beecher

Sinopse:
Friedrich Jürgenson foi un pintor e cantante de ópera sueco, pioneiro na investigación das chamadas voces psicofónicas, coñecidas internacionalmente polas siglas inglesas EVP *(electronic voice phenomena)*. Este fenómeno, obxecto das súas investigacións, baséase na hipótese de que as persoas falecidas poderían comunicarse co mundo físico a través de dispositivos electrónicos como gravadoras, radios, ordenadores e televisores. O documental percorre a vida e o traballo de Jürgenson, desde as primeiras gravacións ata os resultados que espertaron a atención dos medios de comunicación internacionais. A través do seu legado e de entrevistas con especialistas, a película achégase a unha das investigacións máis singulares do século XX.



VENRES 20, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL | MARATÓN

FLUSH (2025)


Grégory Morin
Francia, Reino Unido / 70 min / Francés

Ficha artística:
Jonathan Lambert, Élodie Navarre, Elliot Jenicot

Ficha técnica:
- **Guión:** David Neiss
- **Fotografía:** Mathieu de Montgrand
- **Edición:** Pauline Pallier
- **Produción:** Kieran Clemow, Thomas Leterrier e Jean-Michel Tari

Sinopse:
Luc, adicto á cocaína, está a vivir unha noite terrible. Vai ao club onde traballa a súa exparella coa intención de recuperala, pero as cousas complícanse e acaba atrapado nun retrete. E non está precisamente coas mans baleiras: leva consigo unha boa cantidade de cocaína roubada ao traficante do local. Cando este o atopa, desencadéase unha sucesión de situacións cada vez máis disparatadas.

PREMIO DO PÚBLICO Á MELLOR PELÍCULA DA SECCIÓN MIDNIGHT X-TREME NO FESTIVAL DE SITGES 2025



VENRES 20, 20.15 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN

MONSTRO (2026)

Andrés Goteira
España / 75 min / Galego

Ficha artística:
Antonio Durán «Morris», Iván Marcos

Ficha técnica:
- **Guión:** Andrés Goteira e Alicia Albares
- **Fotografía:** Lucía C. Pan
- **Edición:** Marta Valverde
- **Produción:** Laura Doval, Suso López, Andrés Goteira, Alberto Díaz e Sara Horta

Sinopse:
Un home chega a unha casa illada en plena natureza e decide instalarse nela. Séntese cómodo na soidade deste estraño fogar. Nas proximidades hai unha misteriosa fraga habitada por unha criatura ancestral. A curiosidade de ambos lévaos a un encontro que desencadea un enfrontamento inevitable.

Andrés Goteira debutou na longametraxe con *Dhogs* (2017), un filme que acadou unha ampla repercusión no circuíto internacional de festivais e obtivo numerosos premios, entre eles trece Mestre Mateo. En 2021 estreou *Welcome to ma maison*, un falso documental premiado no Festival de Xixón.

SECCIÓN EMBRUXO DO FESTIVAL DE SEVILLA 2026



VENRES 6, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 10, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL

TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA (2026)

Jane Schoenbrun
Estados Unidos, Canadá / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Hannah Einbinder, Gillian Anderson, Amanda Fix, Arthur Conti, Eva Victor, Zach Cherry, Sarah Sherman, Patrick Fischler, Dylan Baker, Jasmin Savoy Brown, Quintessa Swindell, Kevin McDonald, Jack Haven

Ficha técnica:
- **Guión:** Jane Schoenbrun
- **Fotografía:** Eric K. Yue
- **Edición:** Graham Mason
- **Produción:** Dede Gardner e Jeremy Kleiner

Sinopse:
Tras anos de secuelas mediocres e cunha comunidade de seguidores cada vez máis reducida, a franquía de terror Campamento Miasma queda en mans dunha nova directora decidida a revitalizala. Cando visita a actriz que protagonizou a película orixinal, agora afastada da vida pública e envolta nunha aura de misterio, ambas mergúllanse nun universo de desexo, medo e delirio bañado en sangue.

PALMA QUEER NO FESTIVAL DE CANNES 2026
PREMIO ZABALTEGI-TABAKALERA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2026



VENRES 20, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL | MARATÓN

THE CYCLE (2026)

Jordan Downey
Reino Unido, Estados Unidos / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Deborah Ann Woll, Jeffrey Donovan, Gretchen Corbett, Phillip Andre Botello, Will Hochman, Dana Millican

Ficha técnica:
- **Guión:** Jordan Downey e Kevin Stewart
- **Fotografía:** Kevin Stewart
- **Edición:** Jordan Downey
- **Produción:** Michael W. Downey, James Harri e Mark Lane

Sinopse:
Meg, unha científica forense, ve como a súa vida dá un xiro radical cando o corpo do seu pai, desaparecido hai trinta e seis anos, aparece inexplicablemente na arrepiante escena dun crime. A medida que xorden novas vítimas, Meg afonda nunha investigación que saca á luz os segredos máis escuros do seu pai e a enfronta a unha presenza sobrenatural que leva décadas axexando a vila.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2026






The Artist
Michel Hazanavicius

PREMIO CINEUROPA 2011



The Hunt
Thomas Vinterberg

PREMIO CINEUROPA 2012



Alabama Monroe
Felix Van Groeningen

PREMIO CINEUROPA 2013

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CINEUROPA 40

SECCIÓNS PARALELAS

MARATÓN

MARATÓN | VENRES 20, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

FLUSH (2025)

Grégory Morin
Francia, Reino Unido / 70 min / Francés

Ficha artística:
Jonathan Lambert, Élodie Navarre, Elliot Jenicot

Ficha técnica:
- **Guión:** David Neiss
- **Fotografía:** Mathieu de Montgrand
- **Edición:** Pauline Pallier
- **Produción:** Kieran Clemow, Thomas Leterrier e Jean-Michel Tari

Sinopse:
Luc, adicto á cocaína, está a vivir unha noite terrible. Vai ao club onde traballa a súa exparella coa intención de recuperala, pero as cousas complícanse e acaba atrapado nun retrete. E non está precisamente coas mans baleiras: leva consigo unha boa cantidade de cocaína roubada ao traficante do local. Cando este o atopa, desencadéase unha sucesión de situacións cada vez máis disparatadas.

PREMIO DO PÚBLICO Á MELLOR PELÍCULA DA SECCIÓN MIDNIGHT X-TREME NO FESTIVAL DE SITGES 2025



L'ESTRANEA / THE SPIRAL (2026)

Paolo Strippoli
Italia, Francia, Bélxica / 115 min / Italiano

Ficha artística:
Jasmine Trinca, Romana Maggiora Vergano, Adriano Giannini, Valeria Bruni Tedeschi, Gabriella Telegrafo, Mariandrea Cesari

Ficha técnica:
- **Guión:** Paolo Strippoli e Salvatore De Chirico
- **Fotografía:** Cristiano Di Nicola
- **Edición:** Federico Palmerini
- **Produción:** Ivan D'Ambrosio, Marina Marzotto, Mattia Oddone, Eva Curia, Fabio Lombardelli, Jean-Christophe Reymond e Joseph Rouschopi

Sinopse:
Unha muller aparece inesperadamente na casa da súa filla para contarlle a verdade sobre a súa familia, marcada por un pacto que estableceu moitos anos atrás cunha descoñecida. O pasado irrompe no presente e altera a relación entre ambas, nunha historia na que cada decisión parece conducir de novo ao punto de partida.

PREMIO ARCA CINEMAGIOVANI Á MELLOR PELÍCULA ITALIANA E PREMIO GOTA VERDE NO FESTIVAL DE VENECIA 2026



THE CYCLE (2026)

Jordan Downey
Reino Unido, Estados Unidos / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Deborah Ann Woll, Jeffrey Donovan, Gretchen Corbett, Phillip Andre Botello, Will Hochman, Dana Millican

Ficha técnica:
- **Guión:** Jordan Downey e Kevin Stewart
- **Fotografía:** Kevin Stewart
- **Edición:** Jordan Downey
- **Produción:** Michael W. Downey, James Harri e Mark Lane

Sinopse:
Meg, unha científica forense, ve como a súa vida dá un xiro radical cando o corpo do seu pai, desaparecido hai trinta e seis anos, aparece inexplicablemente na arrepiante escena dun crime. A medida que xorden novas vítimas, Meg afonda nunha investigación que saca á luz os segredos máis escuros do seu pai e a enfronta a unha presenza sobrenatural que leva décadas axexando a vila.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2026



AQUELLA CASA EN LAS AFUERAS (1980)

Eugenio Martín
España / 101 min / Castelán

Ficha artística:
Javier Escribá, Silvia Aguilar, Alida Valli, Mara Goyanes, Carmen Maura

Ficha técnica:
- **Guión:** Manuel Summers, Eugenio Martín, Antonio Cuevas, Eduardo Álvarez, Chumy Chúmez e Manuel Matji
- **Fotografía:** Manuel Rojas
- **Edición:** Pablo G. del Amo
- **Produción:** Antonio Cuevas

Sinopse:
Un matrimonio trasládase a unha luxosa casa nos arredores de Madrid para que a muller, embarazada, poida pasar con tranquilidade os últimos meses de xestación. Pero, ao chegar, ela recoñece o lugar onde anos atrás lle practicaran un aborto clandestino. A inquietude aumenta cando descobre que a súa veciña traballara na antiga clínica. O pasado da casa comeza a proxectar unha sombra ameazadora sobre a súa nova vida.



DOLLY (2025)

Rod Blackhurst
Estados Unidos / 84 min / Inglés

Ficha artística:
Fabianne Therese, Ethan Suplee, Seann William Scott, Russ Tiller, Michalina Scorzelli, Kate Cobb, Max the Impaler

Ficha técnica:
- **Guión:** Rod Blackhurst e Brandon Weavil
- **Fotografía:** Justin Derry
- **Edición:** Justin Oakey
- **Produción:** Ross O'Connor, Rod Blackhurst, Noah Lang, Isaiah Smallman, Bryce McGuire, Joseph C. Grano, Betty Tong e Esteban Sánchez

Sinopse:
Durante unha excursión polo bosque, unha parella, Macy e Chase, atópase cunha xigantesca figura cunha máscara de boneca que os somete a unha espiral de violencia e brutalidade. Macy é secuestrada pola misteriosa criatura, que pretende criala como se fose a súa propia filla. Atrapada nun pesadelo de terror rural, terá que loitar por sobrevivir e escapar da súa captora.

SECCIÓN MIDNIGHT X-TREME DO FESTIVAL DE SITGES 2025



PELÍCULA SORPRESA


EL JUEGO DEL DIABLO (1975)

Jorge Darnell
España / 90 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Inma de Santis, María del Puy, Jack Taylor, Luis Prendes, Alicia Altabella, José Orjas

Ficha técnica:
- **Guión:** Jorge Darnell
- **Fotografía:** José Luis Alcaine
- **Edición:** Pablo G. del Amo
- **Produción:** Antonio Cuevas, José G. Jacoste e José Panero

Sinopse:
Sheila, unha adolescente filla única dunha familia acomodada, comeza a sufrir un estraño trastorno acompañado de visións aterradoras e sons perturbadores. Mentres o seu comportamento se volve cada vez máis inquietante e violento, medra a sospeita de que unha presenza demoníaca se apoderou dela, desencadeando unha espiral de terror e morte.





Remine
Marcos M. Merino

PREMIO CINEUROPA 2014

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

SECCIÓNS PARALELAS

CINEUROPA 40 ANOS

DOMINGO 8, 15.45 | SALÓN TEATRO

A WORLD APART / UN MUNDO Á PARTE (1988)

Chris Menges
Reino Unido / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Barbara Hershey, David Suchet, Jodhi May, Jeroen Krabbé, Nadine Chalmers, Tim Roth, Linda Mvusi

Ficha técnica:
- **Guión:** Shawn Slovo
- **Fotografía:** Peter Biziou
- **Edición:** Nicolas Gaster
- **Produción:** Sarah Radclyffe, Tim Bevan, Graham Bradstreet e Shawn Slovo

Sinopse:
Johannesburgo, anos sesenta. Molly, unha adolescente branca, ve como a súa vida cambia cando os seus pais, de esquerdas e contrarios ao apartheid, se converten en obxectivo do Goberno surafricano. Mentres o seu pai se ve obrigado a exiliarse e a súa nai continúa coa súa actividade política, Molly sofre o rexeitamento dos seus compañeiros pola situación da súa familia e comeza a comprender o compromiso da súa nai coa loita contra a segregación racial.

GRAN PREMIO DO XURADO E PREMIO Á MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA (BARBARA HERSHEY, JODHI MAY E LINDA MVUSI) NO FESTIVAL DE CANNES 1988

MELLOR GUIÓN ORIXINAL NOS BAFTA 1989



MÉRCORES 11, 15.30 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 14, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA

AI NO MUKIDASHI / LOVE EXPOSURE / AMOR EXPOSTO (2008)

Sion Sono
Xapón / 237 min / Xaponés

Ficha artística:
Takahiro Nishijima, Hikari Mitsushima, Sakura Andô, Yutaka Shimizu, Makiko Watanabe

Ficha técnica:
- **Guión:** Sion Sono
- **Fotografía:** Sôhei Tanikawa
- **Edición:** Jun'ichi Itô
- **Produción:** Haruo Umekawa, Shin'ya Kawai, Toyoyuki Yokohama, Yutaka Morohashi e Munehiro Umemura

Sinopse:
Yu é o fillo dun sacerdote católico que, tras a morte da súa nai, vive sometido ás esixencias relixiosas do seu pai. Na súa procura do pecado perfecto, comeza a fotografar ás agachadas as partes íntimas das mulleres. A súa vida complícase cando se namora de Yoko, unha moza coa que xa se cruzara, mentres unha seita relixiosa e os conflitos familiares poñen a proba a súa relación. Unha mestura irreverente de romance, relixión e transgresión.

PREMIOS FIPRESCI E CALIGARI NA BERLINALE 2009



MÉRCORES 11, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL

AMEN. / AMÉN. (2002)

Costa-Gavras
Francia, Alemaña, Romanía / 132 min /
Inglés, francés, italiano, alemán

Ficha artística:
Ulrich Tukur, Mathieu Kassovitz, Ulrich Mühe, Michel Duchaussoy, Ion Caramitru, Marcel Iureș, Friedrich von Thun, Antje Schmidt, Sebastian Koch

Ficha técnica:
- **Guión:** Costa-Gavras e Jean-Claude Grumberg. Baseado na obra teatral *O vicario* de Rolf Hochhuth
- **Fotografía:** Patrick Blossier
- **Edición:** Yannick Kergoat
- **Produción:** Andrei Boncea, Michèle Ray-Gavras, Claude Berri, Pierre Grunstein, Dieter Meyer e Roland Pellegrino

Sinopse:
Durante a Segunda Guerra Mundial, Kurt Gerstein, un oficial das SS que traballa no abastecemento de produtos químicos para os campos de concentración, descobre que o gas que axudou a desenvolver se utiliza para exterminar a poboación xudía. Horrorizado, tenta denunciar os crimes nazis ante o Vaticano e os aliados. Co apoio de Riccardo Fontana, un mozo sacerdote xesuíta, emprende unha loita contra o silencio e a pasividade das institucións, arriscando a súa propia vida e a da súa familia.

MELLOR GUIÓN NOS CÉSAR 2003



SÁBADO 7, 15.30 | NUMAX

AN ANGEL AT MY TABLE / UN ANXO NA MIÑA MESA (1990)

Jane Campion
Nova Zelandia / 158 min / Inglés

Ficha artística:
Kerry Fox, Alexia Keogh, Karen Fergusson, Iris Churn, Kevin J. Wilson, Martyn Sanderson

Ficha técnica:
- **Guión:** Laura Jones. Baseado nas autobiografías de Janet Frame
- **Fotografía:** Stuart Dryburgh
- **Edición:** Veronika Jenet
- **Produción:** Bridget Ikin e John Maynard

Sinopse:
Janet Frame medra nunha familia humilde de Nova Zelandia e pasa a súa infancia e adolescencia marcada pola timidez, as dificultades para relacionarse e a incomprensión da súa contorna. Diagnosticada erroneamente de esquizofrenia, pasa varios anos internada nun hospital psiquiátrico e sométese a tratamentos que inclúen a terapia electroconvulsiva. A literatura convértese no seu refuxio e na vía para construír unha vida propia, ata acadar o recoñecemento como escritora.

GRAN PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE VENECIA 1990

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE TORONTO 1990

ESPIGA DE PRATA Á MELLOR PELÍCULA NA SEMINCI 1990



VENRES 13, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

AQUELE QUERIDO MÊS DE AGOSTO (2008)

Miguel Gomes
Portugal, Francia / 147 min / Portugués

Ficha artística:
Sónia Bandeira, Fábio Oliveira, Joaquim Carvalho, Andreia Santos, Armando Nunes

Ficha técnica:
- **Guión:** Miguel Gomes, Telmo Churro e Mariana Ricardo
- **Fotografía:** Rui Poças
- **Edición:** Telmo Churro e Miguel Gomes
- **Produción:** Sandro Aguilar, Thomas Ordonneau, Luís Urbano e Cristina Almeida

Sinopse:
No corazón do Portugal montañoso, agosto énchese de festas populares, romarías, música e xente que regresa á súa terra por vacacións. Mentres os habitantes celebran o verán entre bailes, concertos e encontros, un equipo de cinema percorre a rexión na procura de actores para unha película. Entre a realidade e a ficción, o filme retrata a vida cotiá dunha comunidade rural e unha historia sentimental protagonizada por un pai, a súa filla e o curmán desta, todos membros dunha banda de música popular chamada Amor e Música.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CINEMA DE VIENA 2008
MELLOR PELÍCULA NO BAFICI 2009



DOMINGO 15, 15.30 | SALÓN TEATRO

AS BOAS MANEIRAS (2017)

Juliana Rojas e Marco Dutra
Brasil / 135 min / Portugués

Ficha artística:
Isabél Zuaa, Marjorie Estiano, Miguel Lobo, Cida Moreira, Andrea Marquee

Ficha técnica:
- **Guión:** Marco Dutra e Juliana Rojas
- **Fotografía:** Rui Poças
- **Edición:** Caetano Gotardo
- **Produción:** Frédéric Corvez, Clément Duboin, Sara Silveira, Maria Ionescu e José Alvarenga Jr.

Sinopse:
Clara, unha enfermeira que vive na periferia de São Paulo, é contratada por Ana, unha muller rica e embarazada, para coidar dela e do seu futuro fillo. A pesar das súas diferenzas sociais, as dúas mulleres establecen unha relación cada vez máis estreita. Porén, o comportamento estraño de Ana e a súa fame insaciable anuncian un acontecemento que cambiará as súas vidas. Unha fábula que mestura terror fantástico, amor materno e desigualdade social.

PREMIO JOSÉ LUIS GUARNER DA CRÍTICA NO FESTIVAL DE SITGES 2017
PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE LOCARNO 2017



MARTES 10, 17.30 | AUDITORIO DE GALICIA

BABETTES GÆSTEBUD / BABETTE'S FEAST / O FESTÍN DE BABETTE (1987)

Gabriel Axel
Dinamarca / 103 min / Danés

Ficha artística:
Stéphane Audran, Bodil Kjer, Birgitte Federspiel, Jarl Kulle, Jean-Philippe Lafont

Ficha técnica:
- **Guión:** Gabriel Axel. Baseado no relato homónimo de Karen Blixen
- **Fotografía:** Henning Kristiansen
- **Edición:** Finn Henriksen
- **Produción:** Just Betzer, Bo Christensen, Karen Bentzon, Thomas Lydholm, Sonja Vesterholt, Benni Korzen e Pernille Siesbye

Sinopse:
Nunha remota aldea de Dinamarca, marcada polo puritanismo, dúas irmás anciás lembran con nostalxia a súa xuventude e a ríxida educación que as levou a renunciar á felicidade. A chegada de Babette, unha refuxiada francesa que foxe da represión política en París, cambiará as súas vidas.

MELLOR PELÍCULA EN LINGUA ESTRANXEIRA NOS ÓSCAR 1988



LUNS 16, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

BAD LIEUTENANT / TENENTE CORRUPTO (1992)

Abel Ferrara
Estados Unidos / 96 min / Inglés, castelán

Ficha artística:
Harvey Keitel, Brian McElroy, Frank Acciarito, Peggy Gormley, Stella Keitel

Ficha técnica:
- **Guión:** Zoë Lund e Abel Ferrara
- **Fotografía:** Ken Kelsch
- **Edición:** Anthony Redman
- **Produción:** Mary Kane, Edward R. Pressman, Patrick Wachsberger, Ronna B. Wallace, Diana Phillips e Randy Sabusawa

Sinopse:
Un tenente da policía de Nova York, afundido na drogadicción, o xogo e a corrupción, acumula débedas mentres abusa da súa autoridade e perde o control da súa vida. Cando unha monxa nova é violada nunha igrexa, encárgaselle investigar o caso. O contacto co sufrimento da vítima e a súa procura de xustiza enfróntano aos seus propios pecados e á posibilidade dunha redención, nunha espiral de violencia, culpa e desesperación.

MELLOR ACTOR (HARVEY KEITEL) NO FANTASPORTO 1993



SÁBADO 7, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA

BATALLA EN EL CIELO (2005)

Carlos Reygadas
México, Francia, Bélxica, Alemaña / 98 min / Castelán

Ficha artística:
Marcos Hernández, Anapola Mushkadiz, Bertha Ruiz, David Bornstein, Rosalinda Ramírez

Ficha técnica:
- **Guión:** Carlos Reygadas
- **Fotografía:** Diego Martínez Vignatti
- **Edición:** Adoración G. Elipe, Benjamin Mirguet, Carlos Reygadas e Nicolas Schmerkin
- **Produción:** Philippe Bober, Susanne Marian, Carlos Reygadas, Jaime Romandia, Hamish McAlpine e Joseph Rouschop

Sinopse:
Marcos, chófer dun xeneral do exército, secuestra coa axuda da súa muller un sobriño do militar, pero o bebé morre accidentalmente. Incapaz de soportar a culpa, confésalle o crime a Ana, a filla do seu xefe, que leva unha vida sexual afastada das convencións sociais. Entre ambos os dous establécese unha relación ambigua.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CINEMA DE RÍO DE XANEIRO 2005



MARTES 10, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

DANS MA PEAU / IN MY SKIN / NA MIÑA PEL (2002)

Marina de Van
Francia / 93 min / Francés

Ficha artística:
Marina de Van, Laurent Lucas, Léa Drucker, Thibault de Montalembert

Ficha técnica:
- **Guión:** Marina de Van
- **Fotografía:** Pierre Barougier
- **Edición:** Mike Fromentin
- **Produción:** Laurence Farenc, Stéphanie Carreras, Alain Rocca e Laurent Soregaroli

Sinopse:
Esther é unha muller nova que atravesa un momento prometedor da súa vida profesional e sentimental. Tras sufrir un accidente nunha festa, descobre unha ferida na perna e comeza a experimentar unha estraña fascinación polo seu propio corpo. O que inicialmente parece unha curiosidade convértese nunha obsesión que a leva a explorar a dor e a automutilación, afastándoa progresivamente da súa contorna.

MELLOR PELÍCULA INTERNACIONAL NO FESTIVAL FANTASÍA 2003



MARTES 17, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

DAS LEBEN DER ANDEREN / THE LIVES OF OTHERS / A VIDA DOS OUTROS (2006)


Florian Henckel von Donnersmarck
Alemaña, Francia / 137 min / Alemán

Ficha artística:
Ulrich Mühe, Martina Gedeck, Sebastian Koch, Ulrich Tukur

Ficha técnica:
- **Guión:** Florian Henckel von Donnersmarck
- **Fotografía:** Hagen Bogdanski
- **Edición:** Patricia Rommel
- **Produción:** Quirin Berg, Max Wiedemann, Claudia Gladziejewski, Dirk Hamm, Florian Henckel von Donnersmarck, Monika Lobkowicz, Andreas Schreitmüller e Hubert von Spreti

Sinopse:
Berlín Oriental, 1984. Gerd Wiesler, capitán da Stasi, a policía política da República Democrática Alemá, recibe a misión de espiar o dramaturgo Georg Dreyman e a súa parella, a actriz Christa-Maria Sieland, sospeitosos de deslealdade ao réxime. Mentres escoita as súas conversas e observa a súa vida privada, Wiesler comeza a implicarse emocionalmente no mundo das persoas ás que vixía. O contacto co amor, a arte e a liberdade de pensamento pon en cuestión as súas convicción e a súa lealdade ao sistema.

MELLOR PELÍCULA EN LINGUA ESTRANXEIRA NOS ÓSCAR 2007
MELLOR PELÍCULA EUROPEA, MELLOR ACTOR (ULRICH MÜHE) E MELLOR GUIÓN NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 2006
MELLOR PELÍCULA EN LINGUA NON INGLESA NOS BAFTA 2008



MARTES 10, 22.30 | SALÓN TEATRO

DER HIMMEL ÜBER BERLIN / WINGS OF DESIRE / O CEO SOBRE BERLÍN (1987)

Wim Wenders
Alemaña Occidental, Francia / 128 min / Alemán, inglés, francés

Ficha artística:
Bruno Ganz, Solveig Dommartin, Otto Sander, Curt Bois, Peter Falk

Ficha técnica:
- **Guión:** Wim Wenders e Peter Handke
- **Fotografía:** Henri Alekan
- **Edición:** Peter Przygodda
- **Produción:** Anatole Dauman, Wim Wenders, Ingrid Windisch, Pascale Dauman e Joachim von Mengershausen

Sinopse:
Dous anxos, Damiel e Cassiel, sobrevoan Berlín, unha cidade dividida polo «muro da vergoña». Só son visibles para os nenos e para as persoas de corazón puro. Testemuñas impotentes que non poden cambiar o curso dos acontecementos, senten unha fonda compaixón polos seres humanos. Un deles, Damiel, namórase de Marion, unha trapecista solitaria, e comeza a desexar abandonar a súa condición inmortal para experimentar as emocións, o amor e as limitacións da existencia humana.

MELLOR DIRECTOR NO FESTIVAL DE CANNES 1987
MELLOR DIRECTOR E MELLOR ACTOR DE REPARTO (CURT BOIS) NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 1988



LUNS 9, 15.45 | TEATRO PRINCIPAL

DIRTY PRETTY THINGS / NEGOCIOS OCULTOS (2002)

Stephen Frears
Reino Unido / 97 min / Inglés

Ficha artística:
Chiwetel Ejiofor, Audrey Tautou, Sophie Okonedo, Kriss Dosanjh, Israel Oyelumade

Ficha técnica:
- **Guión:** Steven Knight
- **Fotografía:** Chris Menges
- **Edición:** Mick Audsley
- **Produción:** Robert Jones, Tracey Seaward, Julie Goldstein, Teresa Moneo, Allon Reich, Tracey Scoffield, Paul Smith, David M. Thompson, Mark Cartier e Margo Myers

Sinopse:
O médico nixeriano Okwe é un inmigrante ilegal en Londres que traballa de día como condutor dun minitaxi e pola noite como recepcionista nun hotel de mala reputación. Comparte piso con Senay, unha inmigrante turca que traballa como camareira no mesmo establecemento. Unha noite, Okwe descobre algo arrepiante nun dos baños do hotel que rompe o delicado equilibrio da súa vida.

MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECCIÓN E MELLOR ACTOR (CHIWETEL EJIOFOR) NOS PREMIOS DO CINEMA INDEPENDENTE BRITÁNICO 2003



SÁBADO 7, 18.30 | NUMAX

DISTANT VOICES, STILL LIVES / VOCES DISTANTES (1988)

Terence Davies
Reino Unido, Alemaña Occidental / 84 min / Inglés

Ficha artística:
Pete Postlethwaite, Freda Dowie, Angela Walsh, Dean Williams, Lorraine Ashbourne

Ficha técnica:
- **Guión:** Terence Davies
- **Fotografía:** William Diver e Patrick Duval
- **Edición:** William Diver
- **Produción:** Jennifer Howarth e Colin MacCabe

Sinopse:
Liverpool, anos corenta e cincuenta. A través de lembranzas fragmentarias, unha familia obreira revive a súa historia, marcada pola violencia dun pai autoritario, o medo e as dificultades da vida cotiá. Tras a morte deste, os fillos constrúen as súas propias vidas, mentres as reunións familiares, as celebracións e as cancións populares evocan tanto a dor do pasado como os vínculos que os manteñen unidos.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CANNES 1988
LEOPARDO DE OURO NO FESTIVAL DE LOCARNO 1988
ESPIGA DE OURO E PREMIO Á MELLOR FOTOGRAFÍA NA SEMINCI 1988



MARTES 17, 20.15 | AUDITORIO DE GALICIA

DROWNING BY NUMBERS / CONSPIRACIÓN DE MULLERES (1988)

Peter Greenaway
Reino Unido, Países Baixos / 118 min / Inglés

Ficha artística:
Bernard Hill, Joan Plowright, Juliet Stevenson, Joely Richardson, Jason Edwards

Ficha técnica:
- **Guión:** Peter Greenaway
- **Fotografía:** Sacha Vierny
- **Edición:** John Wilson
- **Produción:** Kees Kasander, Denis Wigman e Peter Jaques

Sinopse:
Tres mulleres da mesma familia —unha avoa, a súa filla e a súa neta— comparten o nome de Cissie Colpitts e unha insatisfacción común coas súas vidas matrimoniais. As tres deciden asasinar os seus respectivos maridos afogándoos e contan coa complicidade ambigua de Madgett, o forense encargado de investigar as mortes, que está namorado delas. Mentres os números, os xogos e as regras absurdas se repiten ao longo da historia, Peter Greenaway constrúe unha comedia negra sobre a morte, o desexo e a transgresión das convencións sociais.

PREMIO Á MELLOR CONTRIBUCIÓN ARTÍSTICA NO FESTIVAL DE CANNES 1988



SÁBADO 14, 20.30 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

EL MUERTO Y SER FELIZ (2012)

Javier Rebollo
España, Arxentina, Francia / 92 min / Castelán

Ficha artística:
José Sacristán, Roxana Blanco, Valeria Alonso, Jorge Jellinek, Lisa Caligaris

Ficha técnica:
- **Guión:** Lola Mayo, Javier Rebollo e Salvador Roselli
- **Fotografía:** Santiago Racaj
- **Edición:** Ángel Hernández Zoido
- **Produción:** Lola Mayo, Lluís Miñarro, José Nolla, Damián París, Verónica Cura, Julien Naveau, Jérôme Vidal e Alex Ziton

Sinopse:
Santos, un vello sicario español que leva media vida en Arxentina, descobre que está a piques de morrer e abandona o hospital cunha provisión de morfina. Comeza entón unha viaxe cara ao norte atravesando todo o país nunha especie de tranquila peregrinación na que coñece unha muller que se converte na súa compañeira de estrada. Ao longo de dous mil quilómetros, entre paisaxes áridas, encontros inesperados e situacións absurdas, Santos emprende unha fuxida que mestura humor negro, tenrura e reflexións sobre a morte e a liberdade.

CUNCHA DE PRATA AO MELLOR ACTOR (JOSÉ SACRISTÁN) E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2012
MELLOR ACTOR (JOSÉ SACRISTÁN) NOS GOYA 2013



VENRES 13, 18.30 | AUDITORIO DE GALICIA

ENTER THE VOID / ENTRAR NO BALEIRO (2009)

Gaspar Noé
Francia, Alemaña, Italia, Canadá, Xapón / 161 min / Inglés, xaponés

Ficha artística:
Nathaniel Brown, Paz de la Huerta, Cyril Roy, Olly Alexander, Masato Tanno

Ficha técnica:
- **Guión:** Gaspar Noé e Lucile Hadzihalilovic
- **Fotografía:** Benoît Debie
- **Edición:** Marc Boucrot, Gaspar Noé e Jérôme Pesnel
- **Produción:** Pierre Buffin, Brahim Chioua, Olivier Delbosc, Vincent Maraval, Marc Missonnier, Philippe Bober, Valerio De Paolis, Suzanne Girard, Peter Hermann, Nicolas Leclercq, Susanne Marian, Gaspar Noé, Georgina Pope, Olivier Thery Lapiney e Shin Yamaguchi

Sinopse:
Oscar, un estadounidense que vive en Toquio, sobrevive vendendo drogas mentres a súa irmá Linda traballa como *stripper* nun club nocturno. Durante unha redada policial, Oscar recibe un disparo e morre. Porén, a súa conciencia négase a abandonar o mundo dos vivos e comeza a percorrer a cidade desde unha perspectiva incorpórea, observando a súa irmá e revivindo episodios do seu pasado. Nunha viaxe alucinatoria na que se mesturan lembranzas, desexos e visións do futuro, a película explora a morte, a conciencia e a reencarnación a través dunha experiencia visual inmersiva.

MELLOR FOTOGRAFÍA E PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE SITGES 2009



MARTES 10, 15.45 | TEATRO PRINCIPAL

HADEWIJCH (2009)

Bruno Dumont
Francia / 105 min / Francés, árabe

Ficha artística:
Julie Sokolowski, Karl Sarafidis, Yassine Salime, David Dewaele, Brigitte Mayeux-Clerget

Ficha técnica:
- **Guión:** Bruno Dumont
- **Fotografía:** Yves Cape
- **Edición:** Guy Lecorne
- **Produción:** Rachid Bouchareb, Jean Bréhat, Éric Gleizer, Dima Al-Joundi, Muriel Merlin e Dirk Wilutzky

Sinopse:
Céline, unha moza de vinte anos e filla dun diplomático, ingresa nun convento e adopta o nome de Hadewijch, en homenaxe á mística medieval flamenga. A súa fe absoluta e o seu fervor relixioso levan a nai superiora a expulsala do convento. De volta á vida laica en París, Céline coñece a Yassine, un mozo musulmán, e o seu irmán Nassir, un afervoado fundamentalista. A procura dunha experiencia espiritual absoluta conducirá a Céline por camiños perigosos.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CINEMA DE TORONTO 2009



MÉRCORES 11, 22.15 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 14, 15.45 | NUMAX

HAPPINESS (1998)

Todd Solondz
Estados Unidos / 140 min / Inglés

Ficha artística:
Jane Adams, Jon Lovitz, Philip Seymour Hoffman, Dylan Baker, Lara Flynn Boyle, Justin Elvin, Cynthia Stevenson

Ficha técnica:
- **Guión:** Todd Solondz
- **Fotografía:** Maryse Alberti
- **Edición:** Alan Oxman
- **Produción:** Ted Hope, Christine Vachon, David Linde, James Schamus e Pamela Koffler

Sinopse:
As vidas de tres irmás e das persoas que as rodean entrecrúzanse nun suburbio de Nova Jersey no que a aparencia de normalidade agocha frustracións, desexos e segredos perturbadores. Joy, Helen e Trish buscan, cada unha á súa maneira, unha felicidade que semella sempre fóra do seu alcance. Un filme irónico e implacable que explora con humor negro e cunha ollada incómoda os tabús sexuais, a soidade e as contradicións da vida cotiá.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CANNES 1998



DOMINGO 8, 22.30 | SALÓN TEATRO

HIDDEN AGENDA / AXENDA OCULTA (1990)

Ken Loach
Reino Unido / 108 min / Inglés

Ficha artística:
Frances McDormand, Maurice Roëves, Robert Patterson, Bernard Bloch, Brad Dourif

Ficha técnica:
- **Guión:** Jim Allen
- **Fotografía:** Clive Tickner
- **Edición:** Jonathan Morris
- **Produción:** Eric Fellner, John Daly, Derek Gibson, Rebecca O'Brien e Scott Millaney

Sinopse:
Irlanda do Norte, a comezos dos anos oitenta. Paul Sullivan e Ingrid Jessner, dous activistas estadounidenses comprometidos coa defensa dos dereitos humanos, atópanse en Belfast investigando o trato que reciben os presos do IRA. Cando obteñen información comprometedora para o Goberno de Margaret Thatcher, Paul é asasinado e desaparece unha cinta con información secreta. O inspector encargado do caso, o británico Peter Kerrigan, colaborará con Ingrid para investigar os feitos.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO E PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO NO FESTIVAL DE CANNES 1990



DOMINGO 8, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

HOPE AND GLORY / ESPERANZA E GLORIA (1987)

John Boorman
Reino Unido / 113 min / Inglés

Ficha artística:
Sarah Miles, David Hayman, Sebastian Rice-Edwards, Geraldine Muir, Sammi Davis, Susan Wooldridge

Ficha técnica:
- **Guión:** John Boorman
- **Fotografía:** Philippe Rousselot
- **Edición:** Ian Crafford
- **Produción:** John Boorman, Jake Eberts, Edgar F. Gross e Michael Dryhurst

Sinopse:
En plena Segunda Guerra Mundial, nos arredores de Londres, Bill Rohan é un rapaz inxenuo que vive o conflito como unha experiencia apaixonante, chea de emocións que rompen coa rutina diaria. Nunha época tan tráxica como convulsa, descubrirá o sexo, o amor, a hipocrisía e a morte, mentres os adultos tentan sobrevivir entre os discursos de patriotismo, esperanza e gloria. A película está baseada nos recordos da infancia do director.

MELLOR PELÍCULA DE COMEDIA OU MUSICAL NOS GLOBOS DE OURO 1988

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (SUSAN WOOLDRIDGE) NOS BAFTA 1988



SÁBADO 7, 15.30 | SALÓN TEATRO

HUO ZHE / TO LIVE / VIVIR! (1994)

Zhang Yimou
China / 133 min / Mandarín

Ficha artística:
Ge You, Gong Li, Niu Ben, Jiang Wu, Fei Deng, Guo Tao, Ni Dahong

Ficha técnica:
- **Guión:** Yu Hua e Lu Wei. Baseado na novela homónima de Yu Hua
- **Fotografía:** Lü Yue
- **Edición:** Du Yuan
- **Produción:** Fu-Sheng Chiu, Funhong Kow e Christophe Tseng

Sinopse:
Fugui, fillo dunha familia acomodada, perde a fortuna familiar por mor da súa afección ao xogo. Xunto á súa muller, Jiazhen, deberá reconstruír a súa vida e afrontar as consecuencias da guerra civil, a instauración do réxime comunista e as transformacións políticas e sociais do país. Ao longo de varias décadas, a familia sufrirá perdas e adversidades, mais tamén atopará motivos para seguir adiante.

GRAN PREMIO DO XURADO, MELLOR ACTOR (GE YOU) E PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO NO FESTIVAL DE CANNES 1994

MELLOR PELÍCULA EN LINGUA NON INGLESA NOS BAFTA 1995



SÁBADO 21, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

IDI I SMOTRI / COME AND SEE / MASACRE (VÉN E MIRA) (1985)

Elem Klimov
Unión Soviética (URSS) / 142 min / Ruso

Ficha artística:
Aleksey Kravchenko, Olga Mironova, Liubomiras Laucevicius, Vladas Bagdonas, Jüri Lumiste

Ficha técnica:
- **Guión:** Elem Klimov e Ales Adamovich
- **Fotografía:** Aleksey Rodionov
- **Edición:** Valeriya Belova
- **Produción:** Stepan Tereshchenko

Sinopse:
Bielorrusia, 1943. Flióra, un mozo que vive nunha aldea ocupada polas tropas nazis, decide unirse aos partisanos. Alí coñece a Glasha, unha rapaza coa que emprende unha viaxe marcada pola violencia e a destrución. Cando as tropas alemás arrasan a súa aldea e masacran a poboación civil, Flióra enfróntase ao horror da guerra e perde a inocencia.

PREMIO DE OURO E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CINEMA DE MOSCOVA 1985



SÁBADO 7, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

IL DIVO (2008)

Paolo Sorrentino
Italia, Francia / 110 min / Italiano

Ficha artística:
Toni Servillo, Anna Bonaiuto, Giulio Bosetti, Flavio Bucci, Carlo Buccirosso, Piera Degli Esposti

Ficha técnica:
- **Guión:** Paolo Sorrentino
- **Fotografía:** Luca Bigazzi
- **Edición:** Cristiano Travaglioli
- **Produción:** Francesca Cima, Nicola Giuliano, Andrea Occhipinti, Stefano Bonfanti, Carlotta Calori, Fabio Conversi, Maurizio Coppolecchia, Gennaro Formisano, Gianluigi Gardani e Stefano Massenzi

Sinopse:
Filme sobre un dos personaxes máis controvertidos da política italiana: Giulio Andreotti, que foi primeiro ministro en sete ocasións. Narra as presuntas relacións de Andreotti coa mafia siciliana, así como os delitos polos que foi procesado nos anos 90 e finalmente absolto por falta de probas.

PREMIO DO XURADO NO FESTIVAL DE CANNES 2008

MELLOR ACTOR EUROPEO (TONI SERVILLO) NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 2008

MELLOR ACTOR (TONI SERVILLO), MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (PIERA DEGLI ESPOSTI), MELLOR FOTOGRAFÍA, MELLOR MÚSICA, MELLORES EFECTOS VISUAIS, MELLOR MAQUILLAXE E MELLOR PEITEADO NOS PREMIOS DAVID DI DONATELLO 2009



MARTES 10, 20.15 | SALÓN TEATRO

IO E TE / ME AND YOU / TI E EU (2012)

Bernardo Bertolucci
Italia / 103 min / Italiano

Ficha artística:
Jacopo Olmo Antinori, Tea Falco, Sonia Bergamasco, Veronica Lazar, Tommaso Ragno

Ficha técnica:
- **Guión:** Niccolò Ammaniti, Bernardo Bertolucci, Francesca Marciano e Umberto Contarello. Baseado na novela homónima de Niccolò Ammaniti
- **Fotografía:** Fabio Cianchetti
- **Edición:** Jacopo Quadri
- **Produción:** Mario Gianani, Lorenzo Mieli e Olivia Sleiter

Sinopse:
Lorenzo, un adolescente introvertido de catorce anos, finxe que vai pasar unha semana de vacacións na neve cos seus compañeiros, pero en realidade agóchase no soto do edificio onde vive para gozar da soidade. Os seus plans altéranse coa chegada inesperada de Olivia, a súa medio irmá maior, que tamén busca refuxio nese espazo. Durante os días que pasan xuntos, ambos os dous enfróntanse aos seus conflitos persoais e ás dificultades das súas relacións familiares.



DOMINGO 8, 19.00 | AUDITORIO DE GALICIA

JUVENTUDE EM MARCHA (2006)

Pedro Costa
Portugal, Francia, Suíza / 156 min / Portugués, crioulo caboverdiano

Ficha artística:
Ventura, Vanda Duarte, Beatriz Duarte, Gustavo Sumpta, Cila Cardoso

Ficha técnica:
- **Guión:** Pedro Costa
- **Fotografía:** Pedro Costa e Leonardo Simões
- **Edición:** Pedro Filipe Marques
- **Produción:** Francisco Villa-Lobos, Philippe Avril, Elda Guidinetti e Andres Pfäffli

Sinopse:
Ventura, un obreiro caboverdiano de idade avanzada, é abandonado pola súa muller, Clotilde, e queda atrapado entre as ruínas do barrio de Fontainhas, nos arredores de Lisboa, onde viviu durante décadas, e o novo complexo de vivendas sociais ao que foi trasladado. Mentres deambula polos dous espazos, atópase con antigos veciños e con persoas ás que trata como se fosen os seus fillos. A través destas relacións e de lembranzas fragmentarias, Pedro Costa constrúe un retrato do desarraigamento, da memoria e das transformacións dunha comunidade marcada pola demolición do seu barrio e polo realoxamento dos seus habitantes.



MARTES 17, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

KRÓTKI FILM O MIŁOŚCI / A SHORT FILM ABOUT LOVE / NON AMARÁS (1988)

Krzysztof Kieślowski
Polonia / 87 min / Polaco

Ficha artística:
Grażyna Szapołowska, Olaf Lubaszenko, Stefania Iwińska, Piotr Machalica, Artur Barciś, Hanna Chojnacka

Ficha técnica:
- **Guión:** Krzysztof Kieślowski e Krzysztof Piesiewicz
- **Fotografía:** Witold Adamek
- **Edición:** Ewa Smal
- **Produción:** Ryszard Chutkowski

Sinopse:
Tomek, un mozo de dezanove anos que vive nun bloque de apartamentos de Varsovia, espía todas as noites a súa veciña Magda, máis vella ca el. Fascinado por ela, comeza a chamala por teléfono e a inventar pequenos pretextos para entrar na súa vida. Magda mantén relacións amorosas sen compromiso e non cre no amor romántico, pero cando finalmente se coñecen, o encontro entre ambos pon a proba as súas ideas sobre o desexo, a intimidade e os sentimentos.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO E PREMIO OCIC NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1988

LEÓNS DE OURO, MELLOR ACTRIZ (GRAŻYNA SZAPOŁOWSKA), MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (STEFANIA IWIŃSKA), MELLOR FOTOGRAFÍA E MELLOR GUIÓN NO FESTIVAL DE GDYNIA 1988



VENRES 13, 17.30 | NUMAX

L'ENFER / HELL / O INFERNO (1994)

Claude Chabrol
Francia / 102 min / Francés

Ficha artística:
Emmanuelle Béart, François Cluzet, Nathalie Cardone, André Wilms, Marc Lavoine

Ficha técnica:
- **Guión:** Claude Chabrol. Adaptación do guión orixinal de Henri-Georges Clouzot
- **Fotografía:** Bernard Zitzermann
- **Edición:** Monique Fardoulis
- **Produción:** Marin Karmitz

Sinopse:
Nelly e Paul son unha parella feliz. Mentres el dirixe o fermoso hotel que acaba de mercar no campo, á beira dun lago, ela coida do fillo de ambos. Porén, os celos de Paul comezan a medrar ata converterse nunha obsesión que o leva a vixiar cada movemento da súa muller e a interpretar calquera xesto como unha proba de infidelidade. A medida que perde o control, a súa percepción da realidade distorsiónase e a vida da parella convértese nun inferno.



MÉRCORES 11, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA
LUNS 16, 17.45 | AUDITORIO DE GALICIA

LA BELLE NOISEUSE / THE BEAUTIFUL TROUBLEMAKER / A FERMOSA MENTIREIRA (1991)

Jacques Rivette
Francia, Suíza / 238 min / Francés, inglés

Ficha artística:
Michel Piccoli, Jane Birkin, Emmanuelle Béart, Marianne Denicourt, David Bursztein

Ficha técnica:
- **Guión:** Pascal Bonitzer, Christine Laurent e Jacques Rivette. Inspirado na novela curta *A obra mestra descoñecida* de Balzac
- **Fotografía:** William Lubtchansky
- **Edición:** Nicole Lubtchansky
- **Produción:** Martine Marignac e Maurice Tinchant

Sinopse:
Édouard Frenhofer, un pintor que vive coa súa muller, Liz, na Provenza francesa, recibe a visita de Nicolas, un artista parisiense, e da súa moza, Marianne. Tras anos afastado da creación artística, decide retomar unha obra que deixara inacabada, pero esta vez será Marianne, e non a súa muller, quen pose para el. Durante varios días de traballo intenso, a relación entre o pintor e a súa modelo transforma o proceso creativo nunha experiencia que pon a proba a intimidade, o desexo e os vínculos entre os personaxes.

GRAN PREMIO DO XURADO E PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO NO FESTIVAL DE CANNES 1991



MÉRCORES 18, 20.00 | AUDITORIO DE GALICIA

LA CIÉNAGA (2001)

Lucrecia Martel
Arxentina, España, Francia / 103 min / Castelán

Ficha artística:
Mercedes Morán, Graciela Borges, Martín Adjemián, Diego Baenas, Leonora Balcarce

Ficha técnica:
- **Guión:** Lucrecia Martel
- **Fotografía:** Hugo Colace
- **Edición:** Santiago Ricci
- **Produción:** Lita Stantic, Ana Aizenberg, Diego Guebel, Mario Pergolini, José María Morales e Marta Parga

Sinopse:
Nun abafante verán no noroeste de Arxentina, Mecha, unha muller de mediana idade, pasa as vacacións coa súa familia na finca La Mandrágora, mentres intenta afogar no alcohol a frustración e o malestar que a dominan. A súa curmá Tali vive cos seus catro fillos na localidade próxima de La Ciénaga. Dous accidentes reúnen as dúas familias na finca, onde a calor sufocante, a inercia dos adultos e as tensións familiares crean unha atmosfera cada vez máis opresiva.

PREMIO ALFRED BAUER NA BERLINALE 2001

GRAN CORAL Á MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR ACTRIZ (GRACIELA BORGES) E MELLOR SON NO FESTIVAL DA HABANA 2001

GRAN PREMIO NO FESTIVAL DE TOULOUSE 2001



VENRES 20, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

LA REINE MARGOT / QUEEN MARGOT / A RAÍÑA MARGOT (1994)

Patrice Chéreau
Francia, Alemaña, Italia / 158 min / Francés, italiano

Ficha artística:
Isabelle Adjani, Daniel Auteuil, Jean-Hugues Anglade, Vincent Perez, Virna Lisi, Dominique Blanc, Pascal Greggory, Claudio Amendola, Miguel Bosé

Ficha técnica:
- **Guión:** Danièle Thompson e Patrice Chéreau. Baseado na novela homónima de Alexandre Dumas
- **Fotografía:** Philippe Rousselot
- **Edición:** François Gédigier e Hélène Viard
- **Produción:** Claude Berri, Pierre Grunstein, Carsten Meyer-Grohbrügge e Paulo Trancoso

Sinopse:
No século XVI, Francia está inmersa nunha guerra de relixión que enfronta católicos e hugonotes. Para poñer fin ao conflito, o rei Carlos IX e a súa nai, Catarina de Médici, concertan o matrimonio da princesa Margarida de Valois, coñecida como Margot, co protestante Henrique de Borbón, rei de Navarra. Porén, o enlace non consegue frear as tensións relixiosas e políticas, que estalan poucos días despois coa matanza de San Bartolomeu.

GRAN PREMIO DO XURADO E MELLOR ACTRIZ (VIRNA LISI) NO FESTIVAL DE CANNES 1994

MELLOR ACTRIZ (ISABELLE ADJANI), MELLOR ACTOR SECUNDARIO (JEAN-HUGUES ANGLADE), MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (VIRNA LISI), MELLOR FOTOGRAFÍA E MELLOR VESTIARIO (MOIDELE BICKEL) NOS CÉSAR 1995



MÉRCORES 11, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 15, 15.45 | NUMAX

LE HUSSARD SUR LE TOIT / THE HORSEMAN ON THE ROOF / O HÚSAR NO TELLADO (1995)

Jean-Paul Rappeneau
Francia / 135 min / Francés, italiano

Ficha artística:
Olivier Martinez, Juliette Binoche, Pierre Arditi, François Cluzet, Jean Yanne

Ficha técnica:
- **Guión:** Jean-Paul Rappeneau, Nina Companeez e Jean-Claude Carrière. Baseado na novela homónima de Jean Giono
- **Fotografía:** Thierry Arbogast
- **Edición:** Noëlle Boisson
- **Produción:** René Cleitman e Bernard Bouix

Sinopse:
En 1832, o oficial italiano Angelo Pardi foxe dos axentes austríacos e chega á Provenza, devastada por unha epidemia de cólera. Acusado inxustamente de envelenar unha fonte, consegue escapar e coñece a Pauline de Théus, unha aristócrata que atravesa a rexión na procura do seu home. Xuntos emprenden unha perigosa viaxe por un territorio marcado pola enfermidade, o medo e a violencia, mentres entre eles nace unha relación.

MELLOR FOTOGRAFÍA E MELLOR SON NOS CÉSAR 1996



MARTES 10, 15.30 | SALÓN TEATRO

LES VOLEURS / THIEVES / OS LADRÓNS (1996)

André Téchiné
Francia / 117 min / Francés

Ficha artística:
Catherine Deneuve, Daniel Auteuil, Laurence Côte, Benoît Magimel, Fabienne Babe

Ficha técnica:
- **Guión:** André Téchiné e Gilles Taurand
- **Fotografía:** Jeanne Lapoirie
- **Edición:** Martine Giordano
- **Produción:** Alain Sarde

Sinopse:
En Lyon, o asasinato de Ivan Noël, implicado nunha rede de ladróns de coches de luxo, altera a vida dos que o rodean. O seu fillo Justin, que presencia a morte do pai sen comprender o que acontece, convértese no punto de partida dun relato que avanza e retrocede no tempo para reconstruír as relacións entre os personaxes. André Téchiné explora os vínculos familiares, o desexo, a violencia e as contradicións do amor, nun mundo onde os personaxes parecen atrapados polo seu pasado e polos seus propios impulsos.

MELLOR ACTRIZ REVELACIÓN (LAURENCE CÔTE) NOS CÉSAR 1997



SÁBADO 14, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

MELANCHOLIA / MELANCOLÍA (2011)

Lars von Trier
Dinamarca, Suecia, Francia, Alemaña / 135 min / Inglés

Ficha artística:
Kirsten Dunst, Charlotte Gainsbourg, Kiefer Sutherland, Alexander Skarsgård, Brady Corbet, Cameron Spurr, Charlotte Rampling

Ficha técnica:
- **Guión:** Lars von Trier
- **Fotografía:** Manuel Alberto Claro
- **Edición:** Morten Højbjerg e Molly Malene Stensgaard
- **Produción:** Meta Louise Foldager Sørensen, Louise Vesth, Peter Garde, Peter Aalbæk Jensen, Bettina Brokemper, Rémi Burah, Jérôme Clément, Madeleine Ekman, Tomas Eskilsson, Lars Jönsson, Marianne Jul Hansen, Katarina Krave, Michel Reilhac e Marianne Slot

Sinopse:
Justine e Michael celebran o seu casamento cunha gran festa na mansión de Claire, a irmá de Justine, e do seu marido, John. A pesar da celebración, Justine afúndese nunha profunda crise persoal que afecta as súas relacións familiares. Ao mesmo tempo, o planeta Melancolía achégase á Terra e ameaza con destruíla. Mentres Claire sucumbe ao medo ante a inminente catástrofe, Justine parece atopar unha estraña serenidade. As dúas irmás afrontan de xeito moi distinto a perspectiva da fin do mundo.

MELLOR ACTRIZ (KIRSTEN DUNST) NO FESTIVAL DE CANNES 2011
MELLOR PELÍCULA NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 2011



SÁBADO 14, 15.30 | SALÓN TEATRO

MORRER COMO UN HOMEM (2009)

João Pedro Rodrigues
Portugal, Francia / 133 min / Portugués

Ficha artística:
Fernando Santos, Gonçalo Ferreira de Almeida, Alexander David, Chandra Malatitch, Jenny Larrue, Cindy Scrash, Miguel Loureiro

Ficha técnica:
- **Guión:** João Pedro Rodrigues e Rui Catalão
- **Fotografía:** Rui Poças
- **Edición:** Rui Mourão e João Pedro Rodrigues
- **Produción:** Joaquim Sapinho, Maria João Sigalho, Sandra Fanha e Judith Nora

Sinopse:
Tonia, unha veterana artista transxénero dos espectáculos de travestismo de Lisboa, ve como o seu mundo se esboroa: a súa posición como estrela está ameazada pola competencia de artistas máis novas. Presionada polo seu mozo, Rosário, para asumir plenamente a súa identidade como muller e someterse a unha operación de reasignación sexual, Tonia enfróntase ás súas máis profundas conviccións relixiosas. Para afastarse dos seus problemas, marcha con Rosário ao campo. Tras perderse, ambos chegan a un bosque encantado, un mundo máxico onde coñecen á enigmática Maria Bakker e á súa compañeira Paula. Este encontro cambiará o rumbo das súas vidas.



LUNS 16, 15.30 | SALÓN TEATRO

ÔDISHON / AUDITION / AUDICIÓN (1999)

Takashi Miike
Xapón / 115 min / Xaponés

Ficha artística:
Ryô Ishibashi, Eihi Shiina, Tetsu Sawaki, Jun Kunimura, Renji Ishibashi

Ficha técnica:
- **Guión:** Daisuke Tengan. Baseado na novela homónima de Ryû Murakami
- **Fotografía:** Hideo Yamamoto
- **Edición:** Yasushi Shimamura
- **Produción:** Satoshi Fukushima, Akemi Suyama, Toyoyuki Yokohama e Jun'ichi Shindō

Sinopse:
O viúvo Shigeharu Aoyama decide buscar unha nova parella. Coa axuda dun amigo produtor, organiza unha falsa audición cinematográfica para coñecer mulleres interesadas. Entre as candidatas chama a súa atención Asami, unha moza enigmática cun pasado doloroso. A medida que a relación avanza, Aoyama comeza a descubrir aspectos desacougantes da súa personalidade e o que parecía unha historia de amor convértese nun perturbador pesadelo de obsesión e violencia.

PREMIOS FIPRESCI E KNF NO FESTIVAL DE ROTTERDAM 2000
PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE CINEMA DE JEONJU 2000



LUNS 9, 16.00 | SALÓN TEATRO

ONCE WERE WARRIORS / GUERREIROS DE ANTANO (1994)

Lee Tamahori
Nova Zelandia / 102 min / Inglés, maorí

Ficha artística:
Rena Owen, Temuera Morrison, Mamaengaroa Kerr-Bell, Julian Arahanga, Taungaroa Emile

Ficha técnica:
- **Guión:** Riwia Brown. Baseado na novela homónima de Alan Duff
- **Fotografía:** Stuart Dryburgh
- **Edición:** Michael Horton
- **Produción:** Andrew Mason e Robin Scholes

Sinopse:
Beth Heke e o seu marido, Jake, viven cos seus fillos nun barrio humilde de Auckland. Descendentes dos maorís, afrontan a pobreza, a exclusión social e a perda das súas raíces culturais. Jake, coñecido polo seu carácter violento e polas súas frecuentes pelexas, exerce unha violencia brutal sobre a súa familia mentres Beth tenta manter unido o fogar e protexer os fillos. Cando unha traxedia golpea a familia, Beth deberá atopar forzas para enfrontarse á realidade e recuperar a súa dignidade.

- GRAN PREMIO DAS AMÉRICAS, MELLOR ACTRIZ (RENA OWEN) E PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE MONTREAL 1994
- PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE TORONTO 1994
- PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE ROTTERDAM 1995



SÁBADO 7, 22.15 | NUMAX
LUNS 16, 22.45 | SALÓN TEATRO

ORLANDO (1992)

Sally Potter
Reino Unido, Rusia, Italia, Francia, Países Baixos / 90 min / Inglés, francés

Ficha artística:
Tilda Swinton, Billy Zane, Quentin Crisp, John Bott, Lothaire Bluteau

Ficha técnica:
- **Guión:** Sally Potter. Baseado na novela de Virginia Woolf
- **Fotografía:** Aleksei Rodionov e Andrew Spell
- **Edición:** Hervé Schneid
- **Produción:** Christopher Sheppard, Laurie Borg, Roberto Cicutto, Jean Gontier, Lynn Hanke, Martine Kelly, Luigi Musini, Richard Salmon, Vitaly Sobolev e Matthijs van Heijningen

Sinopse:
Orlando é unha criatura melancólica, independente e inmortal que atravesa catro séculos da historia inglesa. Ao longo desta viaxe, pasa de home a muller e explora os misterios da vida, da arte e da paixón, nun percorrido que cuestiona as convencións sociais e a identidade de xénero.

- MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE SITGES 1993
- MELLOR PELÍCULA EUROPEA NOVA NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 1993
- MELLOR MAQUILLAXE (MORAG ROSS) NOS BAFTA 1994



LUNS 9, 17.45 | AUDITORIO DE GALICIA

PHOENIX (2014)

Christian Petzold
Alemaña, Polonia / 98 min / Alemán

Ficha artística:
Nina Hoss, Ronald Zehrfeld, Nina Kunzendorf, Trystan Pütter, Michael Maertens

Ficha técnica:
- **Guión:** Christian Petzold e Harun Farocki. Inspirado na novela *Regreso das cinzas* de Hubert Monteilhet
- **Fotografía:** Hans Fromm
- **Edición:** Bettina Böhler
- **Produción:** Florian Koerner von Gustorf, Michael Weber, Jacek Gaczkowski, Piotr Strzelecki, Anton Kaiser, Monika Lobkowicz, Bettina Ricklefs, Andreas Schreitmüller, Frank Tönsmann e Hubert von Spreti

Sinopse:
Berlín, 1945. Nelly Lenz, supervivente de Auschwitz, regresa á súa cidade tras sufrir graves feridas no rostro e someterse a unha operación de reconstrución facial. A pesar das advertencias da súa amiga Lene, comeza a buscar o seu home, Johnny, que a cre morta e non é quen de recoñecela. Cando finalmente se reencontran, Johnny proponlle que se faga pasar pola súa propia esposa para reclamar a herdanza da familia de Nelly, asasinada no Holocausto. Ela acepta, movida polo desexo de descubrir se Johnny a amaba realmente ou se a traizoou.

- PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2014
- MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (NINA KUNZENDORF) NOS PREMIOS DO CINEMA ALEMÁN 2015



LUNS 9, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

RED ROAD (2006)

Andrea Arnold
Reino Unido, Dinamarca / 109 min / Inglés

Ficha artística:
Kate Dickie, Tony Curran, Martin Compston, Natalie Press, Paul Higgins, Andrew Armour

Ficha técnica:
- **Guión:** Andrea Arnold
- **Fotografía:** Robbie Ryan
- **Edición:** Nicolas Chaudeurge
- **Produción:** Carrie Comerford, Gillian Berrie e Sisse e Graum Jørgensen

Sinopse:
Jackie traballa como operadora das cámaras de vixilancia do concello de Glasgow. Día tras día, observa a vida doutras persoas a través dos monitores, mentres mantén as distancias e procura non implicarse en nada. A súa rutina cambia cando recoñece nas imaxes a Clyde, un home do seu pasado que pensaba que nunca volvería ver. Agora que ten a oportunidade de enfrontarse a el, sente que non pode eludila.

- PREMIO DO XURADO NO FESTIVAL DE CANNES 2006
- PREMIO CARL FOREMAN Á MELLOR ÓPERA PRIMA BRITÁNICA NOS BAFTA 2007



MÉRCORES 11, 20.00 | SALÓN TEATRO
VENRES 13, 15.30 | NUMAX

SANGUE DEL MIO SANGUE / BLOOD OF MY BLOOD / SANGUE DO MEU SANGUE (2015)

Marco Bellocchio
Italia, Francia, Suíza / 106 min / Italiano

Ficha artística:
Roberto Herlitzka, Pier Giorgio Bellocchio, Lidiya Liberman, Alba Rohrwacher, Federica Fracassi

Ficha técnica:
- **Guión:** Marco Bellocchio
- **Fotografía:** Daniele Ciprì e Marco Sgorbati
- **Edición:** Francesca Calvelli e Claudio Misantoni
- **Produción:** Beppe Caschetto, Simone Gattoni, Alessio Lazzareschi, Fabio Conversi, Gabriella de Gara e Tiziana Soudani

Sinopse:
No século XVII, Federico Mai chega a un convento de clausura en Bobbio para investigar o suicidio do seu irmán xemelgo, un sacerdote que, segundo as acusacións, foi seducido por Benedetta, unha monxa sospeitosa de bruxaría. Federico deberá decidir o destino da muller, pero a súa presenza esperta nel sentimentos inesperados. Séculos despois, o mesmo convento, xa abandonado, convértese no refuxio dun misterioso conde que vive recluído entre os seus muros. Cando a propiedade suscita o interese de novos compradores, saen á luz segredos que conectan o pasado e o presente.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE VENECIA 2015



MÉRCORES 11, 20.00 | AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 13, 22.15 | NUMAX

SID AND NANCY / SID E NANCY (1986)

Alex Cox
Reino Unido / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Gary Oldman, Chloe Webb, David Hayman, Andrew Schofield, Xander Berkeley

Ficha técnica:
- **Guión:** Alex Cox e Abbe Wool
- **Fotografía:** Roger Deakins
- **Edición:** David Martin
- **Produción:** Eric Fellner, Margaret Matheson, Peter Jaques, Peter McCarthy, Abbe Wool e Scott Millaney

Sinopse:
A película retrata a turbulenta relación entre Sid Vicious, baixista dos Sex Pistols, e Nancy Spungen, unha moza estadounidense coa que inicia unha relación marcada pola dependencia emocional, as drogas e a autodestrución. Mentres a banda punk acada notoriedade, a parella afúndese nunha espiral de excesos e conflitos que os afasta cada vez máis da realidade. Ambientada na escena punk británica e nos Estados Unidos de finais dos anos setenta, a historia reconstrúe a relación entre ambos ata o tráxico desenlace no hotel Chelsea de Nova York.

MELLOR ACTRIZ (CHLOE WEBB) NOS PREMIOS DA SOCIEDADE DE CRÍTICOS DE CINEMA DE BOSTON 1987

MELLOR NOVO INTÉRPRETE (GARY OLDMAN) NOS PREMIOS DE CINEMA EVENING STANDARD 1987



XOVES 12, 21.45 | NUMAX

SOUS LE SABLE / UNDER THE SAND / BAIXO A AREA (2000)

François Ozon
Francia, Xapón / 92 min / Francés

Ficha artística:
Charlotte Rampling, Bruno Cremer, Jacques Nolot, Alexandra Stewart, Pierre Vernier

Ficha técnica:
- **Guión:** François Ozon, Emmanuèle Bernheim, Marina de Van e Marcia Romano
- **Fotografía:** Jeanne Lapoirie e Antoine Héberlé
- **Edición:** Laurence Bawedin
- **Produción:** Olivier Delbosc e Marc Missonnier

Sinopse:
Marie e Jean forman un matrimonio que leva anos compartindo unha vida tranquila. Durante unhas vacacións na costa das Landas, Jean desaparece mentres nada no mar. A pesar de que non hai indicios de que sobrevivise, Marie négase a aceptar a súa morte e continúa comportándose como se el seguise ao seu lado. Mentres as persoas da súa contorna tentan axudala a afrontar a perda, a muller aférrase aos recordos e á presenza imaxinada do seu home.



SÁBADO 7, 18.00 | SALÓN TEATRO

SPLENDOR (1989)

Ettore Scola
Italia, Francia / 115 min / Italiano, francés

Ficha artística:
Marcello Mastroianni, Massimo Troisi, Marina Vlady, Paolo Panelli, Pamela Villoresi

Ficha técnica:
- **Guión:** Ettore Scola
- **Fotografía:** Luciano Tovoli
- **Edición:** Francesco Malvestito
- **Produción:** Mario Cecchi Gori, Vittorio Cecchi Gori, Alain Poiré e Nicolas Seydoux

Sinopse:
Jordan é o propietario do Splendor, un vello cinema de provincias que herdou do seu pai e que tenta manter aberto malia a caída da asistencia e as dificultades económicas. Coa axuda da súa compañeira, Chantal, e do proxeccionista Luigi, loita por conservar a sala, que se converteu nun punto de encontro para a comunidade. Mentres o cinema perde espectadores e se achega ao peche, os recordos das películas proxectadas e das persoas que pasaron por alí mestúranse coa vida dos protagonistas, nunha homenaxe á maxia da sétima arte e á transformación dos hábitos culturais.

CINTA DE PRATA Á MELLOR FOTOGRAFÍA NOS PREMIOS DO SINDICATO NACIONAL DE XORNALISTAS CINEMATOGRÁFICOS ITALIANOS 1989



VENRES 6, 22.00 | NUMAX

SPOORLOOS / THE VANISHING / DESAPARECIDA (1988)

George Sluizer
Países Baixos, Francia / 107 min / Neerlandés, francés, inglés

Ficha artística:
Bernard-Pierre Donnadieu, Gene Bervoets, Johanna ter Steege, Gwen Eckhaus, Bernadette Le Saché

Ficha técnica:
- **Guión:** Tim Krabbé e George Sluizer. Baseado na novela A desaparición de Tim Krabbé
- **Fotografía:** Toni Kuhn
- **Edición:** Lin Friedman e George Sluizer
- **Produción:** Anne Lordon e George Sluizer

Sinopse:
Rex e Saskia, unha parella neerlandesa, están de vacacións en Francia cando ela desaparece sen deixar rastro nunha área de servizo. Incapaz de aceptar o sucedido, Rex pasa os anos seguintes buscándoa, ata que comeza a recibir mensaxes de alguén que parece coñecer o seu paradoiro. O responsable da desaparición, Raymond Lemorne, é un home aparentemente común que agocha unha personalidade sinistra. A obsesión de Rex por descubrir a verdade acaba por envolvelo nun xogo psicolóxico cada vez máis perturbador.

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (JOHANNA TER STEEGE) NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 1988

BECERRO DE OURO Á MELLOR PELÍCULA E PREMIO DA CRÍTICA CINEMATOGRÁFICA NEERLANDESA EN 1988

MELLOR DIRECCIÓN E MELLOR ACTOR (BERNARD-PIERRE DONNADIEU) EN FANTASPORTO 1990



SÁBADO 21, 20.30 | AUDITORIO DE GALICIA

SURVEILLANCE (2008)

Jennifer Lynch
Estados Unidos, Alemaña, Canadá / 97 min / Inglés

Ficha artística:
Julia Ormond, Bill Pullman, Pell James, Caroline Aaron, Hugh Dillon

Ficha técnica:
- **Guión:** Jennifer Lynch e Kent Harper
- **Fotografía:** Peter Wunstorf
- **Edición:** Daryl K. Davis
- **Produción:** Kent Harper, Marco Mehlitz, David Michaels, David Lynch, Rhonda Baker, Gill Gayle, Jeff Geoffray, Gary Hamilton, Walter Josten, Bernd Mehlitz, Stephen Onda, Robert C. Romanus e Shane Dax Taylor

Sinopse:
Tras unha serie de brutais asasinatos nunha zona illada dos Estados Unidos, dous axentes do FBI, Elizabeth Anderson e Sam Hallaway, chegan a unha comisaría local para investigar os feitos. Alí interrogan a tres supervivientes: unha nena de oito anos, unha moza con problemas de drogadicción e un policía local de carácter violento. A través dos seus testemuños, que presentan versións contraditorias do sucedido, os axentes tentan reconstruír o que aconteceu. Porén, as declaracións agochan mentiras e contradicións, e descubrir a verdade pode ter consecuencias terribles.

MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE SITGES 2008



LUNS 9, 19.30 | AUDITORIO DE GALICIA

THE BABY OF MÂCON / O NENO DE MÂCON (1993)

Peter Greenaway
Países Baixos, Francia, Reino Unido, Alemaña / 122 min / Inglés

Ficha artística:
Julia Ormond, Ralph Fiennes, Philip Stone, Jonathan Lacey, Don Henderson

Ficha técnica:
- **Guión:** Peter Greenaway
- **Fotografía:** Sacha Vierny
- **Edición:** Chris Wyatt
- **Produción:** Kees Kasander, Denis Wigman, Christoph Hahnheiser, Frank Henschke, Yves Marmion, Jean-Louis Piel e Roland Wigman

Sinopse:
Nunha cidade francesa afectada pola infertilidade e a fame, unha muller anciá dá a luz un neno, mentres a súa filla, unha moza virxe, afirma ser a verdadeira nai. O nacemento, considerado un milagre, esperta a cobiza e a loita polo poder entre as autoridades relixiosas e civís. Unha compañía teatral representa os feitos ante a corte de Cosimo de Médici, nunha posta en escena que mestura representación e realidade e que revela a corrupción, a violencia e a hipocrisía da sociedade.

MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 1993



XOVES 12, 22.00 | SALÓN TEATRO

THE BELLY OF AN ARCHITECT / O VENTRE DUN ARQUITECTO (1987)

Peter Greenaway
Reino Unido, Italia / 119 min / Inglés, italiano

Ficha artística:
Brian Dennehy, Chloe Webb, Lambert Wilson, Sergio Fantoni, Stefania Casini

Ficha técnica:
- **Guión:** Peter Greenaway
- **Fotografía:** Sacha Vierny
- **Edición:** John Wilson
- **Produción:** Colin Callender, Walter Donohue, Conchita Airoldi e Dino Di Dionisio

Sinopse:
Stourley Kracklite, un arquitecto estadounidense, viaxa a Roma coa súa esposa embarazada para organizar unha exposición dedicada ao arquitecto neoclásico francés Étienne-Louis Boullée, cuxos proxectos visionarios apenas chegaron a construírse. Mentres prepara a mostra, Kracklite comeza a sufrir dores abdominais e a obsesionarse coa figura de Boullée. Ao mesmo tempo, a súa saúde empeora, a súa relación de parella entra en crise e medra nel a sospeita de que a súa muller o está a envelenar.



LUNS 9, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

THE COOK, THE THIEF, HIS WIFE & HER LOVER / O COCIÑEIRO, O LADRÓN, A SÚA MULLER E O SEU AMANTE (1989)

Peter Greenaway
Reino Unido, Francia, Países Baixos / 124 min / Inglés, francés, neerlandés

Ficha artística:
Richard Bohringer, Michael Gambon, Helen Mirren, Alan Howard, Tim Roth

Ficha técnica:
- **Guión:** Peter Greenaway
- **Fotografía:** Sacha Vierny
- **Edición:** John Wilson
- **Produción:** Kees Kasander, Pascale Dauman, Daniel Toscan du Plantier e Denis Wigman

Sinopse:
Albert Spica, un gánster sádico e vulgar, frecuenta diariamente o restaurante de luxo Le Hollandais, acompañado pola súa banda e pola súa esposa, Georgina. Farta da brutalidade e do comportamento humillante do seu home, Georgina inicia unha relación amorosa con Michael, un cliente habitual do restaurante. Coa complicidade do cociñeiro, a parella consegue manter os seus encontros en secreto ata que Spica descobre a infidelidade. A súa reacción desencadea unha espiral de violencia e vinganza.

MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR ACTOR (MICHAEL GAMBON), MELLOR FOTOGRAFÍA E MELLOR BANDA SONORA (MICHAEL NYMAN) NO FESTIVAL DE SITGES 1989



LUNS 16, 16.00 | NUMAX

THE REFLECTING SKIN / A PEL QUE BRILLA (1990)

Philip Ridley
Reino Unido, Canadá / 95 min / Inglés

Ficha artística:
Viggo Mortensen, Lindsay Duncan, Jeremy Cooper, Sheila Moore, Duncan Fraser

Ficha técnica:
- **Guión:** Philip Ridley
- **Fotografía:** Dick Pope
- **Edición:** Scott Thomas
- **Produción:** Dominic Anciano, Ray Burdis, Jim Beach, Les Kimber e Diane Roberts

Sinopse:
Nunha comunidade rural de Idaho nos anos cincuenta, Seth Dove, un neno de oito anos fascinado polas historias de vampiros, vive nun ambiente familiar marcado pola violencia e o medo. Cando varios nenos desaparecen en circunstancias misteriosas, Seth comeza a sospeitar que Dolphin Blue, unha viúva solitaria que vive preto da súa casa, é unha vampira. O regreso do seu irmán maior, Cameron, complica aínda máis a situación.

MELLOR ACTRIZ (LINDSAY DUNCAN) E MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 1990

LEOPARDO DE PRATA, PREMIO FIPRESCI E PREMIO CICAE NO FESTIVAL DE LOCARNO 1990



XOVES 12, 17.45 | SALÓN TEATRO

THE SWEET HEREAFTER / O DOCE PORVIR (1997)

Atom Egoyan
Canadá / 112 min / Inglés

Ficha artística:
Ian Holm, Sarah Polley, Caerthan Banks, Tom McCamus, Gabrielle Rose

Ficha técnica:
- **Guión:** Atom Egoyan. Baseado na novela *Como noutro mundo* de Russell Banks
- **Fotografía:** Paul Sarossy
- **Edición:** Susan Shipton
- **Produción:** Atom Egoyan, Camelia Frieberg, Andras Hamori, Robert Lantos, Sandra Cunningham e David Webb

Sinopse:
Un accidente de autobús escolar causa a morte de catorce nenos nunha pequena comunidade rural de Canadá. A traxedia deixa as familias devastadas e altera profundamente a vida dos habitantes. Mitchell Stephens, un avogado procedente da cidade, chega ao lugar para convencer os pais de que emprendan unha acción xudicial colectiva contra os posibles responsables. Porén, a súa intervención alimenta as tensións e as divisións entre os veciños, ao tempo que saen á luz feridas persoais e conflitos familiares.

GRAN PREMIO DO XURADO, PREMIO FIPRESCI E PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO NO FESTIVAL DE CANNES 1997

ESPIGA DE OURO, MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA E PREMIO DO XURADO NOVO NA SEMINCI 1997



SÁBADO 14, 22.30 | NUMAX

TIDELAND (2005)

Terry Gilliam
Reino Unido, Canadá / 120 min / Inglés

Ficha artística:
Jeff Bridges, Jennifer Tilly, Jodelle Ferland, Janet McTeer, Brendan Fletcher

Ficha técnica:
- **Guión:** Tony Grisoni e Terry Gilliam. Baseado na novela homónima de Mitch Cullin
- **Fotografía:** Nicola Pecorini
- **Edición:** Lesley Walker
- **Produción:** Gabriella Martinelli, Jeremy Thomas, Paul Brett, Peter Watson, Rhonda Baker, Wladyslaw Bartoszewics e Nick O'Hagan

Sinopse:
Jeliza-Rose é unha nena que vive cos seus pais, ambos os dous drogodependentes. Tras a morte da súa nai, marcha co seu pai, Noah, a unha vella casa de campo onde el falece pouco despois. Soa nun ambiente desolado, a nena refúxiase na súa imaxinación e constrúe un mundo fantástico no que os vagalumes teñen nome, os homes de barro espertan ao solpor, tiburóns monstruosos nadan polas vías do tren e cabezas seccionadas de Barbies comparten as súas aventuras.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2005



SÁBADO 7, 22.00 | SALÓN TEATRO

TO SLEEP WITH ANGER / NUNCA TE DEITES ENFADADO (1990)

Charles Burnett
Estados Unidos / 102 min / Inglés

Ficha artística:
Danny Glover, Paul Butler, DeVaughn Nixon, Mary Alice, Reina King, Cory Curtis, Richard Brooks, Sheryl Lee Ralph

Ficha técnica:
- **Guión:** Charles Burnett
- **Fotografía:** Walt Lloyd
- **Edición:** Nancy Richardson
- **Produción:** Thomas S. Byrnes, Caldecot Chubb, Darin Scott, Danny Glover, Edward R. Pressman, Harris Tulchin, Michael Flynn, Linda Koulisis e Ron Stacker Thompson

Sinopse:
Harry Mention, un vello coñecido que chega do sur dos Estados Unidos, visita a familia de Gideon e Suzie, un matrimonio afroamericano que vive en Los Ángeles cos seus fillos xa adultos. A súa chegada altera a convivencia familiar e reaviva antigas crenzas, supersticións e rivalidades. Mentres Harry, cunha personalidade sedutora e enigmática, gaña influencia sobre algúns membros da familia, as tensións entre os dous irmáns, Junior e Babe Brother, agrávanse.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE SUNDANCE 1990



DOMINGO 15, 22.45 | SALÓN TEATRO

TRAS EL CRISTAL (1986)

Agustí Villaronga
España / 110 min / Castelán

Ficha artística:
Günter Meisner, David Sust, Marisa Paredes, Gisèle Echevarría, Imma Colomer

Ficha técnica:
- **Guión:** Agustí Villaronga
- **Fotografía:** Jaume Peracaula
- **Edición:** Raúl Román
- **Produción:** Teresa Enrich

Sinopse:
Durante a Segunda Guerra Mundial, o doutor Klaus torturou, asasinou e abusou de numerosos nenos nos campos de concentración nazis. Tras a guerra, un intento de suicidio obrigarao a permanecer conectado a un pulmón de aceiro, axudado unicamente pola súa muller, Griselda, e a súa filla, Rena. A chegada dun mozo que se ofrece para coidalo dá lugar a unha sórdida relación marcada polo desexo, a vinganza e a fascinación polo mal.

MELLOR ÓPERA PRIMA NOS PREMIOS SANT JORDI 1988



XOVES 19, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

TROLÖSA / FAITHLESS / INFIEL (2000)

Liv Ullmann
Suecia, Italia, Alemaña, Finlandia, Noruega / 154 min / Sueco


Ficha artística:
Lena Endre, Erland Josephson, Krister Henriksson, Thomas Hanzon, Michelle Gylemo

Ficha técnica:
- **Guión:** Ingmar Bergman
- **Fotografía:** Jörgen Persson
- **Edición:** Sylvia Ingemarsson
- **Produción:** Kaj Larsen, Johan Mardell, Maria Curman, Mats Arehn e Hjalmar Palmgren

Sinopse:
Marianne, unha actriz casada con Markus, un director de orquestra, mantén unha relación amorosa con David, o mellor amigo do seu marido. O que comeza como unha amizade convértese nunha paixón que acaba por destruír o matrimonio e desencadea unha espiral de celos, traizóns e sufrimento. Mentres Markus loita pola custodia da súa filla Isabelle, as decisións dos adultos deixan profundas feridas na nena. Anos despois, un escritor evoca a historia de Marianne e reconstrúe os acontecementos, nun relato sobre a infidelidade, a culpa e as consecuencias emocionais das relacións humanas.

MELLOR ACTRIZ ESTRANXEIRA (LENA ENDRE) NOS PREMIOS SANT JORDI 2001

MELLOR ACTRIZ (LENA ENDRE) NOS PREMIOS GULDBAGGE DA ACADEMIA SUECA DO CINEMA 2001



MARTES 10, 19.30 | AUDITORIO DE GALICIA

TRUE ROMANCE / AMOR A QUEIMARROUPA (1993)

Tony Scott
Estados Unidos / 119 min / Inglés, italiano

Ficha artística:
Christian Slater, Patricia Arquette, Dennis Hopper, Val Kilmer, Gary Oldman, Brad Pitt, Christopher Walken

Ficha técnica:
- **Guión:** Quentin Tarantino
- **Fotografía:** Jeffrey L. Kimball
- **Edición:** Michael Tronick e Christian Wagner
- **Produción:** Samuel Hadida, Steve Perry, Bill Unger, Gary Barber, Stanley Margolis, James G. Robinson, Bob Weinstein, Harvey Weinstein, Lisa Cogswell, Don Edmonds, Spencer Franklin, Gregory Manson e James W. Skotchdopole

Sinopse:
Clarence Worley, un afeccionado aos cómics e ao cine de Elvis Presley, namórase de Alabama, unha moza que exerce a prostitución. Tras matar o seu proxeneta, Clarence foxe con ela e, por erro, leva unha maleta chea de cocaína. A parella viaxa a California coa intención de vender a droga e comezar unha nova vida, pero axiña se ve perseguida por perigosos narcotraficantes. A súa fuxida convértese nunha carreira desesperada na que se mesturan o amor, a violencia e o azar.

MELLOR NOVO GUIONISTA (QUENTIN TARANTINO) NOS PREMIOS DO CÍRCULO DE CRÍTICOS DE CINEMA DE LONDRES 1994



MARTES 10, 15.30 | NUMAX

UNDERGROUND (1995)

Emir Kusturica
Iugoslavia, Francia, Alemaña, Bulgaria, República Checa, Hungría / 170 min / Serbio, alemán, francés, inglés, ruso

Ficha artística:
Miki Manojlović, Lazar Ristovski, Mirjana Joković, Slavko Štimac, Ernst Stötzner

Ficha técnica:
- **Guión:** Dušan Kovačević e Emir Kusturica
- **Fotografía:** Vilko Filač
- **Edición:** Branka Čeperac
- **Produción:** Slobodan 'Coka' Djordjevic, Pierre Spengler, Slobodin Terzic, Karl Baumgartner e Maksa Ćatović

Sinopse:
Belgrado, 1941. Marko agocha o seu amigo Petar dos nazis nun soto onde un grupo de partisanos vive baixo terra e fabrica armas. Pero o que comeza como unha estratexia de supervivencia convértese nunha farsa lucrativa cando Marko convence os refuxiados de que a guerra continúa, manténdoos agochados durante décadas mentres el ascende na Iugoslavia comunista.

PALMA DE OURO NO FESTIVAL DE CANNES 1995

MELLOR PELÍCULA EN LINGUA ESTRANXEIRA NOS PREMIOS DA SOCIEDADE DE CRÍTICOS DE CINEMA DE BOSTON 1997



MÉRCORES 18, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

UTOMLENNYE SOLNTSEM / BURNT BY THE SUN / QUEIMADO POLO SOL (1994)

Nikita Mikhalkov
Rusia, Francia / 141 min / Ruso, francés

Ficha artística:
Nikita Mikhalkov, Ingeborga Dapkunaite, Oleg Menshikov, Nadezhda Mikhalkova, Vyacheslav Tikhonov

Ficha técnica:
- **Guión:** Nikita Mikhalkov e Rustam Ibragimbekov
- **Fotografía:** Vilen Kalyuta
- **Edición:** Enzo Meniconi
- **Produción:** Nikita Mikhalkov e Michel Seydoux

Sinopse:
No verán de 1936, o coronel Serguei Kotov, heroe da Revolución bolxevique, pasa uns días de descanso coa súa familia nunha casa de campo. Pero a calma finaliza coa chegada de Dimitri, un antigo amante da súa muller que desaparecera dez anos antes e que agora traballa para a policía secreta de Stalin. A familia recibe con afecto o visitante, que axiña se achega á pequena Nadia, filla de Kotov. Pero baixo esa aparente harmonía medra a tensión entre os dous homes.

GRAN PREMIO DO XURADO E PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO NO FESTIVAL DE CANNES 1994

MELLOR PELÍCULA EN LINGUA ESTRANXEIRA NOS ÓSCAR 1995



MARTES 10, 18.00 | SALÓN TEATRO

WHITE MATERIAL / UNHA MULLER EN ÁFRICA (2009)

Claire Denis
Francia / 106 min / Francés

Ficha artística:
Isabelle Huppert, Christophe Lambert, Isaach de Bankolé, Nicolas Duvauchelle, William Nadylam

Ficha técnica:
- **Guión:** Claire Denis e Marie NDiaye
- **Fotografía:** Yves Cape
- **Edición:** Raúl Román
- **Produción:** Pascal Caucheteux e Serge Hayat

Sinopse:
Nun país africano sen nome, sacudido por unha guerra civil, Maria Vial, unha muller francesa que dirixe unha plantación de café, négase a abandonar a terra na que construíu a súa vida, a pesar do perigo crecente. Mentres as forzas rebeldes avanzan e a violencia se estende pola rexión, os traballadores abandonan a plantación e a súa familia comeza a desintegrarse. O seu fillo, Manuel, toma decisións cada vez máis arriscadas, mentres Maria se aferra á esperanza de salvar a colleita. A súa determinación enfróntaa tanto á ameaza inmediata do conflito como ás contradicións dunha presenza colonial que xa non ten lugar naquela sociedade.



XOVES 12, 15.30 | SALÓN TEATRO

WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU (1987)

Bruce Robinson
Reino Unido / 107 min / Inglés

Ficha artística:
Richard E. Grant, Paul McGann, Richard Griffiths, Ralph Brown, Michael Elphick

Ficha técnica:
- **Guión:** Bruce Robinson
- **Fotografía:** Peter Hannan
- **Edición:** Alan Strachan
- **Produción:** Paul M. Heller, George Harrison, Denis O'Brien, Lawrence Kirstein e David Wimbury

Sinopse:
Londres, 1969. Withnail e o seu amigo Marwood, dous actores sen traballo que malviven nun apartamento ruinoso de Camden, deciden marchar uns días ao campo para escapar da súa precaria situación. A través do tío de Withnail, Monty, conseguen as chaves dunha casa de campo no Distrito dos Lagos. Porén, as vacacións resultan ser todo menos idílicas: a chuvia, a falta de comida, os habitantes da zona e a inesperada visita de Monty converten a súa escapada nunha sucesión de situacións absurdas e incómodas.

MELLOR GUIÓN NOS PREMIOS DE CINEMA EVENING STANDARD 1989





Werk ohne Autor
Florian Henckel von Donnersmarck

PREMIO CINEUROPA 2018



Papicha
Mounia Meddour

PREMIO CINEUROPA 2019



The Father
Florian Zeller

PREMIO CINEUROPA 2020



Petit Solange
Axelle Ropert

PREMIO CINEUROPA 2021

CINEUROPA
40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CINEUROPA
40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

SECCIÓNS PARALELAS

AS INMORTAIS DE HITCHCOCK

Eva Marie Saint

XOVES 12, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

NORTH BY NORTHWEST / COA MORTE NOS TALÓNS (1959)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 136 min / Inglés

Ficha artística:
Cary Grant, Eva Marie Saint, James Mason, Jessie Royce Landis, Leo G. Carroll

Ficha técnica:
- **Guión:** Ernest Lehman
- **Fotografía:** Robert Burks
- **Edición:** George Tomasini
- **Produción:** Herbert Coleman e Alfred Hitchcock

Sinopse:
Roger Thornhill, un executivo publicitario, é confundido cun axente secreto chamado George Kaplan e secuestrado por un grupo de espías. Tras conseguir escapar, vese implicado nunha trama de espionaxe na que ninguén parece ser quen di ser. Perseguido tanto polos seus inimigos como pola policía, emprende unha fuxida por Estados Unidos durante a que coñece a Eve Kendall, unha misteriosa muller cuxas verdadeiras intencións deberá descubrir.

CUNCHA DE PRATA
NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1959



SÁBADO 7, 20.00 | AUDITORIO DE GALICIA

A HATFUL OF RAIN / UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA (1957)

Fred Zinnemann
Estados Unidos / 109 min / Inglés

Ficha artística:
Eva Marie Saint, Don Murray, Anthony Franciosa, Lloyd Nolan, Henry Silva

Ficha técnica:
- **Guión:** Michael V. Gazzo, Alfred Hayes e Carl Foreman. Baseado na obra teatral homónima de Michael V. Gazzo
- **Fotografía:** Joseph MacDonald
- **Edición:** Dorothy Spencer
- **Produción:** Buddy Adler

Sinopse:
Johnny Pope, un veterano da guerra de Corea, é adicto á morfina e intenta ocultar a súa dependencia á súa muller, Celia, que está embarazada, e ao seu irmán Polo. A chegada do pai dos dous irmáns, afastado da familia desde hai anos, agrava as tensións nun fogar xa marcado polos segredos e a precariedade. Mentres Polo trata de axudar a Johnny, a adicción deste ameaza con destruír as relacións familiares.

COPA VOLPI AO MELLOR ACTOR (ANTHONY FRANCIOSA)
NO FESTIVAL DE VENECIA 1957



Julie Andrews

XOVES 12, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

THE STALKING MOON / A NOITE DOS XIGANTES (1968)

Robert Mulligan
Estados Unidos / 109 min / Inglés

Ficha artística:
Gregory Peck, Eva Marie Saint, Robert Forster, Noland Clay, Russell Thorson

Ficha técnica:
- **Guión:** Alvin Sargent e Wendell Mayes. Baseado na novela homónima de Theodore V. Olsen
- **Fotografía:** Charles Lang
- **Edición:** Aaron Stell
- **Produción:** Alan J. Pakula

Sinopse:
Arizona, 1881. Sam Varner, un explorador do exército a piques de retirarse, axuda a Sarah Carver, unha muller branca que pasou dez anos cativa dos apaches, e ao seu fillo mestizo a regresar á civilización. A viaxe convértese nunha fuxida desesperada cando Salvaje, un guerreiro apache que persegue a muller e o neno, comeza a seguilos. Sam deberá protexelos nun territorio hostil, nunha loita pola supervivencia marcada pola tensión e o silencio.



VENRES 13, 16.00 | SALÓN TEATRO

TORN CURTAIN / CORTINA ESGAZADA (1966)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 128 min / Inglés

Ficha artística:
Paul Newman, Julie Andrews, Lila Kedrova, Hansjörg Felmy, Tamara Toumanova

Ficha técnica:
- **Guión:** Brian Moore, Willis Hall e Keith Waterhouse
- **Fotografía:** John F. Warren
- **Edición:** Bud Hoffman
- **Produción:** Alfred Hitchcock

Sinopse:
Michael Armstrong, un científico estadounidense especializado en física nuclear, viaxa a Copenhague para asistir a un congreso e sorprende a todos cando anuncia a súa intención de pasarse ao bloque soviético. A súa prometida e asistente, Sarah Sherman, sígueo ata a Alemaña Oriental, onde descobre que a deserción é unha tapadeira: Michael pretende obter información científica secreta para o Goberno estadounidense. Perseguidos polos servizos de seguridade da República Democrática Alemá, ambos deberán acudir a unha rede clandestina para tentar escapar.



Julie Andrews

DOMINGO 8, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

HAWAII / HAWAI (1966)

George Roy Hill e Arthur Hiller
Estados Unidos / 161 min / Inglés, hawaiano

Ficha artística:
Julie Andrews, Max von Sydow, Richard Harris, Gene Hackman, Carroll O'Connor, Jocelyne LaGarde, Manu Tupou

Ficha técnica:
- **Guión:** Dalton Trumbo e Daniel Taradash. Baseado na novela homónima de James A. Michener
- **Fotografía:** Russell Harlan
- **Edición:** Stuart Gilmore
- **Produción:** Walter Mirisch e Lewis J. Rachmil

Sinopse:
Abner Hale, un estudante universitario de teoloxía, decide converterse en misioneiro e viaxar a Hawai para predicar o cristianismo. Antes de partir, casa con Jerusha Bromley. Tras unha longa e difícil travesía, a parella chega ás illas, onde entra en contacto coa sociedade local e coa súa raíña, Malama. Mentres Jerusha trata de comprender os costumes e as crenzas dos habitantes, Abner impón unha visión ríxida da relixión e pretende transformar o seu modo de vida. O encontro entre dúas culturas desencadea conflitos que poñen a proba as conviccións dos misioneiros e a supervivencia das tradicións hawaianas.

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (JOCELYNE LAGARDE) E MELLOR BANDA SONORA ORIXINAL (ELMER BERNSTEIN) NOS GLOBOS DE OURO 1967



SÁBADO 21, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA

VICTOR/VICTORIA / VÍCTOR OU VICTORIA? (1982)

Blake Edwards
Reino Unido, Estados Unidos / 134 min / Inglés, francés

Ficha artística:
Julie Andrews, James Garner, Robert Preston, Lesley Ann Warren, Alex Karras

Ficha técnica:
- **Guión:** Blake Edwards. Baseado no filme *Viktor und Viktoria* (1933), con argumento orixinal de Hans Hoemburg e guión de Reinhold Schünzel
- **Fotografía:** Dick Bush
- **Edición:** Ralph E. Winters
- **Produción:** Tony Adams, Blake Edwards e Gerald T. Nutting

Sinopse:
París, anos trinta. Victoria Grant, unha cantante británica sen traballo, coñece a Toddy, un artista de cabaré que lle propón facerse pasar por un home que imita mulleres. Baixo a identidade de Víctor, Victoria acada un grande éxito, pero a súa nova vida complícase cando King Marchand, un gánster estadounidense, se namora dela e comeza a sospeitar que Víctor non é quen aparenta ser.

MELLOR BANDA SONORA ADAPTADA NOS ÓSCAR 1983
MELLOR ACTRIZ DE COMEDIA OU MUSICAL (JULIE ANDREWS) NOS GLOBOS DE OURO 1983
MELLOR PELÍCULA ESTRANXEIRA NOS CÉSAR 1983



Kim Novak

XOVES 12, 18.00 | NUMAX

VERTIGO / VERTIXE (1958)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 128 min / Inglés

Ficha artística:
James Stewart, Kim Novak, Barbara Bel Geddes, Tom Helmore, Henry Jones

Ficha técnica:
- **Guión:** Alec Coppel, Samuel A. Taylor e Maxwell Anderson. Baseado na novela *De entre os mortos* de Pierre Boileau e Thomas Narcejac
- **Fotografía:** Robert Burks
- **Edición:** George Tomasini
- **Produción:** Herbert Coleman e Alfred Hitchcock

Sinopse:
Scottie Ferguson, un antigo detective da policía de San Francisco que sofre vertixe e medo ás alturas, acepta o encargo dun vello amigo para seguir a súa esposa, Madeleine, cuxo comportamento estraño parece estar relacionado cunha muller morta hai moitos anos. Fascinado por ela, Scottie mergúllase nunha investigación que se transforma nunha obsesión, na que se confunden a memoria, o desexo e a identidade.

CUNCHA DE PRATA E PREMIO ZULUETA AO MELLOR ACTOR (JAMES STEWART) NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1958



VENRES 13, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

KISS ME, STUPID / BÍCAME, PARVO (1964)

Billy Wilder
Estados Unidos / 125 min / Inglés

Ficha artística:
Dean Martin, Kim Novak, Ray Walston, Felicia Farr, Cliff Osmond

Ficha técnica:
- **Guión:** Billy Wilder, I. A. L. Diamond. Baseado na obra de teatro *L'ora della fantasia* de Anna Bonacci
- **Fotografía:** Joseph LaShelle
- **Edición:** Daniel Mandell
- **Produción:** Billy Wilder, I.A.L. Diamond, Doane Harrison e Dean Martin

Sinopse:
Dino, un famoso cantante coñecido pola súa reputación de conquistador empedernido, queda atrapado en Clímax, unha pequena localidade de Nevada. Alí viven Barney Millsap, empregado da gasolineira, e o seu amigo Orville Spooner, profesor de piano. Ambos os dous compoñen cancións xuntos e intentan convencer a Dino para que interprete os seus temas. Para conseguilo, urden un plan que implica enganos e identidades falsas, pero a situación axiña se complica.



Kim Novak

LUNS 9, 15.30 | NUMAX

PICNIC (1955)

Joshua Logan
Estados Unidos / 115 min / Inglés

Ficha artística:
William Holden, Kim Novak, Betty Field,
Susan Strasberg, Rosalind Russell, Cliff Robertson

Ficha técnica:
- **Guión:** Daniel Taradash. Baseado na obra teatral homónima de William Inge
- **Fotografía:** James Wong Howe
- **Edición:** Charles Nelson e William A. Lyon
- **Produción:** Fred Kohlmar

Sinopse:
Nunha pequena localidade de Kansas, a chegada de Hal Carter, un home atractivo e errante, altera a vida dos habitantes. Hal busca un antigo compañeiro de universidade, Alan Benson, pero axiña chama a atención de Madge, a noiva de Alan, e esperta sentimentos e desexos que permanecían agochados. Durante a celebración dun picnic, as tensións amorosas e sociais saen á luz.

MELLOR DIRECCIÓN ARTÍSTICA EN COR E MELLOR EDICIÓN NOS ÓSCAR 1956

MELLOR DIRECCIÓN NOS GLOBOS DE OURO 1956



Shirley MacLaine

DOMINGO 15, 22.30 | NUMAX

THE TROUBLE WITH HARRY / PERO... QUEN MATOU A HARRY? (1955)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 99 min / Inglés

Ficha artística:
Edmund Gwenn, John Forsythe, Shirley MacLaine,
Mildred Natwick, Mildred Dunnock

Ficha técnica:
- **Guión:** John Michael Hayes e Jack Trevor Story
- **Fotografía:** Robert Burks
- **Edición:** Alma Macrorie
- **Produción:** Herbert Coleman e Alfred Hitchcock

Sinopse:
Nunha pequena localidade rural de Vermont aparece o cadáver de Harry, un home cuxa morte parece implicar a varios veciños. Cada un deles teme ser responsable do sucedido, pero ninguén parece demasiado interesado en avisar a policía. Mentres intentan decidir que facer co corpo, sucédense situacións absurdas e malentendidos que transforman o incidente nunha comedia negra sobre a morte, as convencións sociais e a natureza humana.

ACTRIZ REVELACIÓN MÁIS PROMETEDORA (SHIRLEY MACLAINE) NOS GLOBOS DE OURO 1955



LUNS 9, 22.00 | SALÓN TEATRO

SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE (1958)

Vincente Minnelli
Estados Unidos / 137 min / Inglés

Ficha artística:
Frank Sinatra, Dean Martin, Shirley MacLaine,
Martha Hyer, Arthur Kenned

Ficha técnica:
- **Guión:** John Patrick e Arthur Sheekman. Baseado na novela homónima de James Jones
- **Fotografía:** William H. Daniels
- **Edición:** Adrienne Fazan
- **Produción:** Sol C. Siegel

Sinopse:
Dave Hirsh, un escritor e veterano de guerra, regresa á súa cidade natal de Indiana tras anos de ausencia. Alí reencontra o seu irmán e coñece a Ginny, unha moza alegre e inxenua, e a Gwen, unha profesora de literatura pola que sente unha fonda atracción. Mentres tenta reconstruír a súa vida, Dave enfróntase aos prexuízos dunha comunidade conservadora e ás súas propias contradicións.



LUNS 9, 17.45 | NUMAX

THE CHILDREN'S HOUR / A CALUMNIA (1961)

William Wyler
Estados Unidos / 108 min / Inglés

Ficha artística:
Audrey Hepburn, Shirley MacLaine, James Garner,
Miriam Hopkins, Fay Bainter, Karen Balkin

Ficha técnica:
- **Guión:** John Michael Hayes. Baseado na obra teatral homónima de Lillian Hellman
- **Fotografía:** Franz Planer
- **Edición:** Robert Swink
- **Produción:** William Wyler, Robert Wyler e Walter Mirisch

Sinopse:
Karen Wright e Martha Dobie son dúas amigas que dirixen unha escola privada para nenas. Cando unha das alumnas inventa o rumor de que ambas manteñen unha relación lésbica, a mentira espállase e provoca un escándalo que destrúe a reputación das profesoras. Malia os seus intentos por defenderse, as dúas mulleres enfróntanse ao rexeitamento social e ás consecuencias dunha acusación que pon en perigo a súa carreira, a súa amizade e a súa vida persoal.



Tippi Hedren

LUNS 9, 21.30 | NUMAX

MARNIE / MARNIE, A LADROA (1964)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 130 min / Inglés

Ficha artística:
Tippi Hedren, Sean Connery, Martin Gabel, Louise Latham, Diane Baker

Ficha técnica:
- **Guión:** Jay Presson Allen. Baseado na novela homónima de Winston Graham
- **Fotografía:** Robert Burks
- **Edición:** George Tomasini
- **Produción:** Alfred Hitchcock

Sinopse:
Marnie Edgar é unha secretaria que cambia de identidade e rouba nas empresas nas que traballa. Cando Mark Rutland, o seu novo xefe, descobre o seu segredo, en lugar de denunciala decide casar con ela. Porén, a relación está marcada polos medos e os traumas de Marnie, que lle impiden establecer vínculos afectivos e vivir a súa sexualidade con normalidade. Mark tenta descubrir as causas do seu comportamento e axudala a afrontar un pasado doloroso.



DOMINGO 8, 16.00 | NUMAX

THE BIRDS / OS PAXAROS (1963)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 119 min / Inglés

Ficha artística:
Tippi Hedren, Rod Taylor, Jessica Tandy, Suzanne Pleshette, Veronica Cartwright

Ficha técnica:
- **Guión:** Evan Hunter. Baseado no relato homónimo de Daphne du Maurier
- **Fotografía:** Robert Burks
- **Edición:** George Tomasini
- **Produción:** Alfred Hitchcock

Sinopse:
Melanie Daniels, unha moza rica e snob da alta sociedade de San Francisco, coñece casualmente a Mitch Brenner nunha tenda de animais e decide seguilo ata Bodega Bay, onde vive coa súa familia. A súa chegada coincide cunha serie de ataques inexplicables de paxaros contra os habitantes da localidade. O que comeza como un incidente illado convértese nunha ameaza crecente que sementa o pánico e obriga os protagonistas a loitar pola supervivencia.

MELLOR ACTOR SECUNDARIO (ROD TAYLOR)
NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1963

MELLOR ACTRIZ REVELACIÓN (TIPPI HEDREN)
NOS GLOBOS DE OURO 1964



Vera Miles

DOMINGO 8, 18.15 | NUMAX

PACIFIC HEIGHTS / DE SÚPETO, UN ESTRAÑO (1990)

John Schlesinger
Estados Unidos / 102 min / Inglés

Ficha artística:
Melanie Griffith, Matthew Modine, Michael Keaton, Mako, Nobu McCarthy, Tippi Hedren

Ficha técnica:
- **Guión:** Daniel Pyne
- **Fotografía:** Amir Mokri
- **Edición:** Steven Ramirez e Mark Warner
- **Produción:** Scott Rudin, William Sackheim, James G. Robinson, Joe Roth, Gary Barber, Dennis E. Jones e David Nicksay

Sinopse:
Patty e Drake, unha parella de San Francisco, compran e restauran unha antiga casa vitoriana e, para para facer fronte á hipoteca, alugan os apartamentos da planta baixa. Todo parece ir ben ata que Carter Hayes, un inquilino aparentemente modélico, axiña comeza a incumprir os pagos e a provocar danos na vivenda. Aproveitándose das leis que protexen os arrendatarios, Hayes emprende unha calculada estratexia para arruinar a parella e facerse coa casa. A medida que a situación se volve máis perigosa, Patty e Drake ven como se esborralla a súa estabilidade económica e a súa relación.



MARTES 17, 18.15 | AUDITORIO DE GALICIA

PSYCHO / PSICOSE (1960)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 109 min / Inglés

Ficha artística:
Anthony Perkins, Janet Leigh, Vera Miles, John Gavin, Martin Balsam, John McIntire, Simon Oakland

Ficha técnica:
- **Guión:** Joseph Stefano. Baseado na novela homónima de Robert Bloch
- **Fotografía:** John L. Russell
- **Edición:** George Tomasini
- **Produción:** Alfred Hitchcock

Sinopse:
Marion Crane, unha secretaria dunha inmobiliaria, rouba unha importante suma de diñeiro e foxe da cidade. Durante a viaxe, detense nun motel apartado rexentado polo tímido Norman Bates, que vive coa súa nai nunha casa próxima. A desaparición de Marion desencadea unha investigación que irá revelando unha realidade moito máis perturbadora do que parecía nun primeiro momento.

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA (JANET LEIGH)
NOS GLOBOS DE OURO 1961



Vera Miles

DOMINGO 8, 22.30 | NUMAX

THE WRONG MAN / FALSO CULPABLE (1956)

Alfred Hitchcock
Estados Unidos / 105 min / Inglés

Ficha artística:
Henry Fonda, Vera Miles, Anthony Quayle,
Harold J. Stone, Charles Cooper

Ficha técnica:
- **Guión:** Maxwell Anderson e Angus MacPhail
- **Fotografía:** Robert Burks
- **Edición:** George Tomasini
- **Produción:** Alfred Hitchcock e Herbert Coleman

Sinopse:
Christopher «Manny» Balestrero, un músico que traballa nun local nocturno de Nova York, é confundido co autor de varios atracos e detido pola policía. Aínda que é inocente, as probas circunstanciais e as identificacións das testemuñas parecen incriminalo. Mentres tenta demostrar que non cometeu os delitos, a presión da investigación e do proceso xudicial afecta gravemente á súa muller, Rose.



XOVES 12, 16.00 | NUMAX

AUTUMN LEAVES / FOLLAS DE OUTONO (1956)

Robert Aldrich
Estados Unidos / 107 min / Inglés

Ficha artística:
Joan Crawford, Cliff Robertson, Vera Miles,
Lorne Greene, Ruth Donnelly

Ficha técnica:
- **Guión:** Jean Rouverol, Hugo Butler,
  Lewis Meltzer e Robert Blees
- **Fotografía:** Charles Lang
- **Edición:** Michael Luciano
- **Produción:** William Goetz

Sinopse:
Milly Wetherby é unha muller solitaria que dedicou boa parte da súa vida ao coidado do seu pai. Cando coñece a Burt Hanson, un home bastante máis novo ca ela, cre atopar por fin o amor e a oportunidade de comezar unha nova vida. Porén, tras o matrimonio, a aparición de Virginia, a primeira muller de Burt, e a revelación de segredos do pasado poñen en perigo a felicidade da parella.

OSO DE PRATA AO MELLOR DIRECTOR NA BERLINALE 1956



SÁBADO 14, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

THE MAN WHO SHOT LIBERTY VALANCE / O HOME QUE MATOU A LIBERTY VALANCE (1962)

John Ford
Estados Unidos / 123 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
James Stewart, John Wayne, Vera Miles, Lee Marvin, Edmond O'Brien, Andy Devine

Ficha técnica:
- **Guión:** James Warner Bellah e Willis Goldbeck.
  Baseado na novela homónina de Dorothy M. Johnson
- **Fotografía:** William H. Clothier
- **Edición:** Otho Lovering
- **Produción:** Willis Goldbeck

Sinopse:
Cando o senador Ransom Stoddard regresa á pequena localidade de Shinbone para asistir ao funeral do seu vello amigo Tom Doniphon, un xornalista pregúntalle polo motivo da súa visita. Stoddard rememora entón os seus primeiros anos no Oeste, cando chegou como un novo avogado decidido a defender a lei fronte ao temido pistoleiro Liberty Valance, que sometía a poboación á súa violencia. Mentres o idealismo do letrado choca coa brutalidade da fronteira, Doniphon, un gandeiro experimentado, tamén se enfronta ao fóra da lei, aínda que por medios moi distintos. Un duelo marcará o destino dos tres homes e converterá Stoddard nun heroe aos ollos da opinión pública.





El caso Padilla
Pavel Giroud

PREMIO CINEUROPA 2022

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

SECCIÓNS PARALELAS

CINEUROPA MIÚDA

DOMINGO 15, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

GIOIA MIA / SWEETHEART (2025)

Margherita Spampinato
Italia / 90 min / Italiano / Para todos os públicos

Ficha artística:
Aurora Quattrocchi, Marco Fiore,
Camille Dugay, Martina Ziami

Ficha técnica:
- **Guión:** Margherita Spampinato
- **Fotografía:** Claudio Cofrancesco
- **Edición:** Margherita Spampinato
- **Produción:** Benedetta Scagnelli e Alessio Pasqua

Sinopse:
Nico, un neno vivaz e respondón, criado nunha familia laica e nun mundo hiperconectado, vese obrigado a pasar o verán en Sicilia coa súa tía avoa, unha muller moi relixiosa e de carácter difícil que vive soa nun antigo palacio alleo á tecnoloxía, entre lendas e supersticións. O choque entre dous mundos tan distintos dá lugar a unha convivencia conflitiva, pero tamén a un vínculo inesperado que lles permitirá descubrir canto teñen que aprender un do outro.

MELLOR INTERPRETACIÓN (AURORA QUATTROCCHI) E PREMIO ESPECIAL DO XURADO CINÉ+ NA SECCIÓN CINEASTAS DO PRESENTE DO FESTIVAL DE LOCARNO 2025

MELLOR ACTRIZ (AURORA QUATTROCCHI) E MELLOR DIRECCIÓN NOVEL NOS PREMIO DAVID DI DONATELLO 2026





Io Capitano
Matteo Garrone



Zielona Granica
Agnieszka Holland

PREMIOS CINEUROPA 2023



El circo de los muchachos
Elías León Siminiani

PREMIO CINEUROPA 2024



La Grazia
Paolo Sorrentino

PREMIO CINEUROPA 2025

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

CINEUROPA 40 EDICIÓNS MOVENDO A NOSA FORMA DE MIRAR

ACTIVIDADES

AQUÍ E ACOLÁ

Espectáculo musical cómico e patético dunha memoria perdida no tempo

Teatro Frenesí (Suíza)

SÁBADO 7, 18.00 | ZONA C

60 min | Castelán | +10 anos
Entrada de balde previa retirada de convites en compostelacultura.gal ou na Zona C

Idea e interpretación: Teresa Larraga
Colaboración artística: Alexandra Gentile
Asesoramento artístico: Antonio Buil
Colaboración dramatúrxica: Laura Gambarini
Coreografía: Claudia Grochain
Composición e arranxos musicais: Luca Musy

fundación suiza para la cultura
prohelvetia

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES



© Pierre William Henri

Aquí e acolá está protagonizada por Alma, unha muller maior con alzhéimer que prepara unha festa sorpresa polo aniversario do seu compañeiro, Julien. Mentres organiza a celebración, van agromando fragmentos da súa memoria, lembranzas e cancións que revelan a súa paixón pola música. Entre o humor, a tenrura e a emoción, este espectáculo explora a fraxilidade da memoria e a forza dos vínculos afectivos, e convida a vivir intensamente o presente.

Teatro Frenesí fundouse en Neuchâtel en 2006 co obxectivo de producir espectáculos nos que o teatro, a música e o humor estean intimamente ligados. As súas creacións abordan temas como o amor, a desesperación, a alegría, a morte, a paixón, a resiliencia e o valor das palabras. Concibidas con gran liberdade creativa, sitúan no centro o respecto, o diálogo e as relacións humanas.

MÚSICA DE CINE. O PODER DUNHA BANDA SONORA

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
Casiano Mouriño, director
Paula Cereixo, actriz e comunicadora

DOMINGO 8, 12.00 | AUDITORIO DE GALICIA

Acceso: entrada de balde previa retirada de convites en compostelacultura.gal ou na Zona C

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES



A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela súmase á 40ª edición de Cineuropa cun concerto dedicado ao poder evocador das bandas sonoras e á súa capacidade para emocionar, construír atmosferas e transformar as imaxes en experiencias inesquecibles.

Baixo a dirección de Casiano Mouriño e coa participación da actriz e comunicadora Paula Cereixo, o programa propón unha viaxe pola historia do cinema a través da música de Charles Chaplin e das composicións de Nino Rota, Ennio Morricone e John Williams.

Desde a maxia de ***Harry Potter*** ata a emoción de ***Cinema Paradiso*** ou ***A misión***, o concerto percorre algunhas das melodías máis recoñecibles da gran pantalla e celebra a estreita relación entre música e cinema.

MEMORIAS REVELADAS: OS ARQUIVOS FÍLMICOS E A CONSTRUCIÓN DA HISTORIA

Mesa redonda

DOMINGO 8, 16.30 | ZONA C

Participan:
Amina Ferley, programadora, produtora e arquivista no Arsenal Filminstitut de Berlín
Klára Trsková, cineasta e investigadora ligada ao Národní filmový archiv
(Arquivo Nacional de Cinema da República Checa) en Praga
Jaime Pena, crítico de cinema, docente e director da Filmoteca de Galicia
Frédéric Maire, exdirector da Cinemateca Suíza e vicepresidente da Fundación Jean-Luc Godard

Acceso: entrada libre ata completar a capacidade



Os arquivos fílmicos desempeñan un papel fundamental na construción e preservación da memoria histórica. Esta mesa redonda reúne profesionais de destacadas institucións cinematográficas para compartir experiencias arredor da preservación, investigación e difusión do patrimonio audiovisual, así como para debater sobre a responsabilidade dos arquivos na transmisión da memoria colectiva e na xeración de novas lecturas da historia.

A través de exemplos de películas recuperadas, materiais inéditos e achados documentais que emerxen dos arquivos audiovisuais, o encontro explora o cinema como ferramenta privilexiada para revisar o pasado, cuestionar os relatos oficiais e recuperar voces, experiencias e acontecementos esquecidos ou relegados.

PROXECCIÓN ESPECIAL E COLOQUIO CON AMINA FERLEY

LUNS 9, 20.00 | NUMAX

Amina Ferley é investigadora e arquivista no Arsenal Filminstitut de Berlín

Acceso: entrada de balde previa retirada de convites en cineuropa.gal e ZONA C

BOLIVIA: EL TIEMPO DE LOS GENERALES

Cinema del Terzo Mondo (Colectivo C3M)

Documental político que denuncia o golpe de Estado militar de 1971 en Bolivia, encabezado por Hugo Banzer, que derrocou o Goberno do xeneral Juan José Torres. O filme combina imaxes orixinais e material de arquivo para reconstruír os acontecementos a través de manifestacións e mobilizacións populares, enfrontamentos, discursos políticos e testemuños de membros do Goberno derrocado que se atopaban no exilio. Incorpora tamén fragmentos de películas de ficción e documentais anteriores para articular unha crítica ao imperialismo e á intervención estranxeira na política latinoamericana.

Cinema del Terzo Mondo é un colectivo de cinema militante integrado por Jorge Denti, Jorge Giannoni, Manuela Generali e Beppe Scavuzzo que, entre 1970 e 1972, desenvolveu unha práctica cinematográfica transnacional baseada na solidariedade antiimperialista. Durante este período realizou dous filmes, ***Palestina, otro Vietnam*** (1971) e ***Bolivia: el tiempo de los generales*** (1972), producidos en Roma por San Diego Cinematográfica, de Renzo Rossellini. Ambas as dúas obras circularon principalmente á marxe dos circuítos cinematográficos convencionais e permaneceron durante décadas escasamente estudadas, con poucas proxeccións e unha documentación histórica fragmentaria.

Italia / 48 min / Castelán
Participan:
Jorge Denti, Jorge Giannoni, Manuela Generali, Beppe Scavuzzo
Ficha técnica:
Guión, fotografía e edición:
Jorge Denti, Jorge Giannoni, Manuela Generali, Beppe Scavuzzo
Produción:
Danilo Trelles

OBRADOIRO DE INVESTIGACIÓN EN ARQUIVOS CINEMATOGRÁFICOS

Con Klára Trsková

LUNS 9, 11.00 | ZONA C
MARTES 10, 11.00 | ZONA C

Acceso: inscrición de balde en cineuropa.gal ata o domingo 8 de novembro
Duración: 3 h
Idioma: galego

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES



A investigación arquivística é unha ferramenta fundamental para comprender a historia do cinema e os procesos que condicionan a produción audiovisual. Este obradoiro ofrece unha aproximación ás metodoloxías de investigación en arquivos cinematográficos, tanto para o desenvolvemento de proxectos de investigación como para o uso de materiais de arquivo na creación audiovisual.

A través da análise de películas en distintos formatos (8 mm, 16 mm e 35 mm), fotografías, guións, expedientes de produción, informes de censura e correspondencia institucional, as persoas participantes descubrirán as posibilidades dos arquivos como fontes de coñecemento e creación.

A actividade está dirixida a estudantes de cinema, audiovisual, historia, estudos culturais e comunicación, así como ao público xeral. Non se requiren coñecementos previos.

Klára Trsková é cineasta, tradutora e investigadora ligada ao Národní filmový archiv (Arquivo Nacional de Cinema da República Checa) en Praga. É especialista en estudos fílmicos e lusitanística, disciplinas que estudou na Facultade de Letras da Universidade Carolina de Praga, onde tamén cursou estudos de cinema na FAMU. A súa investigación céntrase no cinema lusófono e nas cuestións poscoloniais.

AS NENAS ESCRIBIMOS DIARIOS: CLUB DE DIARISTAS CON XIANA DO TEIXEIRO

SÁBADO 14, 11.30 | AUDITORIO DE GALICIA | SALA DE EXPOSICIÓNS

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES



A cineasta e artista Xiana do Teixeiro participa na 40ª edición de Cineuropa coa proxección de *Crías* (2026), un documental que recupera os diarios de adolescencia de centos de mulleres e reivindica o valor desta escrita íntima e historicamente marxinada. Ao mesmo tempo, o proceso de investigación que deu lugar á película faise visible na mostra *Facer aparecer. Ensaios colectivos dun nosoutras*, que se pode visitar na sala de exposicións do Auditorio de Galicia ata o mes de febreiro.

Este diálogo entre o cinema e a proposta expositiva prolongarase en *As nenas escribimos diarios*, un club de diaristas que comeza tras a proxección do filme no festival. O sábado 14 de novembro terá lugar o primeiro dunha serie de encontros nos que Xiana do Teixeiro convida as mulleres interesadas a ler, a conversar e mesmo a volver escribir a partir do que espertan os diarios de adolescencia, tanto os propios como os doutras participantes. Os encontros continuarán o 12 de decembro de 2026 e o 16 de xaneiro e o 6 de febreiro do 2027, sempre coa presenza da cineasta. Para participar, abonda con inscribirse a través do formulario dispoñible na web de Cineuropa.

Xiana do Teixeiro é cineasta, produtora e investigadora. Nos seus proxectos documentais e de cinema-ensaio, adopta unha perspectiva ecofeminista e biofílica. A súa obra concibe o cinema como unha práctica comprometida co coidado en todas as súas dimensións: desde a relación coas realidades que investiga e o benestar das persoas que participan nas filmacións ata a organización dos procesos de produción e os xeitos de distribución e circulación das películas. É cofundadora, xunto con Emilio Fonseca, de Walkie Talkie Films e de Animalia.

PALABRAS NOS PETOS

Un espectáculo participa(c)tivo, musical e todoterreo!

Teresa Larraga

SÁBADO 14, 12.30
AUDITORIO DE GALICIA

45 min | Castelán | 4-10 anos
Entrada de balde previa retirada de convites en compostelacultura.gal ou na Zona C

Adaptación, dirección e interpretación: Teresa Larraga
Cómplice artística: Joane Reymond
Supervisión dos textos: Antoine Jaccoud
Escenografía: Nicole Grédy
Vestiario: Olivier Falconnier
Tradución: Nicole Bieri
Cartel: Noyau
Produción, distribución e administración:
Teatro Frenesí e Ginevra della Casa Reymond
Colaboración: Natacha Kmarin e Carole Buschmann

fundación suiza para la cultura
prohelvetia

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES



Esopinetta, gardiá e agasalladora de palabras, tenta devolverlle a voz a Motus, un neno que, afundido nunha profunda tristeza, decidiu deixar de falar. Para interpretalo, convida un neno ou unha nena do público a subir ao escenario e participar na representación, facendo de cada función unha experiencia única.

Teresa Larraga é actriz, cantante, pallasa e directora teatral. Formouse en teatro, danza e música na Escola de Teatro Dimitri e especializouse tamén en canto lírico como mezzosoprano. En 2007 fundou a compañía Teatro Frenesí, coa que desenvolve unha traxectoria multidisciplinar que combina creación escénica, música e clown. Trilingüe en español, italiano e francés, leva máis de 25 anos explorando as posibilidades da linguaxe e da comunicación.

DA MARXE AO CENTRO: PODER E CREACIÓN EN FEMININO

Xornadas formativas · AGAPI

MARTES 17, 10.00 | ZONA C


Acceso: inscricións en cineuropa.gal antes do luns 16 de novembro

AGAPI
ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUTORAS INDEPENDENTES

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES



Anxos Fazáns
© Sabela Eiriz



Jaione Camborda
© Pablo Barreiro



Marina García



Uxía Caride

A Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) propón un encontro arredor do papel das mulleres na dirección e na produción audiovisual galega. Un espazo para reflexionar sobre o liderado feminino no cinema, a autonomía creativa e os desafíos que aínda persisten en materia de igualdade, financiamento e acceso aos recursos.

A conversa reunirá as cineastas e produtoras **Anxos Fazáns** (Sétima) e **Jaione Camborda** (Esnatu Zinema), xunto coa produtora **Marina García** (Sintagma Films). Moderado por **Uxía Caride**, xerente de AGAPI, o diálogo abordará as experiencias, os retos e as oportunidades de exercer o poder creativo e empresarial no audiovisual galego.

40 ANOS DE CINEUROPA: MEMORIA DUN FESTIVAL, HISTORIA DUN CINEMA

Mesa redonda

XOVES 19, 12.00 | ZONA C

José Luis Losa, director de Cineuropa
Martin Pawley, xornalista
Iñaki Quenerapú, deseñador
Carmen Villar, xornalista
Alejandra Trelles, programadora

Entrada libre ata completar a capacidade

CINEUROPA 40 · ACTIVIDADES

Esta mesa de diálogo propón un percorrido pola traxectoria de Cineuropa e polo seu papel como espazo de referencia para a difusión, o descubrimento e a reflexión cinematográfica en España. As visitas e os encontros que marcaron a súa identidade, os momentos clave da súa evolución e as numerosas figuras do cinema internacional recoñecidas co Premio Cineuropa servirán de fío condutor para repasar estas catro décadas de historia e reflexionar sobre os cambios nas formas de producir, ver e pensar o cinema.

Máis alá da celebración retrospectiva, o encontro será tamén unha oportunidade para mirar cara ao futuro do cinema e reflexionar sobre o papel dos festivais na circulación das obras e na formación de novos públicos, a partir da experiencia acumulada por Cineuropa ao longo destes 40 anos.





REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TIMOTHY BROCK, DIRECTOR

XOVES 19, 20.00 | AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 20, 20.00 | AUDITORIO DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia participa un ano máis en Cineuropa para acompañar con música en directo a proxección do filme ***O maquinista da Xeneral*** (1926), a obra mestra de Buster Keaton e Clyde Bruckman. Baixo a dirección de Timothy Brock, a orquestra interpretará a partitura que o compositor creou en 2005 para a película, inspirada na música e nos estilos interpretativos dos anos vinte. A partir de materiais musicais históricos, entre eles himnos, foxtrots e valses, Brock recrea o universo sonoro da época e acompaña o humor, a tensión e as espectaculares persecucións ferroviarias dun dos grandes clásicos do cinema mudo.



THE GENERAL / O MAQUINISTA DA XENERAL (1926)
Clyde Bruckman e Buster Keaton

Estados Unidos / 78 min / Cinema mudo

Ficha artística:
Buster Keaton, Marion Mack, Glen Cavender, Jim Farley, Frederick Vroom, Charles Henry Smith, Frank Barnes

Ficha técnica:
· Guión: Buster Keaton e Clyde Bruckman
· Fotografía: Bert Haines e Devereaux Jennings
· Música: Timothy Brock (2005)
· Edición: Buster Keaton e Sherman Kell
· Produción: Joseph M. Schenck e Buster Keaton

Sinopse:
Durante a Guerra de Secesión estadounidense, Johnnie Gray, un maquinista rexeitado polo exército confederado, ve como un comando unionista rouba a súa locomotora, a Xeneral, na que viaxa tamén a súa amada Annabelle Lee. Decidido a recuperalas, emprende unha persecución a través das liñas inimigas que o levará a enfrontar toda clase de perigos e situacións imprevistas.

PELÍCULAS ORDENADAS ALFABETICAMENTE

A HATFUL OF RAIN / UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA
PÁX. 148

A MARGEM DO RIO
PÁX. 42

A WORLD APART / UN MUNDO Á PARTE
PÁX. 114

ADIÓS, RÍOS
PÁX. 42, 76

AI NO MUKIDASHI / LOVE EXPOSURE / AMOR EXPOSTO
PÁX. 114

ALÉN DOS SILENCIOS
PÁX. 76

AMEN. / AMÉN.
PÁX. 115

AN ANGEL AT MY TABLE / UN ANXO NA MIÑA MESA
PÁX. 115

AQUELE QUERIDO MÊS DE AGOSTO
PÁX. 116

AQUELLA CASA EN LAS AFUERAS
PÁX. 109

AQUÍ
PÁX. 50

AS AUGAS
PÁX. 39, 77

AS BOAS MANEIRAS
PÁX. 116

AS VITRINES
PÁX. 64

AUTUMN LEAVES / FOLLAS DE OUTONO
PÁX. 156

BABETTES GÆSTEBUD / BABETTE'S FEAST / O FESTÍN DE BABETTE
PÁX. 117

BAD LIEUTENANT / TENENTE CORRUPTO
PÁX. 117

BAR BOO
PÁX. 77

BATALLA EN EL CIELO
PÁX. 118

BIAN JING / BORDER
PÁX. 43

BIOGRAFÍA DE JORGE LUIS BORGES
PÁX. 64

BOLIVIA: EL TIEMPO DE LOS GENERALES
PÁX. 170-171

BOSQUE ARRIBA EN LA MONTAÑA
PÁX. 43

BUTTERFLY JAM
PÁX. 50

CAMIONERO
PÁX. 70

CHRONOVISOR
PÁX. 44

CONVERSATION WITH THE DEAD
PÁX. 78, 102

COWARD
PÁX. 51

CRÍAS
PÁX. 78

DANS MA PEAU / IN MY SKIN / NA MIÑA PEL
PÁX. 118

DAS LEBEN DER ANDEREN / THE LIVES OF OTHERS / A VIDA DOS OUTROS
PÁX. 119

DER HIMMEL ÜBER BERLIN / WINGS OF DESIRE / O CEO SOBRE BERLÍN
PÁX. 119

DIARIO DE UN INFILTRADO
PÁX. 70

DIE GÄSTE / THE GUESTS / OS INVITADOS
PÁX. 79

DIRTY PRETTY THINGS / NEGOCIOS OCULTOS
PÁX. 120

DISTANT VOICES, STILL LIVES / VOCES DISTANTES
PÁX. 120

DOLLY
PÁX. 110

DROWNING BY NUMBERS / CONSPIRACIÓN DE MUJERES
PÁX. 121

EDGAR NEVILLE. EL ESPAÑOL QUE VINO DE HOLLYWOOD
PÁX. 71

EL FANTASMA
PÁX. 44

EL JUEGO DEL DIABLO
PÁX. 111

EL MILAGRO
PÁX. 79

EL MUERTO Y SER FELIZ
PÁX. 121

ENTER THE VOID / ENTRAR NO BALEIRO
PÁX. 122

EVERYBODY DIGS BILL EVANS / TODO O MUNDO QUERE A BILL EVANS
PÁX. 65

FATHERLAND
PÁX. 51

FIUME O MORTE!
PÁX. 71

FJORD
PÁX. 52

FLUSH
PÁX. 102, 108

FORQUÉ. EL OFICIO DE HACER CINE
PÁX. 72

GIOIA MIA / SWEETHEART
PÁX. 160

HADEWIJCH
PÁX. 122

HAPPINESS
PÁX. 123

HAWAII / HAWAI
PÁX. 150

HIDDEN AGENDA / AXENDA OCULTA
PÁX. 123

HOPE AND GLORY / ESPERANZA E GLORIA
PÁX. 124

HOXE E O RESTO DO MUNDO
PÁX. 72, 80

HUO ZHE / TO LIVE / VIVIR!
PÁX. 124

IDI I SMOTRI / COME AND SEE / MASACRE (VÉN E MIRA)
PÁX. 125

IL DIVO
PÁX. 125

IO E TE / ME AND YOU / TI E EU
PÁX. 126

JOSEPHINE
PÁX. 65

JUPITER
PÁX. 45

JUSTA
PÁX. 52

JUVENTUDE EM MARCHA
PÁX. 126

KARMA
PÁX. 53

KISS ME, STUPID / BÍCAME, PARVO
PÁX. 151

KRÓTKI FILM O MIŁOŚCI / A SHORT FILM ABOUT LOVE / NON AMARÁS
PÁX. 127

KVINDE UKENDT / WOMAN UNKNOWN
PÁX. 53

L'ENFER / HELL / O INFERNO
PÁX. 127

LA BELLE NOISEUSE / THE BEAUTIFUL TROUBLEMAKER / A FERMOSA MENTIREIRA
PÁX. 128

LA CIÉNAGA
PÁX. 128

LA REINE MARGOT / QUEEN MARGOT / A RAÍÑA MARGOT
PÁX. 129

LA TERRA NEGRA / A TERRA NEGRA
PÁX. 98

LE HUSSARD SUR LE TOIT / THE HORSEMAN ON THE ROOF / O HÚSAR NO TELLADO
PÁX. 129

LEJOS DE LOS ÁRBOLES
PÁX. 54

LES VOLEURS / THIEVES / OS LADRÓNS
PÁX. 130

L'ESTRANEA / THE SPIRAL
PÁX. 54, 108

LODEIRO
PÁX. 80

LOS DÍAS LIBRES
PÁX. 45

MARKENS GRØDE / GROWTH OF THE SOIL / A BEIZÓN DA TERRA
PÁX. 55

MARNIE / MARNIE, A LADROA
PÁX. 154

MELANCHOLIA / MELANCOLÍA
PÁX. 130

MINOTAUR / MINOTAURO
PÁX. 55

MONSTRO
PÁX. 81, 103

MORAGHEB / FALLING HOUSE
PÁX. 66

MORRER COMO UN HOMEM
PÁX. 131

MOULIN
PÁX. 56

NAGI DAIARÏ / NAGI NOTES
PÁX. 66

NINA ROZA
PÁX. 38, 67

NORTH BY NORTHWEST / COA MORTE NOS TALÓNS
PÁX. 148

NOSSO SEGREDO
PÁX. 46

NOTRE SALUT / A MAN OF HIS TIME / UN HOME DO NOSO TEMPO
PÁX. 56

O SONHO DA RAZOM
PÁX. 81

ÔDISHON / AUDITION / AUDICIÓN
PÁX. 131

ONCE WERE WARRIORS / GUERREIROS DE ANTANO
PÁX. 132

ORLANDO
PÁX. 132

PACIFIC HEIGHTS / DE SÚPETO, UN ESTRAÑO
PÁX. 155

PARA VIVIR. EL IMPLACABLE TIEMPO DE PABLO MILANÉS
PÁX. 73

PHOENIX
PÁX. 133

PICNIC
PÁX. 152

PRISCILIANO E A GALLAECIA
PÁX. 82

PSYCHO / PSICOSE
PÁX. 155

QUAN UN RIU ESDEVÉ EL MAR / CANDO UN RÍO SE CONVERTE EN MAR
PÁX. 57

RIBADAFONTE
PÁX. 82

RED ROAD
PÁX. 133

ROSE
PÁX. 57

SANGUE DEL MIO SANGUE / BLOOD OF MY BLOOD / SANGUE DO MEU SANGUE
PÁX. 134

SARI ZARFLAR / YELLOW LETTERS / CARTAS DE ESTADO
PÁX. 58

SEIS MESES EN EL EDIFICIO ROSA CON AZUL
PÁX. 46

SID & NANCY / SID E NANCY
PÁX. 134

SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE
PÁX. 153

SOUDAIN / ALL OF A SUDDEN / DE SÚPETO
PÁX. 58

SOUS LE SABLE / UNDER THE SAND / BAIXO A AREA
PÁX. 135

SPLENDOR
PÁX. 135

SPOORLOOS / THE VANISHING / DESAPARECIDA
PÁX. 136

STAATSSCHUTZ / PROSECUTION
PÁX. 47

SUCCEDERÀ QUESTA NOTTE / IT WILL HAPPEN TONIGHT / SUCEDERÁ ESTA NOITE
PÁX. 59

SURVEILLANCE
PÁX. 136

TEENAGE SEX AND DEATH AT CAMP MIASMA / ADOLESCENCIA, SEXO E MORTE NO CAMPAMENTO MIASMA
PÁX. 67, 103

TENDER LOVING CARE
PÁX. 59

THE BABY OF MÂCON / O NENO DE MÂCON
PÁX. 137

THE BELLY OF AN ARCHITECT / O VENTRE DUN ARQUITECTO
PÁX. 137

THE BIRDS / OS PAXAROS
PÁX. 154

THE CHILDREN'S HOUR / A CALUMNIA
PÁX. 153

THE COOK, THE THIEF, HIS WIFE & HER LOVER / O COCIÑEIRO, O LADRÓN, A SÚA MULLER E O SEU AMANTE
PÁX. 138

THE CYCLE
PÁX. 104, 109

THE GENERAL / O MAQUINISTA DA XENERAL
PÁX. 182-183

THE LONELIEST MAN IN TOWN
PÁX. 60

THE MAN WHO SHOT LIBERTY VALANCE / O HOME QUE MATOU A LIBERTY VALANCE
PÁX. 157

THE REFLECTING SKIN / A PEL QUE BRILLA
PÁX. 138

THE STALKING MOON / A NOITE DOS XIGANTES
PÁX. 149

THE SWEET HEREAFTER / O DOCE PORVIR
PÁX. 139

THE TROUBLE WITH HARRY / PERO... QUEN MATOU A HARRY?
PÁX. 152

THE WRONG MAN / FALSO CULPABLE
PÁX. 156

TIDELAND
PÁX. 139

TITANIC OCEAN
PÁX. 47

TO SLEEP WITH ANGER / NUNCA TE DEITES ENFADADO
PÁX. 140

TODO ES CÁRCEL
PÁX. 83

TODO PODE ESPERAR
PÁX. 83

TORN CURTAIN / CORTINA ESGAZADA
PÁX. 149

TRALOVENTO
PÁX. 84

TRAS EL CRISTAL
PÁX. 140

TROLÖSA / FAITHLESS / INFIEL
PÁX. 141

TRUE ROMANCE / AMOR A QUEIMARROUPA
PÁX. 141

UN BON PETIT SOLDAT / A GOOD LITTLE SOLDIER
PÁX. 60

UNDERGROUND
PÁX. 142

UNE FEMME AUJOURD'HUI / A WOMAN TODAY
PÁX. 99

UTOMLENNYE SOLNTSEM / BURNT BY THE SUN / QUEIMADO POLO SOL
PÁX. 142

VERTIGO / VERTIXE
PÁX. 151

VICTOR/VICTORIA / VÍCTOR OU VICTORIA?
PÁX. 150

WHITE MATERIAL / UNHA MULLER EN ÁFRICA
PÁX. 143

WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU
PÁX. 143



INFO PRÁCTICA

SEDES CINEUROPA 40



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
T. 981 552 290
compostelacultura.gal



TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
T. 981 542 349 (despacho de billetes)
T. 981 542 461 (oficinas)
compostelacultura.gal

CINEUROPA 40 · INFO PRÁCTICA



SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
T. 881 867 229
centrodramatico.xunta.gal



CINEMA NUMAX

Rúa Concepción Arenal, 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
T. 981 560 250
numax.org



ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
T. 981 542 462
compostelacultura.gal

ENTRADAS CINEUROPA 40

PREZOS

Bono 10 películas: 30 euros

Catálogo: 2 euros

PROXECCIÓNS

4 euros

· Cineastas do Presente
· Sección Oficial Europea
· Panorama Internacional
· Docs Cineuropa
· Cineuropa Miúda
· Película sorpresa

*Agás a proxección de *Nina Roza* na sesión de inauguración, que é de balde previa retirada de convites, e as de *Adiós Ríos* e *Hoxe e o resto do mundo,* que forman parte da sección Panorama Audiovisual Galego

6 euros

Maratón Cineuropa

As proxeccións do maratón non están incluídas no bono

Entrada de balde previa retirada de convite

· Proxeccións das entregas de Premios Cineuropa
· Proxeccións das cerimonias de inauguración e clausura
· Panorama Audiovisual Galego
· As inmortais de Hitchcock
· 40 anos Cineuropa

ACTIVIDADES PARALELAS

Entrada libre ata completar a capacidade

· Mesa redonda «Memorias reveladas: os arquivos fílmicos e a construción da historia». Con Amina Ferley, Klára Trsková, Jaime Pena e Frédéric Maire
· Mesa redonda «40 anos de Cineuropa: memoria dun festival, historia dun cine». Con José Luis Losa, Martin Pawley, Iñaki Quenerapú, Carmen Villar e Alejandra Trelles

De balde previa retirada de convites

·Espectáculo musical *Aquí e acolá*, de Teatro Frenesí
·Concerto da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. *Música de cine. O poder dunha banda sonora*
·Proxección especial do filme *Bolivia, el tiempo de los generales* e coloquio con Amina Ferley
·*Palabras nos petos,* espectáculo participa(c)tivo, musical

De balde con inscrición

·Obradoiro de investigación en arquivos cinematográficos con de Klára Trsková
·As nenas escribimos diarios: club de diaristas con Xiana do Teixeiro arredor do proceso de investigación do filme *Crías*
·Xornadas formativas AGAPI «Da marxe ao centro: poder e creación en feminino», con Anxos Fazáns, Jaione Camborda e Marina García. Modera: Uxía Caride

Entradas á venda

·*O maquinista da Xeneral.* Proxección con música en directo da Real Filharmonía de Galicia. Entrada xeral: 20 euros.

VENDA DE ENTRADAS E RETIRADA DE CONVITES

Para as proxeccións de todas as salas:

· compostelacultura.gal
· ZONA C. Punto de Información Cultural (Praza de Cervantes): de martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h.
· TEATRO PRINCIPAL: de 15.00 h ata a hora de inicio do último filme no Teatro Principal ou no Salón Teatro.

En cada sala, para as proxeccións dese espazo:

· NUMAX: de luns a sábado (excepto martes) de 10.30 a 14.00 h e de 16.00 a 20.30 h e os martes só de 16.00 a 20.30 h. Os domingos e calquera outro día fóra deste horario, abrirase o despacho de billetes 10 minutos antes do inicio da sesión. Neste despacho de billetes só se poderá pagar en efectivo
· AUDITORIO DE GALICIA: dende media hora antes do inicio de cada sesión

ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO A POSIBLES CAMBIOS. PRÉGASE CONSULTAR A CARTELEIRA ACTUALIZADA EN CINEUROPA.GAL

VENDA DE BONOS

· **compostelacultura.gal**
· **Zona C · Punto de Información Cultural**
· **Despacho de billetes do Teatro Principal**

Para a adquisición de entradas e bonos recomendamos o uso preferente da páxina web **compostelacultura.gal**

compostelacultura.gal

compostelacultura
CompostelaCultura
CCultura
CompostelaCulturaTV

cineuropa.gal

cineuropa.gal
cineuropa.gal
cineuropa.gal

EQUIPO CINEUROPA 40

ALCALDESA DE SANTIAGO
Goretti Sanmartín Rei

CONCELLEIRA DE CAPITAL CULTURAL, TURISMO, EDUCACIÓN E MEMORIA HISTÓRICA
Míriam Louzao Fernández

DIRECTOR
José Luis Losa

PRODUCIÓN
Adriana Páramo Pérez
Javier González Sobrado

COORDINACIÓN DE PROGRAMACIÓN
Alejandra Trelles

EQUIPO DE PROGRAMACIÓN
José Luis Losa

Alejandra Trelles
Jacinta Rivera

EQUIPO DE COMUNICACIÓN
Silvia Roca
Sandra Carnota
Javier Blanco
Javier González Sobrado

CONVIDADOS
Adriana Páramo
Antonin Buhon

DESEÑO GRÁFICO E WEB
Costa.io

VÍDEOS PROMOCIONAIS
Pilar Vázquez

CATÁLOGO
Chus Busto
Sandra Carnota
Beatriz Pérez
Silvia Roca

PRODUCIÓN COMERCIAL
Adriana Páramo

LOXÍSTICA INTERNACIONAL
María José S. Vega

TRADUCIÓNS E INTERPRETACIÓNS
Cinemateca Uruguaya
Itziar Burruel
Ana Gontad

TRÁFICO DE PELÍCULAS
Javier González Sobrado

COORDINACIÓN PERSOAS CONVIDADAS
Adriana Páramo

RESPONSABLES DE SALAS
Francisco Javier Núñez (Salón Teatro)
Xan Gómez Viñas (NUMAX)

VÍDEOS PREMIOS CINEUROPA
Sergio Santacreu
Agustín C. Touriño

PROXECCIONISTAS
Miraxe Soc. Coop. Galega
NUMAX

LOXÍSTICA INTERNACIONAL
María José Santacreu

ATENCIÓN AO PÚBLICO
Atlantic Ponte 2000

ESTUDANTADO EN FORMACIÓN USC
Nicole Karina Espinoza Trujillo
Diana García Goncalves
Lucas Pérez Pazos
Beatriz Real Blanco
Carolina Rey Porral
Daniela Rodríguez López
Isabel Toirán Freire
Ana Trabazo Torres

AUDITORIO DE GALICIA
Xaquín López, director-xerente
GABINETE TÉCNICO
David Areán
Chus Busto
Carlos Millán
Silvia Modia
Ángeles Otero
Ana Parga
Ángela Pereira
Silvia Roca

TEATRO PRINCIPAL
GABINETE TÉCNICO
Xesús Amado
Montse Cillero

AGRADECEMENTOS
Ana Domínguez
Ana Gontad
Ángel Quintana
Aurore Pinon
Bruno Touriño
Celsa F. San Narciso
Enrique Costa
Felipe Lage
Flávia Castro
Frédéric Maire
Isabel Blanco
Ismael Romarís
Jaime Varela
Javier Rebollo
José Manuel Sande
Joan Sala
José Antonio Liñares
Juan Manuel Chaves
Klara Trskóva
Lucía Solla Sobral
Lucía Vilela
Martín Pawley
Miguel Herberg
Nancy Pérez Rey
Samuel León
Teresa Larraga
Walter García
Xan Gómez
Yolanda Eiroa

INSTITUCIÓNS E ENTIDADES COLABORADORAS
Instituto Camões
Albariño Paco & Lola
Cafés Candelas
Cafetería Paradiso
Charcutería Hernández
Finsa
Galirent
Galuriña
GulaGalega
Hotel Costa Vella
Libraría Couceiro
Mariñeiras DaVeiga
Pousadas de Compostela
Queixos Airas Moniz
Restaurante Anaco
Restaurante Chichalovers
Restaurante Coffee Mori-Rhin
Restaurante Mesón 42
Restaurante O Dezaseis
Restaurante O Tamboril
Restaurante Raiz
Salón Teatro · AGADIC · Xunta de Galicia
SEPIU · USC





CINEUROPA

Compostela Cultura

CONCELLO DE SANTIAGO

CONSORCIO DE SANTIAGO

Deputación DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

CAMÕES CENTRO CULTURAL PORTUGUÊS PORTUGAL
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Finsa · Airas Moniz · ANACO. · Costa Vella Hotel Union · Paco & Lola · Gala Hotel Gourmet · Mesón 42 · A Taberna da Veiga · Galirost · Mosteiro de Caaveiro · Mozi · Candelas · Peregrino Compostela · Raiz · Mesón Gallego · Galicia

cineuropa.gal